Miño Ulla
Asociación Miño Ulla / GDR05
Edificio Multiusos do Concello - 3º andar
Trav. Praza de Galicia. 27500 Chantada (Lugo)
Tfno.: 982 46 21 97
e-mail: asociaciongdr05@gmail.com

LEADER

GDR05

MANUAL DE PROCEDEMENTO

MEDIDA 19 (LEADER)

DO PDR DE GALICIA 2014-2020

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

Miño Ulla
Asociación Miño Ulla / GDR05
Edificio Multiusos do Concello - 3º andar
Trav. Praza de Galicia. 27500 Chantada (Lugo)
Tfno.: 982 46 21 97
e-mail: asociaciongdr05@gmail.com

MANUAL DE PROCEDEMENTO GDR05

Medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020

Índice de contidos

Resumo e ficha de síntese 2

Réxime normativo 6

Beneficiarios 9

Unidades xestoras: funcións e competencias 16

Fases do procedemento de tramitación 25

- P1. Selección de Estratexias de Desenvolvemento Local e de Grupos de Desenvolvemento Rural 25

- P2. Convocatoria de axudas Leader 30

- P3. Presentación de solicitudes de axuda 34

- P4. Acta de Non Inicio 39

- P5. Revisión de documentación, análise e baremación do expediente 41

- P6. Emisión do Informe de Control de Elixibilidade (ICE) e do Informe Técnico de Viabilidade (ITV) 68

- P7. Validación do ICE e do ITV 72

- P8. Selección e proposta de resolución de axudas 74

- P9. Informe proposta de Resolución e documento contable (Proposta de Adxudicación) 77

- P10. Resolución de Axuda e Notificación ao interesado 79

- P11. Modificación da Resolución de Concesión 84

- P12. Tramitación de Anticipos 87

- P13. Solicitudes de Pago. Análise e control da xustificación dos investimentos 88

- P14. Visita de Control 104

- P15. Informe de Proposta de Pagamento e documento contable PP 106

- P16. Autorización Área Xurídica 107

- P17. Autorización e Contabilización Área Económica-Financeira 107

- P18. Resolución de Pagamento 108

- P19. Controis sobre o terreo 108

- P20. Controis a posteriori 113

Relación de documentos de tramitación (anexos) 115

Informática 117

Réxime do manual de procedemento 118

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

Resumo e ficha de síntese

MEDIDA	CÓDIGO	DEFINICIÓN	
Medida	**19**	**Leader**	
Submedidas	19.1	Apoio á preparación de estratexias de desenvolvemento local	
	19.2	Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local	
	19.3	Cooperación	
	19.4	Custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e animación e promoción territorial	
Orzamento global	Importe (total)		
	84.000.000,00 €		
Financiamento	FEADER	MAPAM	XUNTA
	75,00%	2,50%	22,50%

Contexto

O Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola do Desenvolvemento Rural (FEADER), fixa os obxectivos aos que debe contribuír a política de desenvolvemento rural e as correspondentes prioridades da Unión Europea en materia de desenvolvemento rural.

A programación para Leader correspondente ao período 2014-2020 réxese polo disposto nos artigos do 32 ao 35 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre disposicións comúns referidas aos fondos FEADER, FEDER, Fondo de Cohesión, FSE e FEMP (Fondos EIE) e polo disposto nos artigos do 42 ao 44 do citado Regulamento (UE) 1305/2013 que regula o desenvolvemento local participativo (DLP) a través dos grupos Leader de desenvolvemento rural (en diante, GDR).

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado mediante a Decisión de Execución da Comisión Europea, do 18 de novembro de 2015 (CCI: 2014ES06RDRP011), prevé con respecto á medida 19 (LEADER) a tramitación de subvencións a través das estratexias de desenvolvemento local, elaboradas polos grupos de desenvolvemento rural (GDR).

No marco da citada medida 19 (Leader), o PDR prevé unha dotación financeira máxima de 84 millóns de euros, cofinanciados polo fondo FEADER nun 75,00%, pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia nun 22,50% e pola Administración Xeral do Estado nun 2,50%. Esta medida 19 (Leader) prevé, así mesmo, a posta en marcha das seguintes submedidas:

- Submedida 19.1: apoio á preparación de estratexias de desenvolvemento local.
- Submedida 19.2: apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local.
- Submedida 19.3: cooperación.
- Submedida 19.4: custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e animación e promoción territorial.

Neste contexto, a Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en diante a AGADER), mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016, publica o Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección (DOG nº 42, do 2 de marzo de 2016).

Ao abeiro das bases reguladoras citadas no parágrafo anterior, o Consello de Dirección da AGADER do 16 de novembro de 2016 acordou a selección de 24 estratexias de desenvolvemento local presentadas por outras tantas asociacións que obtiveron o recoñecemento de GDR como entidades colaboradoras da AGADER na xestión da medida Leader.

A axuda para a preparación de estratexias (submedida 19.1) xa foi concedida ás entidades que foron seleccionadas como GDR mediante o Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 16 de novembro de 2016, xa citado anteriormente (polo tanto, o GDR05 Asociación Miño Ulla contou con ela).

Para a xestión da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) está prevista a publicación de convocatorias anuais ou bianuais de axudas, que se rexerán polo disposto nas bases reguladoras ou réxime de axudas publicadas no DOG o pasado 18 de xaneiro de 2017 (DOG nº 12).

Polo que respecta á submedida 19.4 (custes correntes da estratexia e animación e promoción territorial) ós GDR correspóndelles, como beneficiarios, unha axuda máxima do 25% do gasto público total en que se incorra no marco da estratexia de desenvolvemento local. Por esta razón, os fondos da submedida 19.4 non serán obxecto de convocatoria.

A relación xurídica entre a AGADER e os GDR regúlase, conforme ao previsto no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG), mediante o Convenio de colaboración que o Consello da Xunta autorizou o 5 de agosto de 2016. Nese convenio establécense as funcións do GDR como entidade colaboradora na xestión da medida Leader, entre as que están a tramitación dos expedientes desde que os promotores presenten as solicitudes de axuda diante do GDR ata que lle propoña a AGADER a decisión sobre a selección de proxectos que deben subvencionarse, así como as de control e seguimento da execución de proxectos subvencionados.

Os convenios de colaboración entre a AGADER e os GDR, asinados o 13 de decembro de 2016, recollen, na súa cláusula 10ª, a distribución por anualidades do importe máximo de que disporá cada GDR para esa submedida global (19.4). Os importes reflectidos globalmente na citada cláusula 10ª comprenden os gastos en custes correntes (19.4A) e os gastos en animación (19.4B). No caso do GDR05 Asociación Miño Ulla, a citada cláusula 10ª, establece a dotación financeira prevista coa que contaremos para a medida 19.4 distribuída por anualidades do seguinte xeito:

ANUALIDADE	***GASTOS CUSTES CORRENTES E ANIMACIÓN***
2016	0,00 €
2017	198.733,98 €
2018	198.733,98 €
2019	198.733,98 €
2020	198.733,98 €
TOTAL	***794.935,92 €***

O obxecto das bases reguladoras (réxime de axudas) publicadas no DOG o pasado 18 de xaneiro de 2017 (DOG nº 12) é:

a) Establecer as regras para a concesión e xustificación das axudas encadrables na submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) do PDR de Galicia 2014-2020 que se tramiten en réxime de concorrencia competitiva, a través dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) seleccionados como entidades colaboradoras da AGADER na xestión da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

b) Establecer o réxime de xustificación dos gastos en custes correntes e de funcionamento da estratexia de desenvolvemento local (submedida 19.4A do PDR), así como establecer as bases reguladoras para a concesión e xustificación dos proxectos de animación promovidos polos GDR (submedida 19.4B do PDR).

O capítulo VII destas bases reguladoras (fichas de elixibilidade) detalla polo miúdo as especificidades propias de cada tipoloxía de operacións financiables.

No marco da metodoloxía Leader, o réxime de axudas así configurado, determina as condicións máximas de subvencionabilidade de proxectos, que os GDR, nas súas respectivas estratexias de desenvolvemento local, teñen concretadas ou limitadas.

A submedida 19.3 (axuda á cooperación Leader) será obxecto de convocatoria e bases reguladoras específicas, segundo dispón o PDR , e os GDR serán beneficiarios dela.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

Réxime normativo

Bases reguladoras

Resolución do Director Xeral da AGADER, do 29 de decembro de 2016, pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con FEADER no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR); publicada no DOG nº 12 do 18 de xaneiro de 2017.

A Corrección de Erros da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con FEADER no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR); publicada no DOG nº 82 do 28 de abril de 2017.

Resolución do 23 de novembro de 2017 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 23 de novembro de 2017 polo que se modifica o Acordo do 29 de decembro de 2016, pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con FEADER no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020; publicada no DOG nº 229 do 1 de decembro de 2017.

Normativa de aplicación

Normativa autonómica:

A Resolución do 11 de febreiro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección; publicada no DOG nº 42 do 2 de marzo de 2016.

O Acordo de Colaboración, asinado en Santiago de Compostela o 17 de xuño de 2016, entre a Axencia de Turismo de Galicia e a AGADER para a coordinación de actuacións públicas con incidencia no sector turístico promovidas no territorio de Galicia, no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O Acordo do Consello de Dirección da AGADER, do 16 de novembro de 2016, polo que se resolve a convocatoria de selección de estratexias de desenvolvemento local e se seleccionan os 24 GDR que funcionarán como entidades colaboradoras na xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

O Convenio de Colaboración entre AGADER e o GDR05 Asociación Miño Ulla, que o Consello da Xunta autorizou o 5 de agosto de 2016 e que foi asinado o 13 de decembro de 2016 ***(DOC. 1)***.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (RLSG).

Normativa estatal:

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Normativa comunitaria:

PDR de Galicia, aprobado pola Decisión de Execución da Comisión Europea, do 18 de novembro de 2015 (CCI: 2014ES06RDRP011).

Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao FEDER, FSE, ao Fondo de Cohesión, ao FEADER e ao FEMP, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao FEDER, FSE, ao Fondo de Cohesión e ao FEMP.

Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do FEADER e polo que se derroga o

Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello.

Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común.

Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*.

Regulamento (UE) 807/2014, da Comisión, do 11 de marzo, que completa o Regulamento (UE) 1305/2013.

Regulamento de execución (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo, modificado polo Regulamento de execución (UE) 669/2016 da Comisión, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013.

Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

Regulamento delegado (UE) 640/2014, do 11 de marzo, polo que se completa o Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello.

Unidades Xestoras

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

- Consello de Dirección da AGADER
- Presidencia da AGADER
- Dirección Xeral da AGADER
- Subdirección Xeral de Relacións cos GDR
  - Area de Apoio aos GDR
  - Area de Seguimento e Control de Programas
- Secretaría Xeral da AGADER
  - Area Xurídica
  - Area Económica

Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR)

Beneficiarios

Quen pode solicitar as axudas?

Con carácter xeral, poderán ser beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras:

a) As persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.

b) As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.

c) As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Non poderán ser beneficiarias as seguintes entidades:

a) As agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia.

b) As empresas en crise, de acordo coa definición e condicións establecidas nas Directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (2014/C 249/01). Para verificar o cumprimento deste requisito, as empresas presentarán coa solicitude de axuda unha declaración de non atoparse en situación de crise conforme a normativa comunitaria.

c) As empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axudas como consecuencia dunha decisión previa da Comisión Europea que as declare ilegais e incompatibles co mercado común.

d) As empresas que operen no sector da pesca, da acuicultura e/ou da transformación e comercialización de produtos pesqueiros.

Requisitos

Os beneficiarios haberán de cumprir os requisitos que se inclúen a continuación:

a) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e en particular, non ter sido condenado mediante sentenza firme coa perda da posibilidade de obter subvencións públicas.

c) Cumprir os requisitos de pequena empresa, nos termos regulados no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

1º) Empregar a menos de 50 persoas.

2º) Ter un volume de negocio anual ou un balanzo xeral anual que non supere os 10 millóns de euros.

Para a definición de empresa, así como para o cálculo dos efectivos e importes financeiros da mesma, tomarase en consideración o disposto no Anexo I do Regulamento (UE) 651/2014.

De ser o caso, a cualificación de pequena empresa tomará en consideración os datos das empresas asociadas e vinculadas para o cálculo de efectivos e importes financeiros, nos termos previstos no artigo 3 do citado Anexo I do Regulamento (UE) 651/2014.

Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais, así como para os beneficiarios das axudas a proxectos non produtivos que sexan elixibles ao abeiro do disposto no capítulo VII das bases reguladoras, recollidas no apartado *"Réxime normativo"* do presente Manual de Procedemento do GDR05.

d) Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía de proxectos, se especifican nas fichas de elixibilidade (FE) do capítulo VII das bases reguladoras para aquelas tipoloxías de proxectos específicas que os establecen.

Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar, en nome e por conta deste, a totalidade ou parte das actividades que fundamenten a concesión da subvención terán igualmente a consideración de beneficiarios da subvención, polo que tamén deberán cumprir e acreditar os requisitos esixidos para cada tipo de beneficiario.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

Beneficiarios nas distintas tipoloxías de proxectos (fichas de elixibilidade)

Ficha de elixibilidade I: os investimentos no sector da produción agraria primaria

Poderán ser promotores os titulares das explotacións agrarias (que dispoñan dun CEA ou do rexistro oficial que corresponda) e que leven como mínimo un ano de antigüidade.

Para os proxectos de investimentos en implantación de novas actividades agrarias, complementarias a unha actividade non agraria do promotor, poderán ser beneficiarios as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.

Ficha de elixibilidade II: os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

Poderán ser promotores as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.

Ficha de elixibilidade III: os investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais

Poderán ser promotores as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, non obstante, os proxectos que sexan promovidos por comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común ou por agrupacións de propietarios serán subvencionables no caso de que inclúan unha extensión superior ás 15 hectáreas.

Ficha de elixibilidade IV: os investimentos que supoñan diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias

Os beneficiarios serán exclusivamente os membros dunha unidade familiar, ata o segundo grado de relación, ligados a unha explotación agraria, entendendo como tales as persoas físicas ou xurídicas ou grupo de persoas físicas ou xurídicas, con excepción dos traballadores agrarios.

Nos casos nos que un membro da unidade familiar da explotación sexa unha persoa xurídica ou un grupo de persoas xurídicas, ese membro debe exercer unha actividade agrícola na explotación no momento no que se presente a solicitude de axuda.

Tratándose de persoas físicas, a acreditación do carácter de beneficiario esixe que se autorice a AGADER a consulta dos datos de residencia ou no seu caso, a presentación, xunto co resto da

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

documentación que requira o proxecto, do certificado de empadroamento municipal, para os efectos de constatar a convivencia do solicitante na explotación agraria.

Ficha de elixibilidade V: os investimentos que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias

Poderán ser promotores as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.

Ficha de elixibilidade VI: os investimentos en proxectos non produtivos

Unicamente poderán ser beneficiarios desta tipoloxía de proxectos, as entidades sen ánimo de lucro, as entidades públicas locais e as comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades.

Ficha de elixibilidade VII: proxectos de formación promovidos polos GDR coa finalidade de incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio (submedida 19.2)

Os beneficiarios son os GDR seleccionados o 16 de novembro de 2016 polo Consello de Dirección da AGADER en virtude do Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 10 de febreiro de 2016 polo que se aprobaron as bases reguladoras para a selección de estratexias e para a selección e recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras e que subscribiran coa AGADER un convenio de colaboración para a xestión dunha estratexia de desenvolvemento local no marco da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

O GDR05 Asociación Miño Ulla non contemplou na súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) a execución desta tipoloxía de proxectos.

Ficha de elixibilidade VIII (gastos correntes ou de funcionamento) e Ficha de elixibilidade IX (gastos de animación)

Os beneficiarios son os GDR seleccionados o 16 de novembro de 2016 polo Consello de Dirección da AGADER en virtude do Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 10 de febreiro de 2016 polo que se aprobaron as bases reguladoras para a selección de estratexias e para a selección e recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras e que subscribiran coa AGADER un convenio de colaboración para a xestión dunha estratexia de desenvolvemento local no marco da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

Obrigas dos beneficiarios dunha subvención LEADER

Son obrigas dos beneficiarios as establecidas, con carácter xeral, no artigo 11 da LSG e, en particular, as establecidas nas bases reguladoras e na resolución de concesión. En particular, os beneficiarios asumirán as seguintes obrigas:

a) Respectar o destino do investimento, polo menos, durante os 5 anos posteriores á data da resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes.

b) Manter os empregos consolidados durante os 5 anos posteriores á data da resolución de pagamento final do proxecto. A efectos de mantemento de emprego considéranse empregos consolidados os resultantes da análise e valoración do informe de vida laboral, presentado polo promotor, referentes aos últimos 12 meses contados dende a data de solicitude de axuda.

c) Manter durante os 5 anos posteriores á data da resolución do pagamento final do proxecto os empregos que teña a obriga de crear, segundo a valoración acadada en relación con este punto nos criterios de selección. Só computarán como empregos de nova creación os creados con posterioridade á data da solicitude de axuda. Naqueles proxectos que creen 5 ou máis empregos, un terzo destes deberán estar cubertos no momento da solicitude do pagamento final do expediente, admitíndose, respecto dos restantes, que se creen no prazo máximo de 6 meses a contar desde a data do pagamento final.

- Tanto o emprego consolidado como o de nova creación computaranse en termos equivalentes ás UTAS (unidades de traballo anual).

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, polo menos, durante o período de permanencia dos investimentos e está obrigado a facilitar a información que lle requira AGADER e a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións; en especial, aos controis sobre o terreo e controis a posteriori que poida realizar o órgano xestor de acordo cos artigos 49 e seguintes do Regulamento (UE) 809/2014.

e) Facilitar, en aplicación do disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/201, á Autoridade de Xestión do PDR de Galicia 2014-2020, aos avaliadores designados ou a outros organismos nos que a dita Autoridade delegase a realización das tarefas, toda a información necesaria para realizar o seguimento e a avaliación do programa.

f) Comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados que financien as operacións subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

g) Levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas ao proxecto subvencionado, segundo resulta do artigo 66 do Regulamento (UE) 1305/2013.

h) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nas bases reguladoras, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

i) Publicitar a concesión da axuda do seguinte xeito, segundo establece o anexo III do Regulamento (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013:

- Colocarase unha placa explicativa con información sobre o proxecto, na que se destacará a axuda financeira da Unión Europea, que deberá permanecer durante todo o período de mantemento dos investimentos.
- No caso de que o beneficiario teña sitio web de uso profesional, incluirá unha breve descrición da operación con referencia ao financiamento da Unión Europea, que deberá permanecer durante a execución do proxecto e, cando menos, ata a data do pagamento final da axuda.
- 25 % do espazo, como mínimo, dos paneis e placas estará ocupado pola descrición do proxecto, o emblema da Unión e o lema: «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural». Incorporará ademais o logotipo de Leader e os logotipos de todas as administracións financiadoras. Os GDR e a AGADER a través das súas respectivas páxinas web facilitarán aos beneficiarios os modelos de paneis e placas.
- Os gastos derivados da instalación de placas e paneis terán a consideración de custo elixible.

- Se o investimento consiste na adquisición de maquinaria ou elementos móbiles, a publicidade levarase a cabo mediante a colocación dun adhesivo perdurable. No caso de estudos, publicacións e outros materiais gráficos, a publicidade levarase a cabo mediante a inclusión dos logotipos e lema descritos na portada.

j) Facilitar a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Os bens subvencionados quedarán afectos á operación subvencionada un mínimo de cinco anos desde a resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes. No caso dos proxectos non produtivos que financien gastos que consistan en estudos, planos, proxectos técnicos ou outros de natureza similar garantirase o acceso de calquera interesado ao seu contido durante un período mínimo de 5 anos a contar dende a data da resolución de pagamento final do expediente. Neste senso o GDR ou a AGADER poderán en calquera momento requirirlle ao beneficiario que facilite a súa exhibición coa finalidade da publicación na web do GDR e/ou na da AGADER.

No caso de bens inscritibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no correspondente rexistro público.

Unidades xestoras: funcións e competencias

As funcións das unidades xestoras son as que se detallan a continuación para cada unha delas:

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

Consello de Dirección da AGADER

- Aprobar as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local e para o recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras da AGADER na xestión da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

- Resolver o procedemento de selección das estratexias de desenvolvemento local e o procedemento de recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras da AGADER na xestión da medida.

- Aprobar as bases reguladoras para a tramitación de subvencións a través das estratexias de desenvolvemento local, elaboradas polos Grupos de Desenvolvemento Rural, como entidades colaboradoras na xestión do PDR de Galicia 2014-2020.

Presidencia da AGADER

- Asinar, na súa calidade de representante da AGADER, os convenios de colaboración cos GDR, polos que se lles recoñece como entidades colaboradoras na xestión da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020.

Dirección Xeral da AGADER

- Aprobar, por delegación do Consello de Dirección da AGADER, as convocatorias anuais ou bianuais de axudas con cargo á submedida 19.2: apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo.

- Emitir, por delegación do Consello de Dirección da AGADER, as resolucións de concesión ou denegación das axudas.

- Emitir, por delegación do Consello de Dirección da AGADER, as resolucións de pagamento aos beneficiarios.

- Aprobar, por delegación do Consello de Dirección da AGADER, os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais das estratexias de desenvolvemento local seleccionadas polo Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 16 de novembro de 2016.

- Autorización para cada anualidade, por delegación do Consello de Dirección da AGADER, do importe máximo dispoñible por GDR para gastos en custes correntes (submedida 19.4A); previa solicitude de cada GDR en función das dispoñibilidades orzamentarias máximas establecidas na cláusula 10ª dos convenios de colaboración asinados o 13 de decembro de 2016.

- Aprobar o manual de procedemento, así como os cambios substanciais no contido do mesmo.

Subdirección Xeral de Relacións cos GDR

- Supervisión do manual de procedemento.

- Supervisión do manual de controis.

- Aprobación das modificacións do manual de procedemento que non afecten substancialmente ao contido do mesmo.

- Supervisión dos Informes de Control de Elixibilidade (ICE).

- Supervisión dos informes proposta de concesión ou denegación das subvencións.

- Supervisión das propostas de modificación da Resolución de concesión de axudas.

- Propoñer a redistribución dos créditos entre as medidas en función das dispoñibilidades orzamentarias.

- Proposta da elaboración das propostas de pagamento.

- Supervisión dos Plans de Controis.

- Supervisión dos controis sobre o terreo e a posteriori realizados.

- Supervisión dos informes e a documentación de seguimento, control e financiamento das accións executadas a través da medida 19 (Leader), que sexan requiridos dentro do marco de colaboración con outras institucións ou a instancias da Dirección Xeral da Axencia.

Área de Apoio aos GDR

- Dinamizar aos GDR e a outras instancias que desenvolvan as estratexias de desenvolvemento local.
- Elaboración das directrices dirixidas aos GDR para facilitar o seguimento das accións incluídas nas estratexias de desenvolvemento local executadas a través destes grupos.
- Elaboración das directrices dirixidas aos GDR para facilitar o control do cumprimento dos requisitos legais, financeiros e económicos a estes grupos.
- Validación dos Informes de Control de Elixibilidade (ICE) dentro dos controis administrativos sobre a solicitude de axuda.
- Tramitación das solicitudes de modificación da resolución de concesión.
- Estudo das solicitudes anuais de Autorización de Gastos de Funcionamento dos GDR.
- Estudo das propostas de modificación das Estratexias de desenvolvemento local.
- Planificar e realizar os controis aos GDR.
- Labores de apoio aos GDR. Resolución de todas as consultas de tipo xurídico, técnico, económico, de funcionamento, etc. que formulen os GDR e deseño do protocolo de formulación e resolución das consultas reseñadas.
- Coordinar o traballo administrativo e técnico no procedemento de xestión das axudas.
- Deseño e implementación de accións formativas orientadas a mellorar a eficacia, xestión e coñecementos do persoal dos GDR e os/as seus/súas integrantes a todos os niveis.
- Deseño, planificación e desenvolvemento do programa de visitas aos GDR, tanto relacionadas co seguimento e control como co apoio aos grupos, en colaboración coa Área de Seguimento e Control de Programas.

Área de Seguimento e Control de Programas

- Redacción do Manual de Procedemento e proposta de modificación.
- Redacción do Plan de Controis.

- Elaboración dos informes e a documentación de seguimento, control e financiamento das accións executadas a través da medida 19 (Leader), que sexan requiridos dentro do marco de colaboración con outras institucións ou a instancias da Dirección Xeral da Axencia.
- Elaboración e permanente actualización dos modelos de informes proposta de concesión ou denegación das subvencións
- Elaboración e permanente actualización dos modelos de propostas de modificación das resolucións de concesión de axudas
- Elaboración e permanente actualización dos modelos propostas de pagamento.
- Supervisión dos controis administrativos sobre as solicitudes de pago dos beneficiarios.
- Control da execución orzamentaria dos expedientes de axuda incluídos en cada submedida, propoñendo as modificacións e reaxustes necesarios.
- Xestión financeira, económica e administrativa das estratexias de desenvolvemento local desenvolvidas a través dos grupos de desenvolvemento rural.
- Planificación a realización dos controis sobre o terreo e a posteriori.
- Deseño as aplicacións informáticas de xestión e seguimento das accións incluídas nas estratexias de desenvolvemento local.

Persoal Técnico adscrito á Subdirección de Relacións cos GDR

- Análise da documentación e realización dos listados de verificacións (check list) para a verificación de ICEs, segundo modelos normalizados.
- Realización dos requirimentos aos GDR de cara á verificación de ICEs por parte da AGADER.
- Revisión das solicitudes de pagamento e conseguinte realización dos listados de verificacións (check list) segundo modelo normalizado.
- Atención e apoio aos equipos xestores dos GDR para a resolución de consultas e dúbidas.
- Redacción das propostas de resolución para concesión das axudas.
- Redacción das propostas de pagamento dos expedientes.

- As demais tarefas e funcións que, con carácter xeral lle corresponde ao persoal técnico da Subdirección, segundo as funcións que recolle para cada categoría profesional o sistema de clasificación e valoración dos postos de traballo de AGADER (acordo do Consello de Dirección de AGADER do 5 de xullo de 2011).

Persoal Administrativo adscrito á Subdirección de Relacións cos GDR

- O persoal administrativo realiza, fundamentalmente, de acordo co citado acordo do Consello de Dirección de AGADER do 5 de xullo de 2011, as funcións de traballos de arquivo físico de expedientes, traballos de tratamento de texto e de cálculo, apoio administrativo e despacho e clasificación da correspondencia.

Secretaría Xeral da AGADER

Área Xurídica da AGADER

- Propoñer, desenvolver e supervisar os procedementos administrativos que, cumprindo todos os requisitos normativos aplicables, faciliten a xestión da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020.

- A Área Xurídica é a encargada de velar polo cumprimento da normativa de aplicación, sendo polo tanto necesario que cada Proposta de Adxudicación e cada Proposta de Pagamento realizada pola Subdirección de Relacións cos GDR obteñan a conformidade desta área.

Área Económica-Financeira da AGADER

- Desenvolver todas as actuacións necesarias para o adecuado seguimento e control da xestión orzamentaria da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020, propoñendo os axustes orzamentarios que resulten necesarios para garantir unha xestión equilibrada.

- Asegurar a dispoñibilidade orzamentaria das Propostas de Adxudicación (PA) realizadas pola Subdirección de Relacións cos GDR.

- Verificación de saldo e contabilización das Propostas de Pagamento (PP) realizadas pola Subdirección de Relacións cos GDR, procedendo a xerar os correspondentes documentos de recoñecemento da obriga O e K (OK), e unha vez asinada pola Dirección Xeral a Resolución de Pagamento, elaborar o documento de pago P.

- Contabilización dos PA negativos realizados pola Subdirección de Relacións cos Gal, de cara a incorporación ao saldo da medida.

Grupos de desenvolvemento rural (GDR)(xunta directiva/equipo xestor)

O GDR, *en canto entidade colaboradora da AGADER na xestión da estratexia de desenvolvemento local seleccionada*, asume as seguintes funcións e obrigas específicas:

a) Promover a dinamización territorial e a mobilización social.

b) Promover a valorización do medio rural, en xeral, e do seu territorio, en particular.

c) Facilitar a participación da poboación nas accións de desenvolvemento do territorio.

d) Atender ao público nunha ou varias oficinas abertas no ámbito territorial do GDR, en que conste o calendario e horario de atención ao público, en particular o de atención da xerencia aos promotores. A oficina ou oficinas estarán identificadas en lugar visible mediante un cartel ou placa axeitados que recolla os requisitos establecidos no anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, de modo que non sexa confundible con ningunha dependencia administrativa ou empresarial, e deberá situarse no territorio elixible para efectos do Leader.

e) Asesorar aos posibles beneficiarios das axudas da estratexia de desenvolvemento local sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquela, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas á marxe das previstas nela.

f) Informar aos posibles beneficiarios sobre as obrigas que asumirán no caso de percibir algunha axuda con cargo á estratexia, entre as que se atopa a obrigatoriedade de levar unha contabilidade separada para o financiamento que se perciba con cargo ao fondo FEADER, das infraccións e das correspondentes sancións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que puidesen derivar responsabilidade para os solicitantes das axudas, así como sobre a forma de xustificación do cumprimento das condicións para a concesión das subvencións e dos requisitos para a verificación desta.

g) Tramitar dilixentemente os expedientes, dende que o promotor presente a solicitude diante do GDR ata que este lle traslade á AGADER a decisión sobre a selección, a proposta ou a documentación de que se trate.

h) Realizar o tratamento dos datos de carácter persoal que teña rexistrados en calquera tipo de soporte físico, por mor da súa actividade de entidade colaboradora na xestión da estratexia Leader de Galicia 2014-2020, conforme á cláusula 14ª do convenio asinado.

i) Comprobar o cumprimento e a efectividade das condicións ou dos requisitos determinantes para a concesión de subvencións aos promotores de proxectos.

j) Seleccionar proxectos con cargo ao orzamento máximo dispoñible, segundo o sinalado na cláusula cuarta, para darlle cumprimento á estratexia de desenvolvemento local.

k) Levantar a acta de non inicio dos proxectos, realizar actuacións de seguimento e control dos proxectos subvencionados e comunicarlle á AGADER calquera incidencia ou irregularidade.

l) Levar un libro de rexistro de entrada e saída da documentación que afecte aos asuntos vinculados á execución da estratexia, dándolle traslado á AGADER dos asentos diariamente para o seu control.

m) Velar pola correcta asignación dos fondos previstos para cada anualidade e a súa distribución entre proxectos produtivos e non produtivos.

n) Ter en conta o disposto no Manual de Procedemento da medida Leader de Galicia 2014-2020 que aprobe á AGADER, así como utilizar a aplicación informática correspondente que deseñe e facilite á AGADER, cubrindo nela todos os campos previstos para cada tipo de actuación.

o) Elaborar, en base ao Manual de Procedemento aprobado pola AGADER que se cita no punto anterior, o seu propio Manual de Procedemento o cal recolla integramente o procedemento exacto de tramitación das axudas Leader ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local. O Manual de Procedemento propio do GDR deberá ser remitido á AGADER para a súa aprobación.

p) Comunicarlle á AGADER, para que as autorice, as reprogramacións da estratexia de desenvolvemento local, así como as modificacións de calquera norma interna do GDR relacionada coa xestión da estratexia.

q) Comunicarlle á AGADER, no prazo do mes seguinte a terse producido, as variacións na escritura de constitución, estatutos, regulamento de réxime interior, composición dos órganos de decisión do GDR, enderezo, correo electrónico, xerente e outros datos similares referidos ao GDR.

r) Elaborar un informe anual de avaliación e seguimento da posta en práctica da estratexia de desenvolvemento local, e remitilo á AGADER antes do 30 de maio do ano seguinte. Este informe deberá recoller o seguinte contido mínimo:

- Actas das xuntanzas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva ou órgano decisorio similar, debidamente dilixenciadas polo secretario do GDR.
- Relación actualizada de membros do GDR.
- Memoria que inclúa o seguimento dos indicadores establecidos e a avaliación da efectividade, eficiencia, relevancia, utilidade e sustentabilidade das medidas realizadas.
- Calquera circunstancia relevante para a correcta execución da estratexia como o grado de execución dos proxectos subvencionados, o rexeitamento de candidatos a ser socios, as contas anuais da asociación, incidencias observadas, etc.

Antes de remitilo á AGADER, o devandito informe debe ser sometido a aprobación pola asemblea xeral do GDR.

s) Cumprir as obrigas previstas na normativa de transparencia da actividade pública en canto á publicidade activa e á subministración de información.

t) Proporcionarlle á AGADER, á autoridade de xestión do PDR e/ou aos avaliadores designados por esta, toda a información relacionada coa súa xestión na medida Leader que sexa necesaria para realizar o seguimento e a avaliación da mesma.

O GDR, na súa *condición de beneficiario da subvención*, nos termos previstos no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia asume ademais as seguintes funcións e obrigas específicas:

u) Executar as actividades da submedida 19.4 do PDR (gastos correspondentes aos custes correntes do GDR e animación e promoción do territorio) e xustificar os gastos correspondentes.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

v) Promover ou participar, no seu caso, en proxectos de cooperación transnacional e interterritorial fóra e dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as bases reguladoras e as convocatorias da Comunidade Autónoma de Galicia e, no seu caso, do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

w) Integrarse nas redes de grupos de desenvolvemento rural, tanto a nivel da Comunidade Autónoma como a nivel de todo o Estado.

x) Someterse ao Plan Galego de Controis FEADER que sexa de aplicación á estratexia Leader de Galicia 2014-2020, ás actuacións de comprobación da AGADER e de control financeiro, así como a calquera actuación de control e/ou inspección que proceda desenvolver por calquera organismo nacional ou comunitario.

y) Aplicar as regras de información e publicidade sobre a axuda do FEADER a que se refire o anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014 da Comisión de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) así como o Plan de comunicación do PDR.

Fases do procedemento de tramitación

P1. Selección de Estratexias de Desenvolvemento Local e de Grupos de Desenvolvemento Rural

Fase	**Selección de Estratexias de Desenvolvemento Local e de Grupos de Desenvolvemento Rural**
Unidade	Consello de Dirección / Dirección Xeral da AGADER
Prazo	Data límite: novembro de 2016

Descrición

O Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado pola Comisión Europea por Decisión C (2015) 8144, do 18 de novembro, prevé a aplicación da medida Leader de Galicia 2014-2020 a través de estratexias integradas de desenvolvemento, compostas por submedidas e mediante a metodoloxía Leader (desenvolvemento local participativo), ao abeiro das actuacións promovidas polos GDR, nos termos sinalados no artigo 35 do Regulamento (UE) 1303/2013. Tamén prevé un sistema de xestión do Leader en que os GDR que resulten seleccionados, terán respecto da AGADER unha dobre condición:

a) Por unha parte, serán entidades colaboradoras nos termos previstos no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). Neste senso, actuarán en nome e por conta da AGADER na xestión das subvencións que vaian percibir os beneficiarios da submedida 19.2: «apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo».

b) Por outra banda, terán a condición de beneficiarios de subvención nos termos previstos no artigo 8 da LSG respecto dos fondos públicos vinculados ás submedidas 19.1: «apoio á preparación de estratexias de desenvolvemento local», 19.4A: «custes correntes da estratexia de desenvolvemento local» e 19.4B: «animación e promoción territorial». En relación coa submedida 19.2 os GDR poderán ser beneficiarios de subvención para un tipo específico de proxectos: os de formación, referidos a proxectos de capacitación para o emprego dirixidos á poboación activa do seu territorio, coa finalidade de aumentar a empregabilidade, tanto por conta propia como por conta allea (expúxose con anterioridade que o GDR05 Asociación Miño Ulla non contempla na súa estratexia de desenvolvemento a realización de proxectos de formación).

Corresponde ao Consello de Dirección da AGADER aprobar as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, e para a selección e recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2014-2020, cofinanciada con FEADER, así como a súa xestión orzamentaria e a distribución dos seus recursos.

Isto tivo lugar mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016, na que se publica o Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 10 de febreiro de 2016, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección (DOG nº 42, do 2 de marzo).

Ao abeiro das bases reguladoras citadas no parágrafo anterior, o Consello de Dirección da AGADER do 16 de novembro de 2016 acordou a selección de 24 estratexias de desenvolvemento local presentadas por outras tantas asociacións que obtiveron o recoñecemento de GDR como entidades colaboradoras da AGADER na xestión da medida Leader.

No citado acordo a AGADER seleccionou as asociacións relacionadas no cadro seguinte como GDR e, polo tanto, como entidades colaboradoras da AGADER na xestión da medida Leader de Galicia, así como as súas estratexias de desenvolvemento local:

ORGANIZACIÓN CANDIDATA	**ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN (CONCELLOS)**
GDR01: Asociación Terras de Miranda	Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourol, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Xove
GDR02: Asociación de desenvolvemento comarca de Terra Cha	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
GDR03: Asociación de desenvolvemento rural Montes e Vales Orientais	Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, A Fonsagrada, Láncara, Meira, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Pedrafita do Cebreiro, Pol, A Pontenova, Ribeira de Piquín
GDR04: Asociación para o desenvolvemento rural da comarca de Lugo	Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade
GDR05: Asociación Miño Ulla	***Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, Portomarín, Sarria, Taboada***
GDR06: Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel	As Nogais, Bóveda, Folgoso do Courel, O Incio, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Samos, O Saviñao, Sober, Triacastela

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

ORGANIZACIÓN CANDIDATA	ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN (CONCELLOS)
GDR07: Asociación GDR Valdeorras	O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa. Rubiá, A Veiga, Vilamartín de Valdeorras
GDR08: Asociación para o desenvolvemento rural Sil-Bibei-Navea	Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Manzaneda, Montederramo, Parada de Sil, A Pobra de Trives, San Xoán de Río, A Teixeira, Viana do Bolo, Vilariño de Conso
GDR09: Asociación Monteval	Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, A Mezquita, Monterrei, Oimbra, Riós, Verín, Vilardevós
GDR10: Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Limia-Arnoia GDR1O	Allariz, Baltar, Bande, Baños de Molgas, A Bola, Os Blancos, Calvos de Randín, Celanova, Entrimo, Lobeira, Lobios, Maceda, Muíños, A Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus Taboadela, Trasmiras, Verea, Vilar de Barrios, Vilar de Santos, Xinzo da Limia, Xunqueira de Ambia
GDR11: Asociación de desenvolvemento rural da comarca de Ourense (ADERCOU)	Amoeiro, Barbadás, Cartelle, Coles, Esgos, Gomesende, A Merca, Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne de Allariz, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Ramirás, San Cibrao das Viñas, Toén, Vilamarín, Xunqueira de Espadaäedo
GDR12: Asociación Carballiño Ribeiro	Arnoia, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, O Irixo, Leiro, Maside, Melón, Padrenda, Piñor, Pontedeva, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cristovo de Cea
GDR13: Asociación Condado-Paradanta	Arbo, A Cañiza, O Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz Balneario, As Neves, Ponteareas, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño
GDR14: Asociación de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo - Baixo Miño	Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño, Tui
GDR15: Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Morrazo	Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cerdedo, Cotobade, A Lama, Marín, Moaña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Soutomaior, Vilaboa
GDR16: Asociación de desenvolvemento rural Terras de Pontevedra Norte	Agolada, Dozón, A Estrada, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces
GDR17: Asociación Grupo de desenvolvemento rural Salnés-Ulla-Umia	Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntís, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Varga, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa
GDR18: Asociación de desenvolvemento local DELOA	Boiro, Dodro, Lousame, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois
GDR19: Asociación Terras de Compostela	Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra, Vedra
GDR20: Asociación Grupo de Desenvolvemento rural Ulla Tambre Mandeo	Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro, Vilasantar
GDR21: Asociación de desenvolvemento da comarca de Ordes	Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

ORGANIZACIÓN CANDIDATA	ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN (CONCELLOS)
GDR22: Asociación Costa da Morte-GDR	Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo, Zas
GDR23: Asociación Mariñas-Betanzos	Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada
GDR24: Asociación SEITURA 22	Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño, Vilarmaior

Tamén no citado acordo, a AGADER realizou a asignación inicial de fondos que se recolle no cadro seguinte para cada un dos GDR seleccionados:

GDR	DENOMINACIÓN	REPARTO (€)
GDR 01	TERRAS DE MIRANDA	3.000.000,00
GDR 02	TERRA CHA	3.990.451,42
GDR 03	MONTES E VALES	4.645.714,39
GDR 04	LUGO	3.048.179,73
GDR 05	***MIÑO ULIA***	***3.496.796,43***
GDR 06	RIBEIRA SACRA	4.373.424,07
GDR 07	VALDEORRAS	3.555.375,64
GDR 08	SIL BIBEI NAVEA	4.530.910,90
GDR 09	MONTEVAL	3.444.693,31
GDR 10	A LIMIA ARNOIA	3.819.129,29
GDR 11	ADERCOU	3.048.179,73
GDR 12	CARBALLIÑO RIBEIRO	3.250.410,48
GDR 13	CONDADO PARADANTA	3.000.000,00
GDR 14	BAIXO MIÑO	3.033.755,70
GDR 15	PONTEVEDRA MORRAZO	3.137.373,21
GDR 16	PONTEVEDRA NORTE	3.704.325,80
GDR 17	SALNES ULLA UMIA	3.000.000,00
GDR 18	DELOA	3.000.000,00
GDR 19	TERRAS DE COMPOSTELA	3.000.000,00
GDR 20	ULLA TAMBRE MANDEO	3.256.003,47
GDR 21	ORDES	3.013.444,32

GDR	DENOMINACIÓN	REPARTO (€)
GDR 22	COSTA DA MORTE	3.395.533,87
GDR 23	MARIÑAS BETANZOS	3.151.797,23
GDR 24	SEITURA 22	3.274.843,02
TOTAL		**82.170.342,01**

Polo tanto a Asociación Miño Ulla foi seleccionada como GDR05, e ten asignados inicialmente fondos por importe de 3.496.796,43 euros.

A relación xurídica entre a AGADER e os 24 GDR seleccionados regúlase, conforme ao previsto no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG), mediante o Convenio de Colaboración que o Consello da Xunta autorizou o 4 de agosto de 2016 (inclúese na relación de documentos como ***DOC. 1*** o ***Convenio asinado entre a AGADER e o GDR05 Asociación Miño Ulla***). Este Convenio establece as regras que deben aplicar as partes na xestión da estratexia de desenvolvemento local e, en particular, as condicións e obrigas que asume o GDR en virtude da súa dobre condición como entidade colaboradora e como beneficiario da subvención.

O incumprimento por parte do GDR das súas obrigas coas administracións públicas financiadoras e cos promotores de proxectos poderá dar lugar á resolución do Convenio de Colaboración e á perda da condición de entidade colaboradora. Neste caso, a AGADER arbitrará o procedemento necesario para asegurar a continuidade da aplicación da estratexia de desenvolvemento local no territorio, asumindo a súa xestión de forma directa ou ben a través doutra entidade.

Resolución de incidencias

INCIDENCIAS	SOLUCIÓNS
A estratexia e/ou o GDR non cumpre con algunha condición de admisibilidade	O Consello de Dirección da AGADER non selecciona o GDR nin a estratexia
A estratexia non acada a puntuación mínima de 30 puntos no bloque A, ou a estratexia no acada a puntuación mínima esixida pola convocatoria no apartado de innovación e/ou de participación pública	O Consello de Dirección da AGADER non selecciona o GDR nin a estratexia
Presentación de varias candidaturas para un mesmo territorio	O Consello de Dirección da AGADER seleccionará a estratexia e ao GDR que cumpra con todas as condicións de admisibilidade e teña a puntuación mínima. No caso de que ningunha candidatura cumpra estas condicións, o Consello de Dirección da AGADER non seleccionará ningunha candidatura e o territorio non quedará cuberto por ningún GDR

P2. Convocatoria de axudas Leader

Fase	**Convocatoria de axudas Leader**
Unidade	Consello de Dirección / Dirección Xeral da AGADER
Prazo	Data límite: decembro de 2016

Descrición

A AGADER mediante a Resolución do seu Director Xeral, do 29 de decembro de 2016, publica o Acordo do Consello de Dirección da AGADER do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con FEADER no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR). Estas bases reguladoras establecen, en relación á:

- Submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), as condicións de subvencionabilidade e de xustificación dos proxectos promovidos no territorio ao abeiro das convocatorias que a tal efecto se publiquen en réxime de concorrencia competitiva, a través dos GDR.
- Submedida 19.4 (custes correntes e animación), o réxime de xustificación dos custes correntes da estratexia de desenvolvemento local (submedida 19.4A), así como as regras de subvencionabilidade e de xustificación dos proxectos de animación (submedida 19.4B), seguindo as regras xerais previstas nas bases reguladoras coas particularidades que se indican nas fichas de elixibilidade VIII e IX.

No marco da metodoloxía Leader, o réxime de axudas así configurado, determina as condicións máximas de subvencionabilidade de proxectos, que os GDR, nas súas respectivas estratexias de desenvolvemento local, teñen concretadas ou limitadas.

Axudas ao abeiro da submedida 19.2

O procedemento de concesión de axudas iníciase mediante convocatoria pública, coa finalidade de que os GDR podan proceder á selección de proxectos ata o límite dos fondos asignados. As convocatorias son realizadas por AGADER e inícianse coa súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

A primeira convocatoria foi publicada o 30 de xaneiro de 2017 (DOG nº 20), e estableceu os importes dispoñibles para cada GDR na submedida 19.2 da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 para as anualidades 2017 e 2018.

A segunda convocatoria foi publicada o 28 de decembro de 2017 (DOG nº 245), e estableceu os importes dispoñibles para cada GDR na submedida 19.2 da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 para as anualidades 2018 e 2019.

Deste xeito, iranse publicando no DOG en anos vindeiros as seguintes convocatorias que estableceran os importes dispoñibles para cada GDR na submedida 19.2 da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 para as futuras anualidades.

Dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais para cada un dos GDR, correspondentes á submedida 19.2, que se establezan en cada convocatoria, corresponde a cada GDR solicitar á AGADER, en función do sinalado na convocatoria e na súa estratexia de desenvolvemento local, a aprobación do importe máximo dispoñible para cada unha das tipoloxías de proxectos:

- Proxectos produtivos.
- Proxectos non produtivos, e dentro destes últimos distinguirase entre os promovidos por entidades públicas locais e os promovidos por institucións de carácter privado.

As solicitudes de cada un dos GDR deberán remitirse á AGADER durante o mes inmediatamente posterior á data da publicación de cada unha das convocatorias.

O prazo de presentación de solicitudes esta vixente desde o día seguinte ao da publicación da primeira convocatoria (dende o 31 de xaneiro de 2017) e durante todo o período de execución da medida Leader, coa data límite que determine o GDR en función da dispoñibilidade de fondos, tendo en conta as datas establecidas no calendario de xestión das bases reguladoras:

- Data final de admisión de solicitudes para a primeira proposta anual de selección de proxectos: 31 de marzo de cada ano.
- Data final de admisión de solicitudes para a segunda proposta anual de selección de proxectos: 31 de maio de cada ano.

O GDR seleccionará, en réxime de concorrencia competitiva, proxectos que sexan encadrables na estratexia de desenvolvemento local seleccionada, segundo os obxectivos de dita estratexia, e de acordo coas bases reguladoras de selección de estratexias de desenvolvemento local,

aprobadas o 10 de febreiro de 2016 polo Consello de Dirección da AGADER, e co Réxime de Axudas para a medida Leader de Galicia 2014-2020. Aplicarase o procedemento de selección dos proxectos, non discriminatorio, transparente e con criterios obxectivos predefinidos, que figura na estratexia de desenvolvemento local seleccionada.

Os importes consignados para cada GDR nas convocatorias, poderán ser obxecto de redistribución entre os distintos GDR nos supostos de non rexistrarse solicitudes suficientes a 31 de maio de cada anualidade ou se a calidade dos proxectos presentados ata esa mesma data (31 de maio de cada anualidade) non acadase a puntuación mínima esixida para ser subvencionables.

Axudas ao abeiro da submedida 19.4

Cada GDR seleccionado ten prevista na cláusula 10ª do convenio asinado coa AGADER unha dotación financeira global para toda a submedida 19.4: gastos en custes correntes e animación (no caso do GDR05 ver cadro incluído na páxina 4 do presente Manual de Procedemento).

Non obstante, debe realizarse unha solicitude anual, desglosada por partidas, do importe máximo que con cargo a gastos correntes (19.4A) precisará o GDR. Esta solicitude deberá ser autorizada polo Director Xeral da AGADER, que emitirá as correspondentes resolucións de concesión de axuda individualizadamente para cada un dos GDR.

En paralelo a esta solicitude de gastos en custes correntes (19.4A) para cada anualidade, o GDR deberá remitir á AGADER unha pequena memoria, xunto coa previsión de gastos para a submedida 19.4B animación. O importe previsto ou reservado para animación non debera de ser inferior ao 2% do total solicitado para a submedida 19.4 (gastos correntes e animación). No caso de que o importe solicitado fose inferior a ese 2%, a AGADER requiriralle ao GDR que fundamente a non necesidade de publicitar o seu propio programa de desenvolvemento local e o seu territorio de actuación.

A submedida 19.4A: gastos en custes correntes

A intensidade da axuda con cargo á estratexia poderá ser do 100%.

O GDR poderá obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para eses fins. Non obstante o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

O GDR deberá executar e xustificar os gastos correntes de funcionamento seguindo as regras xerais previstas no Réxime de Axudas. Ademais, deberá acreditar a moderación de custes, calquera que sexa a contía do gasto subvencionable, mediante o sistema adecuado de valoración que estableza a AGADER no Réxime de Axudas ou en instrucións ditadas ao efecto. O sistema de valoración de custes poderá consistir no establecemento de custes máximos de referencia, na comparación de polo menos 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á asunción do gasto ou no establecemento de prezos máximos por un comité de avaliación que designe a AGADER.

A AGADER pagará os gastos correspondentes aos custes correntes da estratexia de desenvolvemento local, do seguinte xeito: No caso de solicitude do GDR, poderá concederse un anticipo de ata o 50% do orzamento dispoñible en cada anualidade, unha vez xustificados os gastos en custes correntes da anualidade anterior. O importe restante da anualidade liberarase unha vez que se xustifique o anticipo e a medida que o GDR presente as solicitudes de pago xunto coa documentación xustificativa das mesmas. Os gastos poderán ser xustificados mensualmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo.

Unicamente serán elixibles os gastos causados na anualidade na que o GDR solicite o seu pagamento, agás os gastos nos que incorra o GDR nos dous meses finais de cada anualidade, que poderán ser imputados polo GDR con cargo ao orzamento dispoñible da anualidade inmediatamente posterior. Esta excepción non será aplicable na anualidade final do programa.

A submedida 19.4B: animación da estratexia e do territorio do GDR

Para a correcta aplicación da estratexia de desenvolvemento local, o GDR deberá realizar actuacións de animación e de promoción da estratexia e do territorio do GDR, conforme ao previsto nas bases reguladoras (Réxime de Axudas).

Os proxectos de animación e promoción territorial poderán seleccionarse pola Xunta Directiva do GDR a medida que a AGADER vaia verificando os informes control de elixibilidade (ICE) correspondentes. Para este fin, unha vez verificados, a Xunta Directiva do GDR propoñerá ao Director Xeral da AGADER a concesión de axuda de cada un destes expedientes e ata o esgotamento do crédito dispoñible en cada anualidade.

As actuacións referidas á animación executaranse e xustificaranse segundo as regras xerais previstas no Réxime de axudas. Poderá concederse, previa solicitude do GDR, un anticipo de ata o 50% da axuda pública que sexa concedida a cada expediente. O importe do anticipo non poderá ser superior ao orzamento que teña dispoñible, no exercicio corrente, o proxecto.

P3. Presentación de solicitudes de axuda

Fase	**Presentación de solicitudes de axuda**
Unidade	Equipo xestor do GDR
Prazo	Permanentemente aberto, non obstante existe *concorrencia competitiva*. As solicitudes valoraranse en bloques: 1º bloque: data límite: 31 de marzo de cada ano (primeira convocatoria) 2º bloque (no caso de que haxa excedente de fondos non cubertos na primeira convocatoria): data límite 31 de maio de cada ano (segunda convocatoria)

Descrición

En relación co GDR

Aínda que non forme parte específica do procedemento nin ten carácter oficial, a orixe da tramitación dunha solicitude de axuda pódese considerar que xurde cando un promotor interesado en realizar un proxecto cuxas características poidan facer que se considere subvencionable ó abeiro da convocatoria publicada, contacta co equipo xestor do GDR do territorio onde vai a desenvolver o seu proxecto (no noso caso o GDR05) co obxecto principal de recadar información para presentar unha solicitude de axuda. O promotor realiza unha descrición das características xerais do proxecto, que na maioría dos casos pode ser verbal.

O persoal do GDR deberá proporcionar a quen o requira toda a información necesaria para poder presentar debidamente a solicitude de axuda. Concretamente debe facilitarse información sobre tipoloxías de proxectos subvencionables, requirimentos para ser beneficiario, criterios de baremación polos cales vai a ser avaliado o seu proxecto, compromisos a adquirir como beneficiario da axuda, prazos mínimos para o inicio e a execución do proxecto, concesión de prórrogas, formas de xustificación e pago dos investimentos, sistema de avais ou garantías requiridos así como calquera outra información e documentación que lle puidese ser requirida ao promotor ao longo do período de tramitación do expediente tal e como figura no Réxime de Axudas aprobado e neste Manual de Procedemento.

Ao mesmo tempo facilitaránselle todos aqueles modelos necesarios para cumprimentar a súa solicitude, no formato que proceda segundo o que se especifica máis adiante deste apartado. Estes modelos estarán ao dispor dos interesados na sede electrónica da Xunta de Galicia e nas respectivas sedes dos GDR.

A cada solicitude dada de alta, asignaráselle un número que identificará a ese expediente, que será único e que terá a seguinte estrutura:

- Nº de anualidade na que se presente o proxecto (L + dous últimos díxitos da anualidade).
- Indicación da submedida (1920 ou 1940).
- Nº de GDR (2 caracteres numéricos): No noso caso 05.
- Nº de expediente correlativo 4 díxitos. (No caso de ser expedientes da 19.4, o primeiro díxito será A (no caso de ser un expediente de custes correntes) ou B (no caso de tratarse dun expediente de animación). A numeración dos expedientes da submedida 19.4A (custes correntes) será independente e non gardará un número correlativo cos das restantes submedidas, sen embargo a numeración dos expedientes da 19.4B (animación) será correlativa cos expedientes das restantes submedidas.

En relación co promotor dun proxecto

O promotor debe formalizar a súa solicitude de axuda ***(DOC. 2)***, dentro do prazo establecido, e dirixila ao GDR correspondente ao territorio en que vaia executarse o proxecto de que se trate, no noso caso ao GDR05, tendo cumprimentado o modelo ***Solicitude de Axuda (ANEXO II)*** normalizado ao que debe acompañar unha serie de documentos adicionais.

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal. A presentación electrónica será obrigatoria para:

- As persoas xurídicas de carácter privado.
- As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

As persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente no rexistro do GDR aos que vaian dirixidas (no noso caso na sede principal do GDR05 sita en Chantada), utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, que tamén estará a dispor dos interesados nas respectivas sedes dos GDR.

Estas persoas tamén poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, debendo, unicamente neste caso, dirixir as solicitudes á AGADER, coa finalidade de que sexan remitidas pola Axencia aos grupos de desenvolvemento rural destinatarios das mesmas.

Xunto coa solicitude de axuda os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da personalidade do solicitante e, de ser o caso, da representación do solicitante:

- No caso de *persoas xurídicas*, esta acreditación realizarase mediante un certificado expedido polo Rexistro Mercantil ou outros rexistros públicos que correspondan en función da personalidade xurídica de que se trate, en que se identifique a constitución e a representación correspondente, con indicación do seu alcance e vixencia.
  De non achegarse dito certificado, deberán presentar copia das correspondentes escrituras de constitución e do poder de representación, debidamente inscritas no rexistro público que corresponda segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate. Así mesmo, deberanse presentar as modificacións posteriores dos documentos indicados, así como a fotocopia do NIF, no caso de denegar expresamente a súa consulta.
- No caso de *persoas físicas*, esta acreditación realizarase mediante a fotocopia do DNI. Non obstante unicamente será necesario presentalo no caso de que a persoa beneficiaria lle denegue expresamente á AGADER a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve.

b) Declaración censual tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.

c) Documentación acreditativa de que se cumpre co requisito de ser pequena empresa: últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, na que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual.

d) Informe da plantilla media de traballadores en situación de alta na empresa, correspondente aos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda, expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

e) Informe de vida laboral da/s conta/s de cotización da empresa e/ou dos traballadores autónomos, correspondente aos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda.

f) Memoria - resumo do proxecto, na cal se reflicta a situación de partida, os obxectivos que se perseguen coa súa posta en marcha e a metodoloxía de traballo, así como as explicacións necesarias para a correcta comprensión do proxecto. O solicitante debe ter en conta que esta información vai ser tomada en consideración para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para aplicar os criterios de selección que o GDR teña aprobados.

- Para *proxectos de natureza produtivos*, a memoria - resumo do proxecto deberá incluír unha previsión do plan de empresa que abranguerá polo menos 5 anos, coa xustificación da súa viabilidade económica financeira. Entregarase en documento normalizado modelo ***Resumo do Proxecto - Plan de empresa (ANEXO III)***.
- Para *proxectos de natureza non produtivos*, a memoria - resumo do proxecto deberá incluír unha previsión do plan de xestión da actividade e/ou do investimento que abranguerá polo menos 5 anos. Entregarase en documento normalizado modelo ***Resumo do Proxecto - Plan de Xestión (ANEXO IV)***.

g) Orzamento de gastos, desagregados por partidas, necesarios para a execución do proxecto segundo documento normalizado modelo ***Orzamento (ANEXO V)***.

h) Relación de ofertas solicitadas e elixidas, nos termos indicados no artigo 10 das bases reguladoras sobre Moderación de custes, segundo os documentos normalizados modelo ***Relación de Ofertas solicitadas e elixidas (ANEXO VI-A)*** e modelo ***Declaración sobre as Ofertas solicitadas e elixidas (ANEXO VI-B)***.

i) De ser o caso, documentación acreditativa da non suxeición ou exención do IVE, de modo que se constate que é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable.

j) No suposto de investimentos en explotacións agrarias, código de explotación agraria, ou no seu defecto, rexistro oficial que corresponda á explotación agraria.

k) No suposto de proxectos de diversificación de explotacións agrarias cara actividades non agrarias (ficha de elixibilidade IV) deberá achegarse a acreditación do grao de parentesco. Neste suposto deberá achegarse tamén o certificado de empadroamento, só no caso de denegar expresamente á AGADER a súa consulta.

l) Plano do SIXPAC indicando as coordenadas da localización da operación.

m) No caso de empresas xa existentes, licenza de actividade do concello ou de ser o caso acreditación da presentación da comunicación previa establecida no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

n) No caso de que unha operación inclúa obra civil, anteproxecto ou memoria valorada, asinado por técnico competente na materia.

ñ) Calquera outra documentación ou información adicional que o interesado considere de interese para un mellor análise e valoración do proxecto.

Non será necesario que os solicitantes presenten a documentación que xa conste en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante á súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A documentación complementaria presentarase de forma electrónica polas persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración e/ou o GDR na súa condición de entidade colaboradora da Administración, poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

As persoas non obrigadas á presentación electrónica, ademais de electronicamente tamén poderán presentar a documentación complementaria en formato papel, presencialmente no

rexistro do GDR ao que vaian dirixidas (no noso caso o GDR05). Estas persoas tamén poderán presentar a documentación complementaria en formato papel, presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, debendo, unicamente neste caso, dirixir a documentación complementaria á AGADER, coa finalidade de que sexa remitida pola Axencia aos grupos de desenvolvemento rural destinatarios da mesma

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

Resolución de incidencias

INCIDENCIAS	SOLUCIÓNS
A solicitude preséntase sen a documentación mínima que esixe o artigo 12.2 das bases reguladoras (memoria resumo en documento normalizado e orzamento de gastos en modelo normalizado)	Emisión por parte do equipo xestor do GDR dun ICE desfavorable. Non se admite subsanación da solicitude
Data de entrada da solicitude de axuda con posterioridade ao 31 de marzo de cada anualidade (para a primeira convocatoria do ano)	A solicitude admítese a trámite e emítese un ICE, non obstante non concorre en concorrencia competitiva co resto dos expedientes presentados nese bloque
Data de entrada da solicitude de axuda con posterioridade ao 31 de maio de cada anualidade (para a segunda convocatoria do ano)	A solicitude admítese a trámite e emítese un ICE, non obstante non concorre en concorrencia competitiva co resto dos expedientes presentados nese bloque
Data de entrada da solicitude de axuda con posterioridade ao 31 de marzo de 2020 (data límite no artigo 33 das bases reguladoras das axudas Leader	Non se admite a trámite a solicitude

P4. Acta de Non Inicio

Fase	**Acta de Non Inicio**
Unidade	Equipo xestor do GDR
Prazo	10 días hábiles posteriores á data de presentación da solicitude

Descrición

Consideraranse gastos subvencionables os causados a partir da data da solicitude de axuda presentada en tempo e forma; coa excepción de:

- Os custes xerais vinculados aos gastos de investimento, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade (non poderán superar o 12% do total de gastos subvencionables).
- A adquisición de terreos.

Para os efectos de comprobar esta circunstancia, así como o non inicio dos investimentos, realizarase polo equipo xestor do GDR unha "acta de non inicio" (ANI) dos investimentos, no prazo dos 10 días seguintes ao do rexistro da solicitude de axuda. Neste senso, o equipo xestor do GDR realizará unha inspección "in situ" para verificar o non inicio dos gastos ou investimentos para os que se solicita a axuda, levantando acta ao efecto.

No caso de que o solicitante desexe iniciar a execución do proxecto antes da realización da citada comprobación, deberá achegar unha acta notarial na que se reflicta de xeito fidedigno o non inicio da obra ou instalación.

A ANI elaborarase segundo documento normalizado modelo ***Acta de Non Inicio (DOC. 3)*** e debe estar avalada con material fotográfico (3 ou 4 fotos con data impresa) que garantan a comprobación posterior do non inicio previo á presentación da solicitude.

Se os investimentos corresponden a unha actividade xa existente, anexarase á acta un informe descritivo da situación actual do establecemento, que preferentemente irá acompañado do correspondente material gráfico e documental (listados de maquinaria, equipamento, planos, etc.).

A ANI debe ser asinada polo técnico que realizou a inspección e polo beneficiario/representante, quedando cunha copia o beneficiario e a orixinal deberá de ser incorporada ao expediente.

Se na visita de inspección se comproba o inicio previo dos investimentos para os cales se solicita a axuda, levantarase acta acompañada de material fotográfico e procederase a tramitar o expediente como non subvencionable seguindo os pasos que se describen máis adiante neste Manual de Procedemento.

Resolución de incidencias

INCIDENCIAS	SOLUCIÓNS
O promotor négase a asignar a ANI	O xerente ou técnico deberá deixar constancia desta circunstancia na ANI
O persoal técnico do grupo non realiza a ANI no prazo estipulado	Na fase procedemental da verificación do ICE, comprobarase esa circunstancia polos técnicos da AGADER que revisen o expediente. Esta incidencia poderá ser tida en conta pola AGADER á hora do reparto da reserva de eficacia ou para pedir aclaracións ao GDR
O equipo xestor do GDR comproba que os investimentos xa están iniciados	O proxecto non será elixible, debendo o equipo xestor do GDR de proceder á emisión dun ICE desfavorable

P5. Revisión de documentación, análise e baremación do expediente

Fase	**Revisión de documentación, análise e baremación do expediente**
Unidade	Equipo xestor do GDR
Prazo	10 días hábiles

Descrición

En relación coa solicitude de axuda, o equipo xestor do GDR comprobará, nun prazo máximo de 10 días hábiles que a operación cumpre cos requisitos da estratexia de desenvolvemento local aprobada, co disposto nas bases reguladoras do Réxime de Axudas, no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 e na restante normativa comunitaria e nacional que sexa de aplicación. En particular, verificarase:

1) A admisibilidade do beneficiario.
2) Os criterios de admisibilidade da acción proposta.
3) A localización do investimento en territorio elixible.
4) A xustificación da viabilidade técnica, económica (no seu caso) e financeira.
5) A elixibilidade dos investimentos propostos.
6) Os compromisos e obrigas que debe cumprir a operación para a que se solicita a axuda.
7) O cumprimento dos criterios de selección.
8) A verificación da moderación dos custos propostos.

No suposto de defectos na solicitude ou na documentación complementaria, o equipo xestor do GDR requiriralle ao interesado para que no *prazo máximo e improrrogable de 10 días* corrixa a falta ou acompañe os documentos preceptivos, nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Esta comunicación realízase por escrito mediante o documento normalizado modelo ***Requirimento de documentación para completar a solicitude de axuda (DOC. 4)***. Este documento será enviado ao promotor en formato papel con xustificante de recepción.

De cara á emisión do ICE e do ITV, o equipo xestor do GDR disporá dun prazo máximo de 10 días hábiles, a contar dende a data na que o expediente estea completo.

Non obstante, non será susceptible de emenda a falta de presentación da seguinte documentación, considerada como mínimo imprescindible para tramitar a solicitude de axuda e causante da emisión por parte do equipo xestor do GDR dun ICE desfavorable:

- Solicitude de axuda ***(ANEXO II)***.
- Memoria e resumo do proxecto en documento normalizado ***(ANEXO III*** ou ***ANEXO IV)***.
- Orzamento de gastos necesarios para a execución do proxecto ***(ANEXO V)***.

Así mesmo, logo da presentación da solicitude de axuda e durante a instrución do procedemento, non se admitirá ningunha modificación dos investimentos para os cales se solicita a axuda que supoñan un incremento do seu importe, nin a inclusión de novos elementos ou gastos.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente no rexistro do GDR ao que vaian dirixidos (no noso caso no GDR05).

Durante esta fase estudiarase por parte do equipo xestor do GDR, pormenorizadamente o expediente. Antes de comezar empregar a aplicación informática (que se atopa en fase de preparación) é necesaria unha análise previa de toda a documentación do expediente para a continuación, e axudándose da ferramenta da aplicación, que xa terá incorporadas moitas das consideracións a ter en conta na tramitación do expediente, realizar as comprobacións enumeradas previamente a través dos seguintes puntos principais:

1. Beneficiario: a súa admisibilidade.
2. Proxecto: os criterios de admisibilidade da acción proposta.
3. Orzamento: a elixibilidade dos investimentos propostos.
4. Baremo: os criterios para a selección dos proxectos.
5. Proposta de financiamento.

1) Beneficiario: a súa admisibilidade

O primeiro paso é comprobar se o solicitante cumpre cos requisitos necesarios para poder ser considerado como posible beneficiario da axuda, tal e como figura no apartado correspondente deste Manual de Procedemento, en base á documentación aportada.

Agás nos casos de proxectos non produtivos e nos supostos de proxectos promovidos por entidades públicas locais ou comarcais, deberá analizarse polo miúdo as últimas contas depositadas no rexistro correspondente así como a última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, co gallo de comprobar que o beneficiario ten a consideración de pequena empresa respecto do número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance xeral anual.

No caso de que o promotor non cumprira con algún dos requisitos esixibles para a súa consideración como beneficiario, o que procedería sería a emisión dun ICE desfavorable seguindo o procedemento sinalado máis adiante neste Manual de Procedemento.

2) Proxecto: os criterios de admisibilidade da acción proposta

Unha vez comprobado que o promotor cumpre os requisitos, comeza a análise do proxecto presentado.

Serán subvencionables os proxectos que teñan encadramento na estratexia de desenvolvemento local do GDR05 Asociación Miño Ulla, de forma que respondan ás prioridades e aos obxectivos especificamente recollidos na estratexia.

Os proxectos poderán clasificarse en produtivos e non produtivos.

- *Proxectos produtivos*: os que supoñan a realización dunha actividade económica con fin lucrativo tendentes á produción de bens e/ou servizos e que supoñan unha creación e/ou mantemento do nivel de emprego.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

- *Proxectos non produtivos*: os que teñan un interese público ou colectivo e non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica con finalidade lucrativa.

Con carácter xeral, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da estratexia de desenvolvemento local do GDR05.

b) Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os non produtivos.

c) Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.

Se no momento da solicitude de axuda non se puidese acreditar o cumprimento da normativa, a obtención da axuda quedará condicionada á presentación por parte do promotor dos documentos que acrediten o cumprimento deste requisito no momento da solicitude de pagamento. O persoal do grupo debe informar ao promotor que debe iniciar o antes posible os tramites de solicitude dos permisos e licencias perante as administracións competentes, co obxecto de que o pago final da subvención non se vexa demorado como consecuencia da non acreditación dalgún requisito esencial.

d) Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda. Para estes efectos, considérase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción, ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido dos equipos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible e que vincule xuridicamente ao solicitante, se esta data é anterior. Sen embargo, a compra de terreos e os traballos preparatorios, como a obtención de permisos e a realización de estudos de viabilidade, non terán a consideración de inicio dos traballos.

e) Ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados os proxectos. Non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.

Os proxectos e actuacións deberán cumprir, ademais, as condicións de subvencionabilidade que se especifican segundo a súa tipoloxía nas fichas de elixibilidade (FE) recollidas nas bases reguladoras, e que se pasan a explicitar a continuación para a submedida 19.2:

Investimentos no sector da produción agraria primaria (FE I)

Por razóns de coherencia e complementariedade con outras liñas de axuda específicas do PDR de Galicia 2014-2020, non serán subvencionables, como regra xeral, os proxectos encadrables no sector da produción agraria primaria (inclúese na definición de produción agraria primaria a produción agrícola, gandeira e forestal). Non obstante, como excepción á regra xeral, serán subvencionables a través da medida Leader de Galicia 2014-2020, os investimentos seguintes:

- Mellora da eficiencia enerxética das explotacións agrarias e/ou emprego de fontes de enerxía renovables.
    - A explotación agraria deberá estar en funcionamento, tendo declarada facturación real pola venda dos seus produtos, e deberá posuír un CEA (código de explotación agraria) ou rexistro oficial que corresponda á explotación agraria dunha antigüidade de polo menos un ano anterior á data da solicitude de axuda.
    - Nos supostos de mellora da eficiencia enerxética da explotación agraria, esta deberá quedar acreditada mediante a presentación dun plan empresarial, acompañado dun informe emitido por técnico competente ou dunha auditoría enerxética. A redución dos custes derivados da mellora da eficiencia enerxética da explotación deberá acadar unha porcentaxe mínima do 40%.
- Pequenos proxectos, ata un máximo de 30.000,00 € de investimento total elixible, que supoñan o inicio ou implantación dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal, sempre que esta constitúa unha actividade complementaria á actividade principal non agraria do promotor do proxecto.

  Nos supostos de proxectos promovidos por persoas físicas:
    - O total da renda da unidade familiar no momento da solicitude de axuda, non poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional vixente.
    - O resultado final da previsión económica, xuntando a actividade principal non agraria e a renda agraria derivada do proxecto, non poderá superar o quíntuplo do valor do citado salario mínimo interprofesional.

  Tomaranse en consideración para o cálculo da renda da unidade familiar no momento da solicitude de axuda, a declaración dos impostos persoais sobre a renda.

  O cálculo do resultado final da previsión económica realizarase en base aos módulos fixados pola Consellería do Medio Rural para os plans de mellora de explotacións agrarias (http://mediorural.xunta.gal/fileadmin/arquivos/explotacions/2017/NORMA_COMPLEMENTARIA__2017_4-1_6-1_e_6-3-1.pdf).

Para proxectos promovidos por promotores distintos a persoas físicas:

- O cálculo da renda inicial realizarase en base á última declaración tributaria efectuada, tendo en conta a normativa que lle sexa aplicable a cada promotor segundo a súa específica forma xurídica.

En ambos supostos, o promotor estará obrigado a dar de alta a explotación agraria que se implante a raíz do investimento, no REAG (rexistro de explotacións agrarias de Galicia), así como a obter o correspondente CEA (código de explotación agraria) con carácter previo á xustificación final do proxecto.

Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios (FE II)

Serán subvencionables os investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización de empresas destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, considerando como tales os produtos enumerados no Anexo I do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, excepto os produtos da pesca.

Así mesmo, considéranse incluídos nesta tipoloxía, os investimentos relativos a procesos de transformación nos cales interveñan produtos non incluídos no anexo I do Tratado e estes sexan un compoñente menor do produto final. Considerarase que son un compoñente menor cando a cantidade total destes non supere o 15% do peso total do produto final. Os investimentos relativos a procesos de transformación nos que a porcentaxe de produtos non incluídos no Anexo I do Tratado supere o citado 15% do peso total do produto final non estarán incluídos na regulación desta ficha de elixibilidade. Para comprobar esta circunstancia terase en conta o peso dos produtos que se reflicta na etiqueta final do mesmo.

Non obstante, unicamente serán elixibles os proxectos nos cales o importe total dos investimentos subvencionables non exceda da contía máxima que, por razóns de coherencia e complementariedade entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia, estableza o PDR de Galicia para esta tipoloxía de proxectos que se poidan subvencionar a través da medida 19 (Leader) no período 2014-2020.

En xaneiro de 2018 (data da redacción desta primeira versión do Manual de Procedemento do GDR05), o importe máximo que establece o PDR son 30.000,00 € de investimento subvencionable, pero xa está a tramitarse o cambio para que pasen a ser 60.000,00 €.

Os investimentos deben cumprir a normativa aplicable en materia de sanidade e benestar animal de ser o caso:

- Non se concederán axudas a solicitantes que presenten proxectos relativos a instalacións xa existentes que non acrediten dispoñer de rexistro sanitario, ou que non cumpran, de ser o caso, a normativa de benestar animal, ou a relativa á elaboración de produtos para alimentación animal.
- Non se pagarán axudas a beneficiarios que non acrediten, tras a execución dos investimentos, dispoñer de rexistro sanitario actualizado ou vixente, así como, de ser o caso, cumprir a normativa de benestar animal ou a relativa á elaboración de produtos para alimentación animal. Esta acreditación non será esixida no caso de que os investimentos previstos, dadas as súas características, non supoñan unha alteración das actividades da empresa que afecten o rexistro sanitario vixente, ou alteren as condicións relativas ao benestar animal ou á elaboración de produtos para alimentación animal.

Investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais (FE III)

Serán subvencionables os investimentos relacionados coa transformación, utilización e/ou comercialización da madeira como materia prima que sexan anteriores á primeira transformación industrial, sempre no caso de que estean dirixidos á produción de quebrado de madeira e/ou de pellets para a xeración de enerxía e/ou fonte de calor. Poderán incluír a tala, descortizado, troceado, almacenamento, tratamento de protección e secado e outras operacións de traballo anteriores á primeira transformación industrial da madeira.

Terá a consideración de primeira transformación as actividades posteriores ao primeiro aserrado da madeira.

Os investimentos relacionados coa transformación, utilización e/ou comercialización da madeira como materia prima que sexan posteriores á primeira transformación industrial serán subvencionables a través da ficha de elixibilidade V (investimentos que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias).

Non será subvencionable a adquisición de maquinaria para servizos forestais nin a subvencionabilidade ás empresas cuxo única epígrafe no que están dadas de alta no CNAE sexa o correspondente a servizos agrarios e/ou forestais.

Investimentos que supoñan diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias (FE IV)

Serán subvencionables proxectos que impliquen o inicio ou mellora dunha actividade produtiva complementaria á da propia actividade agraria que se desenvolva na explotación agraria, respondendo ao obxectivo xeral de mellora da calidade de vida en zonas rurais e diversificación da economía rural, tales como:

- Elaboración e venda de produtos artesanais.
- Agroturismo: acondicionamento e mellora das instalacións da explotación agraria de cara a ofrecer servizos turísticos como actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia. Estes investimentos, en especial os que supoñan a creación de novas prazas de aloxamento, estarán supeditados ao disposto no Acordo de Colaboración asinado entre a AGADER e a Axencia de Turismo de Galicia.
- Servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización de patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais do territorio.
- Prestación de servizos á poboación.

Investimentos que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias (FE V)

Serán subvencionables proxectos que supoñan a creación, ampliación e modernización de pequenas empresas, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria, respondendo ao obxectivo xeral de mellora da calidade de vida en zonas rurais e diversificación da economía rural.

- Entenderase por creación a posta en marcha dunha nova empresa ou, no caso de que a empresa xa tivera actividade comercial con carácter previo á solicitude de axuda, a posta en marcha dunha actividade distinta á que viñera desenvolvendo con carácter previo á data da solicitude de axuda. Considérase que a actividade é distinta cando o grupo do código nacional de actividades económicas (CNAE) correspondente á nova actividade sexa distinta á división do CNAE correspondente á actividade ou actividades comerciais que tivera a empresa con carácter previo á data da solicitude de axuda.

- Por modernización entenderase a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio fundamental na natureza da produción ou na tecnoloxía correspondente.

Os investimentos que se limiten a substituír un edificio ou unha máquina existente, ou partes dos mesmos, por un edificio ou por outra máquina nova, unicamente serán subvencionables no caso de que a substitución supoña ampliar a capacidade de produción en máis dun 25% con respecto á que viña desenvolvendo o edificio ou a maquinaria substituída.

Investimentos en proxectos non produtivos (FE VI)

Poderán subvencionarse proxectos que teñan un interese público ou colectivo, é dicir, que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito ao conxunto da poboación ou da sociedade en xeral, e que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica. Entre outros:

- Proxectos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e de zonas de alto valor natural. O departamento da Xunta competente na materia deberá acreditar o interese da proposta ou ben que este estea definido como de interese no plan de mantemento, restauración, mellora ou posta en valor do patrimonio natural ou cultural que o GDR poida elaborar e que estea aprobado pola AGADER.
- Proxectos referidos á creación, mellora ou ampliación de todo tipo de servizos para a poboación rural como as actividades recreativas e culturais, xunto coas correspondentes infraestruturas a pequena escala.

Cando o proxecto de interese público ou colectivo, comporte unha actividade económica por si mesmo ou de maneira coadxuvante, terá a consideración de non produtivo cando:

- Os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais.
- No resto dos casos, tanto para proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos, como para aqueles promovidos por outros promotores distintos estas, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio neto non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.

Proxectos de formación promovidos polos GDR coa finalidade de incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio (FE VII)

Como xa se expuxo anteriormente neste Manual de Procedemento, o GDR05 Asociación Miño Ulla non contemplou na súa estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) a execución desta tipoloxía de proxectos.

Limitacións sectoriais

Tendo en conta o carácter transversal da medida Leader, cómpre establecer as seguintes limitacións sectoriais por razóns de complementariedade e de coherencia con outras intervencións públicas que incidan sobre o territorio rural galego. Por outra parte, a AGADER poderá solicitar informes e asinar convenios de colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, coa finalidade de garantir a citada coherencia e complementariedade.

a) Para os investimentos en establecementos turísticos e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalería, rexerá o Acordo de colaboración asinado entre a AGADER e a Axencia Turismo de Galicia no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

b) Para os investimentos no sector das enerxías renovables: quedan excluídos de financiamento calquera tipo de investimentos en enerxías renovables para venda á rede.

c) No ámbito dos investimentos en actividades económicas do sector servizos (talleres, tinturarías, lavandarías, clínicas, tanatorios, asesorías, perruquerías, despachos profesionais e calquera outra actividade asimilada ás anteriores do sector servizos) o GDR05 Asociación Miño Ulla aplicará o establecido na súa estratexia de desenvolvemento local seleccionada e aprobada pola AGADER, que di o seguinte:

- A creación de servizos como talleres, tinturerías, lavanderías, clínicas, tanatorios, asesorías, perruquerías, despachos profesionais e calquera outra actividade asimilada ás anteriores do sector servizos, só será subvencionable cando se acredite, mediante informe do Concello ou outro método acreditativo similar, que non existe na entidade colectiva ou parroquia onde se pretende ubicar ningún servizo dado de alto no epígrafe do IAE que lle corresponda. A mellora e ampliación deste tipo de servizos subvencionarase sempre que vaia vinculado a creación de emprego (mínimo 0,25 UTAs).

d) No ámbito dos investimentos no sector do comercio polo miúdo será de aplicación o que determine a estratexia de desenvolvemento local do GDR05 Asociación Miño Ulla que fora seleccionada e aprobada pola AGADER, que di o seguinte:

- Só será subvencionable a creación de novos establecementos, e sempre e cando se acredite, mediante informe do Concello ou outro método acreditativo similar, que non existe na entidade colectiva ou parroquia onde se pretende ubicar ningún establecemento dado de alto no epígrafe do IAE que lle corresponda. En ningún caso será subvencionable a adquisición das mercadorías destinadas á venda.

e) Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento a través da medida Leader de Galicia 2014-2020.

f) Para a realización de investimentos en centros sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento o GDR05 Asociación Miño Ulla aplicará o establecido na súa estratexia de desenvolvemento local seleccionada e aprobada pola AGADER, que di o seguinte:

- Creación, reforma ou ampliación de edificios destinados a locais sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento (a contía máxima de axuda por cada proxecto deste tipo non poderá exceder dos 50.000,00 €). No territorio de actuación do GDR05 poderá subvencionarse a creación dun novo local social nas entidades colectivas ou parroquias onde non exista ningún, nas parroquias onde xa exista algún local social, só se subvencionará a reforma ou ampliación.

  Estes proxectos non produtivos a subvencionar, poderán ter como beneficiarios a promotores públicos e privados, e poderán estar ou non programados na estratexia. Dentro dos programados na mesma están os seguintes:

  - Rehabilitación casa escola da parroquia San Cristovo de Mouricios (Chantada).
  - Rehabilitación da casa escola da parroquia de Vilauxe (Chantada).
  - Rehabilitación da casa escola da parroquia de Mundín (Chantada).
  - Rehabilitación integral do local social da parroquia de Bagude (Portomarín).
  - Ampliación do local social da parroquia de Cruceiro (Portomarín).
  - Cambio da cuberta do local social da parroquia de Soengas (Portomarín).
  - Rehabilitación do local social da parroquia de Güimil (Monterroso).
  - Rehabilitación do local social da parroquia de Bidouredo (Monterroso).

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

- Rehabilitación do local social da parroquia de Outeiro (Monterroso).
- Rehabilitación do local social da parroquia de Cumbraos (Monterroso).
- Rehabilitación do local social parroquia de San Mamede de Castro (Paradela).
- Rehabilitación de dous locais sociais noutras tantas parroquias do concello de Taboada.
- Rehabilitación de dous locais sociais nas parroquias de Beleigán e San Vicente no concello de O Páramo.

g) Os investimentos consistentes na elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000,00 € por proxecto.

3) Orzamento: a elixibilidade dos investimentos propostos

Unha vez comprobado que o orzamento presentado está correctamente cumprimentado procédese a analizar os gastos propostos co obxectivo de definir cales de estes gastos van a ter a consideración de subvencionables e, así, obter o orzamento aceptado para o proxecto, que é o que se terá en conta para determinar o importe da subvención.

Sobre o orzamento presentado deberán realizarse as seguintes comprobacións:

a) Que existe coherencia entre o proxecto e a relación de gastos propostos.
b) Que os gastos son subvencionables segundo o previsto no réxime de axudas.
c) Que foi avaliada a moderación dos gastos propostos mediante a comparación de ofertas diferentes ou custos de referencia.
d) A compatibilidade e acumulación con outras axudas.

Todos aqueles conceptos ou gastos que non sexan subvencionables detraeranse do orzamento aceptado, debendo de quedar suficientemente xustificado o(s) motivo(s) da súa exclusión de cara á súa posterior comunicación ao promotor.

A continuación detállanse os tres aspectos fundamentais que se deberán comprobar en catro epígrafes: os gastos subvencionables, os non subvencionables, as consideracións sobre a moderación dos custes e a compatibilidade con outras axudas.

Gastos subvencionables

Con carácter xeral, poderán subvencionarse os gastos necesarios para cumprir coa finalidade do proxecto, sempre que o seu valor non exceda ao do valor normal de mercado. En particular serán subvencionables:

a) A construción, adquisición e mellora de inmobles que vaian a ser utilizados en relación cos obxectivos do proxecto. No caso de adquisición de inmobles, a porcentaxe subvencionable non poderá superar o 50% do total dos gastos subvencionables. E deberá cumprirse o seguinte:

- Que se achegue un informe dun taxador independente, acreditado como tal, cualificado ou dun organismo debidamente autorizado que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado e que o ben se axusta á normativa que resulte de aplicación.
- O ben inmoble non pode ter sido obxecto nos últimos 10 anos de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
- Os edificios quedarán afectos ao destino previsto durante un período non inferior a 5 anos ou o tempo que esixa a normativa sectorial.
- No caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais ou comarcais ou polas súas entidades dependentes, os inmobles non poderán usarse para albergar servizos de carácter meramente administrativo. Terán esta consideración os servizos consistentes na tramitación administrativa ordinaria dos asuntos cuxa competencia é propia das entidades recollidas neste punto e que se recollen na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Non será subvencionable a compra de inmobles que vaian a ser derrubados nin a compra de inmobles a familiares de primeiro grado de consanguinidade ou afinidade, ou a socios da entidade beneficiaria do proxecto.

b) A adquisición de terreos ata o límite do 10% do total dos gastos subvencionables. Deberán cumprirse os condicionantes seguintes:

- Que se achegue un informe de taxador independente cualificado ou de organismo debidamente autorizado que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado.
- Que exista unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación.
- Que non estean edificados ou o estean con construcións que deban derrubarse como medio para o desenvolvemento e execución da operación subvencionable.

c) A adquisición de maquinaria e equipamento novos.

- Tamén poderán ser subvencionables os gastos en arrendamentos financeiros con opción de compra de adquisición de activos subvencionables, incluído, no seu caso, o valor da opción de compra, excepto a marxe do arrendador, xuros dos custos de refinanciamento, gastos xerais ou seguros, polo período de vida útil do activo e sen superar o custo de mercado ou a parte proporcional se o contrato finaliza antes.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

Unicamente serán subvencionables os pagos aboados polo arrendatario ao arrendador dentro do período de subvencionabilidade dos gastos, nos casos nos que se exerza o dereito á opción de compra dentro deste período. Para estes efectos, considérase que o período de subvencionabilidade dos gastos finaliza o día que remata o prazo de execución e xustificación da operación subvencionada.

d) Investimentos intanxibles como a adquisición e o desenvolvemento de programas informáticos, así como a creación de páxinas web, estudos e publicacións.

e) Custes xerais vinculados aos gastos de investimento, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade.

- Os custes xerais descritos neste apartado non poderán superar o 12% do custe total subvencionable das operacións de investimento aos que estean vinculados.

f) Gastos notariais e rexistrais derivados do inicio da actividade prevista no proxecto, así como a adquisición de patentes e licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas.

- A suma dos gastos sinalados neste apartado xunto coa suma dos gastos en custes xerais sinalados no apartado anterior non poderá superar o 20% do conxunto dos gastos subvencionables do proxecto.

g) Medios e equipos de transporte:

En proxectos de natureza produtiva:

- Adquisición de vehículos de transporte afectos en exclusiva a actividades empresariais ou profesionais, segundo se define na normativa tributaria vixente, en proxectos que dean lugar ao inicio dunha actividade económica.
- Gastos derivados da adecuación de vehículos de transporte de mercadorías para o desenvolvemento da actividade, sempre que non estean obrigados legalmente a esa adecuación unha vez iniciada a actividade.
- En ningún caso se subvencionará a adquisición e/ou adecuación de vehículos no sector do transporte. Enténdese que operan no sector do transporte as empresas que se dediquen ao transporte de pasaxeiros aéreo, marítimo, por estrada ou ferrocarril e por vía navegable; ou aos servizos de transporte de mercadorías por conta allea. Para determinar se a empresa opera no sector do transporte atenderase ao disposto nos epígrafes da clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) onde dita empresa teña encadrada a súa actividade ou actividades profesionais.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

En proxectos de natureza non produtiva:

- Poderán subvencionarse os gastos de adquisición ou da adecuación de vehículos de transporte que estean asociados á prestación de servizos sociais básicos como a atención a persoas maiores, a persoas dependentes ou a persoas con mobilidade reducida sempre que non estean obrigados legalmente a esa adecuación unha vez iniciada a actividade.

Particularidades nos gastos subvencionables segundo as fichas de elixibilidade: As regras de subvencionabilidade dos gastos serán as establecidas previamente con carácter xeral, coas excepcións e matizacións que se realizan para as seguintes tipoloxías de medidas:

Investimentos no sector da produción agraria primaria (FE I)

A adquisición de maquinaria automotriz non será subvencionable para os proxectos de mellora de eficiencia enerxética e/ou emprego de enerxías renovables.

A moderación de custes realizarase mediante a comparación de ofertas diferentes, xunto coa aplicación dos módulos máximos de referencia para aqueles investimentos que sexan subvencionables e para os que a Consellería de Medio Rural teña establecidos os citados módulos máximos.

Investimentos en proxectos non produtivos (FE VI)

Excepcionalmente, poderá ser subvencionable o aluguer de instalacións e equipamentos nos proxectos nos que algún dos beneficiarios recollidos para esta tipoloxía de proxecto participe nalgún proxecto consistente nun certame, evento ou feira que reúna os requisitos para ter a consideración de proxecto non produtivo ao abeiro do recollido nas bases reguladoras.

Gastos correntes ou de funcionamento dos GDR (FE VIII)

Para a correcta aplicación da estratexia de desenvolvemento local e para o cumprimento das súas funcións, o GDR deberá dotarse dos medios persoais e materiais axeitados, para o cal poderá realizar os seguintes tipos de gastos de funcionamento:

a) Gastos de persoal, que terá a cualificación suficiente para asumir o peso principal da xestión da estratexia. Os ditos gastos incluirán retribucións salariais, cotizacións á seguridade social e indemnizacións.

b) Asistencia á xestión en aspectos puntuais necesarios para a correcta aplicación da estratexia.

c) Subministracións exteriores.

d) Compra ou aluguer de material informático, telemático e de reprografía, material de oficina e similar.

e) Gastos relativos á sede do GDR (aluguer, acondicionamento, equipamento, gastos correntes en auga, electricidade, internet, etc...).

f) Gastos referidos á constitución de avais ou de garantías bancarias que sexan necesarios para a tramitación e concesión dos anticipos correspondentes á axuda pública destinada aos gastos correntes e de animación do GDR.

g) Gastos de constitución de pólizas bancarias.

h) Gastos vinculados ao traballo en rede.

i) Gastos correspondentes a actividades formativas do equipo xestor do GDR.

j) Outros gastos necesarios para realizar as funcións que lle corresponden como entidade colaboradora da AGADER, tales como os gastos de representación institucional ata un importe máximo de 1.000 €/ano, as axudas de custo e desprazamento, gastos asociados ás reunións dos órganos de decisión do GDR, a excepción de calquera tipo de retribución por asistencia a elas.

Non se consideran subvencionables os gastos por despedimentos improcedentes. Tampouco os xuros debedores das contas bancarias, nin os xuros, as recargas, as sancións administrativas e penais, o IVE recuperable, así como os demais impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación segundo a normativa nacional vixente e os gastos que se deriven de procedementos xudiciais que afecten aos GDR.

O GDR terá en conta as seguintes regras sobre os gastos de funcionamento con cargo á estratexia de desenvolvemento local:

a) Para as axudas de custo:

- En territorio nacional aplicarase o réxime e as contías previstas na Admón. Autonómica Galega para o grupo 2º , tanto se a actividade ten lugar no territorio de Galicia como fóra.
- Fóra do territorio nacional serán de aplicación o réxime e as contías previstas para o grupo 2º no anexo III do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou, no seu caso, na normativa que o substitúa.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

- O uso do vehículo particular con cargo á estratexia de desenvolvemento local limitarase á contía máxima por quilómetro percorrido prevista na normativa da Admón. Autonómica Galega para o persoal ao seu servizo.
- Para a imputación das compensacións sinaladas neste apartado que teñan como causa desprazamentos fóra do territorio do GDR, o equipo do GDR deberá solicitar previamente, e obter da AGADER, autorización expresa, indicando a causa do desprazamento. Este último requisito non será aplicable no caso de convocatoria expresa por parte da AGADER.

b) Os gastos correspondentes ás actividades formativas e cursos de interese para o equipo do GDR, limitaranse a un máximo do 1% do total dos fondos públicos asignados á submedida 19.4 (custos correntes e animación). Serán propostos pola Xunta Directiva do GDR e xustificarase o interese para o equipo xestor do grupo.

- O custe destas actividades limitaranse ás contías máximas vixentes para o persoal formador dos cursos oficiais organizados pola Consellería do Medio Rural ou doutros organismos públicos da C.A. (http://mediorural.xunta.gal/fileadmin/arquivos/formacion/continua/2016/circular_programacion_2016.pdf).
- O persoal docente deberá ser tecnicamente apto e xustificadamente elixido para a actividade formativa, que poderá ter carácter aberto a calquera persoa do territorio de actuación do GDR interesada na actividade formativa.

Gastos de animación e de promoción territorial (FE IX)

Para a correcta aplicación da estratexia de desenvolvemento local, o GDR deberá executar proxectos de animación e de promoción da estratexia e do territorio do GDR. No marco da animación, o GDR poderá promover actividades do seguinte tipo:

a) Difusión da estratexia no territorio de actuación.

b) Encontros, xornadas, seminarios, congresos.

c) Estudos, informes, publicacións.

d) Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web.

e) Viaxes, presenza en feiras e eventos.

f) Sinalizacións turísticas.

g) Rutas.

h) Proxectos sectoriais colectivos, de coordinación, accións conxuntas.

i) Valorización do patrimonio cultural inmaterial.

j) Accións de sensibilización para difundir as condicións medioambientais do territorio, así como os efectos negativos do cambio climático e as posibles accións de mitigación que se adopten no territorio.

O GDR distribuirá a axuda destinada aos proxectos regulados nesta cláusula tendo en conta as seguintes regras:

a) As axudas de custo limitaranse ás regras e contías establecidas no artigo 58.2 a) das bases reguladoras, que son as descritas para a tipoloxía de proxectos anterior.

b) O conxunto dos seguintes gastos non excederá do 10% do total da submedida 19.4 (custes correntes e animación):

- Encontros, xornadas, seminarios e congresos.
- Estudos, informes e publicacións.
- Viaxes e presenza en feiras, sen que podan viaxar ou asistir a feiras con cargo á estratexia máis de dúas persoas en cada ocasión, salvo que, en casos xustificados, a AGADER autorice a asistencia de máis persoas.

Gastos non subvencionables

Con carácter xeral, para todas as operacións, non son subvencionables:

a) Os investimentos de reparación e mantemento das instalacións, así como a reposición ou simple substitución de equipamento e maquinaria, salvo que a nova adquisición corresponda a equipamentos ou maquinaria diferenciada dos anteriores, ben pola tecnoloxía utilizada ou porque mellore a súa capacidade de produción nunha porcentaxe superior a un 25%, que deberá xustificarse achegando un informe dun técnico competente ou dun organismo debidamente autorizado.

b) O IVE recuperable polo promotor do proxecto, así como os demais impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación, así como os impostos persoais sobre a renda.

c) Os gastos de funcionamento da operación subvencionada e material funxible en xeral, sen prexuízo do disposto con carácter particular nas tipoloxías de proxectos de custes correntes, animación e á formación promovida polos GDR.

d) Maquinaria, equipamento e materiais de segunda man.

e) A execución por medios propios, o traballo voluntario non remunerado ou man de obra propia, así coma os materiais de igual procedencia.

f) Os intereses debedores das contas bancarias.

g) Os investimentos realizados con carácter previo á presentación da solicitude de axuda, coa excepción dos custes xerais vinculados a gastos de investimento.

h) Os investimentos que substitúan a outros que fosen financiados polo fondo FEADER ou outro fondo comunitario e non transcorresen, polo menos, 5 anos, contados dende a data da realización do investimento.

i) Os investimentos de reforma ou rehabilitación de inmobles cuxa construción ou adquisición fose financiada polo fondo FEADER ou outro fondo comunitario e non transcorresen polo menos 5 anos contados dende a data da realización do investimento.

j) Os xuros, recargas, multas coercitivas e sancións administrativas.

k) Os gastos de procedementos xudiciais.

l) A compra de dereitos de produción agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación en investimentos no sector agrario.

ll) Os conceptos de "gastos xerais" e "beneficio industrial", agás nos proxectos de promoción pública cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa.

m) Quedan excluídos aqueles investimentos promovidos polas entidades públicas locais relacionados coa prestación dos servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como os servizos esenciais para os que o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

n) Os proxectos de sinalización territorial.

ñ) Investimentos non relacionados directamente coas actividades desenvolvidas polo solicitante, así como as obras de simple ornamentación.

o) Os gastos financeiros producidos como consecuencia do investimento.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

Moderación de custes

Os custes deberán corresponder a prezos de mercado. Débese respectar a moderación de custes, tal como establece o artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

a) Para todos os gastos incluídos na solicitude de axuda deberase solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, circunstancia que deberá ser xustificada expresamente nunha memoria ***(ANEXO VI-A)***. Neste suposto, de que non exista no mercado número suficiente de entidades que subministren o ben e que polo tanto non se presenten un mínimo de 3 ofertas de distintos provedores, a moderación de custes acreditarase mediante o informe dun taxador, perito ou dun organismo público autorizado que acredite o seu valor de mercado.

Nos supostos de que o beneficiario subcontrate, total ou parcialmente, a actividade que constitúa o obxecto da subvención, nos termos previstos no artigo 27.2 da LGS, tamén deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores.

Deberá remitirse o contido de cada unha das ofertas, e non se admitirá o certificado, informe, invitacións realizadas ou documento similar indicando que se solicitaron e se tiveron en conta tales ofertas na elección da proposta escollida sen que se concrete o seu alcance.

As ofertas presentadas deberán incluír os mesmos elementos para ser comparables.

b) O GDR e a AGADER comprobarán que as ofertas presentadas sexan auténticas, de provedores reais e independentes, que estean suficientemente detalladas, con clara identificación da razón social do provedor e data de expedición. Unicamente serán admisibles ofertas que inclúan conceptos definidos e desagregados. Non se admitirán conceptos de orzamentos sen desagregar tales como “outros”, “imprevistos” ou partidas alzadas. Tampouco serán admisibles ofertas de compracencia ou ficticias, nin ofertas de provedores que non teñan no seu obxecto social nin no seu CNAE a habilitación para a prestación do servizo ou para a subministración do ben ofertado.

c) Os provedores non poderán estar vinculados co promotor do proxecto ou cos seus órganos directivos ou xestores, agás que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación da subministración do ben ou da prestación do servizo se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se solicite á AGADER e se conceda a súa previa autorización.

d) As ofertas solicitadas para cada gasto tampouco poderán proceder de empresas vinculadas entre si, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Non se admitirán supostos de autofacturación.

A non vinculación das empresas provedoras, nin entre elas nin co promotor do proxecto, acreditarase a través dunha declaración responsable do solicitante ***(ANEXO VI-B)***.

e) A escolla entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria cando esta non recaia na oferta máis económica. No caso de non xustificarse adecuadamente, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta máis económica.

f) A escolla da oferta ou ofertas presentadas vinculan ao promotor de cara ao desenvolvemento do proxecto, no caso de ser beneficiario da axuda. Excepcionalmente, poderá substituírse o provedor da oferta escollida, neste apartado, debendo, non obstante, respectarse o importe máximo da oferta ou ofertas escollidas. Non se considerarán subvencionables os gastos incluídos na solicitude de axuda que non veñan avalados polas ofertas presentadas nos termos expostos.

g) As entidades públicas de carácter local ou comarcal, poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación ou informe do secretario/interventor ou, de ser o caso, do empregado público que de acordo coa estrutura organizativa do concello teña atribuída as competencias en materia de contratación pública, acreditando que o procedemento de contratación se tramitou nos termos previstos no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

- Este informe ou certificación acompañarase do listado de comprobación para operacións de investimento público que estará a dispor dos interesados nas sedes dos GDR e que tamén poderá descargarse da páxina web da AGADER: http://AGADER.xunta.es ***(DOC. 5)***.

- Cando o contrato estea cualificado como menor, deberán achegarse necesariamente un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación.

h) Compételle ao equipo xestor do GDR a realización, sinatura e remisión á AGADER, xunto co informe control de elixibilidade (ICE), dun documento tipo "check list", segundo modelo normalizado facilitado por AGADER e no que se reflexará a comprobación das ofertas presentadas nos termos expostos ***(DOC. 6)***.

Réxime de compatibilidade e acumulación de axudas

Para os efectos de determinar o cumprimento das normas sobre a compatibilidade e sobre a acumulación de axudas, o beneficiario deberá declarar outras axudas solicitadas, concedidas e/ou pagadas para o mesmo proxecto no modelo ***Declaración doutras Axudas (ANEXO XIII)***, con específica referencia ás axudas amparadas no réxime de *minimis*, nos termos previstos no modelo ***Solicitude de Axuda (ANEXO II)*** e no modelo ***Solicitude de Pagamento (ANEXO X)***.

A partires do modelo de declaración doutras axudas o equipo xestor do GDR (os técnicos do grupo) analizarán dous aspectos importantes: a **compatibilidade** e a súa posible **acumulación** á axuda ao abeiro do Leader.

Sobre a compatibilidade:

As axudas reguladas neste Manual están cofinanciadas con fondos FEADER.

Con carácter xeral, unha operación poderá recibir axuda de un ou varios Fondos EIE ou de un ou varios programas e de outros instrumentos da Unión, a condición de que a partida de gasto incluída nunha solicitude de pago para o reembolso por un dos Fondos EIE non estea subvencionado por outro Fondo ou instrumento da Unión, nin polo mesmo Fondo conforme a un programa distinto.

A continuación expóñense unha serie de condicionantes para a acumulación das axudas:

- Os promotores dos proxectos que se amparen no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, sobre as axudas de *minimis* non poderán recibir, en relación coa totalidade de axudas que reciban amparadas no citado Regulamento (UE) 1407/2013, mais de 200.000 € de axudas durante un período de tres exercicios fiscais.
- As axudas amparados no Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 destinadas á:
    - investimentos do sector da produción agraria primaria.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

- investimentos de transformación e/ou comercialización de produtos agrarios nos que o produto final estea incluído na súa totalidade no anexo I do Tratado.

Non se acumularán con ningunha outra en relación ao mesmo proxecto, se dita acumulación excedera da intensidade máxima de axuda establecida nas fichas de elixibilidade referidas a estas tipoloxías de proxectos.

- En todo caso, o importe das subvencións non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións Públicas ou doutros entes, públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da operación subvencionada.

Cando o promotor declare como "solicitadas" outras axudas e das que non teña coñecemento da súa concesión ou denegación, a comprobación da compatibilidade e da acumulación de axudas realizarase no momento en que o promotor a comunique (é unha das obrigas do promotor: comunicar cando teña constancia calquera concesión de axudas para o mesmo proxecto).

Non obstante, xunto coa solicitude de pagamento final é obrigatoria a presentación, unha vez mais, do modelo ***Declaración doutras Axudas (ANEXO XIII)***.

O persoal técnico do grupo deberá informar ao promotor sobre a existencia de diferentes bases de datos que permitirán detectar aqueles proxectos nos que se puidera estar incorrendo nunha dobre financiación. No caso de que se detectaran estes casos, e esta circunstancia non fóra notificada polo promotor con anterioridade, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ao reintegro da axuda e/ou de ser o caso á tramitación do correspondente expediente sancionador ao promotor.

¿Que facer ante unha incompatibilidade de axudas?

Cando se detecte que un mesmo proxecto ten concedida outra axuda incompatible, e dado que o promotor non ten que renunciar a ela antes de coñecer a axuda que se lle pode conceder ao abeiro do Leader, continuarase a tramitación normal do expediente. No caso de que resultara subvencionable emitirase a correspondente Resolución de concesión condicionada á presentación por parte do promotor da renuncia a aquela(s) axuda(s) incompatibles. No caso de escoller a axuda Leader, o promotor deberá achegar o escrito debidamente rexistrado da renuncia á axuda concedida perante o organismo correspondente. No caso de non escoller a axuda Leader debe presentar a correspondente renuncia á mesma e os fondos dese expediente quedarían de novo dispoñibles para o programa.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

Así mesmo nas declaracións nas que figuren como "solicitadas" outras axudas das que xa se teña coñecemento da súa incompatibilidade débese informar ao promotor sobre esta circunstancia e sobre a necesidade dunha posible renuncia no caso de que lle sexan concedidas.

Dado que a través do Réxime de Axudas Leader pódese subvencionar un amplo abano de gastos, un mesmo proxecto ou "operación" non poderá dividirse "artificialmente" en dous subproxectos para evitar a posible incompatibilidade de axudas.

Sobre a acumulación de axudas:

Se do estudo das axudas que o promotor declara concedidas para o seu proxecto se conclúe que estas son compatibles, o importe da mesmas deberá terse en conta á hora de calcular a porcentaxe e importe da axuda proposta segundo as limitacións existentes para o financiamento das distintas medidas e proxectos (ver apartado Proposta de financiamento).

A aplicación informática (cando se atope totalmente desenvolvida) calculará automaticamente o importe máximo a conceder para non superar esas limitacións.

No caso de axudas compatibles, e de cara ao estudo da porcentaxe máxima de axuda que se pode conceder resulta importante a comparación dos orzamentos, en base ós que se calculou a subvención concedida, xa que se fosen distintos porque algún deles incluíu máis conceptos ou os importes das partidas foron modificados, a acumulación das axudas deberase calcular en base aos conceptos coincidentes.

4) Baremación: O cumprimento dos criterios de selección

Posteriormente, o proxecto deberá ser avaliado segundo os criterios de selección propostos por cada GDR e aprobados polo Director Xeral da AGADER. O baremo haberá de publicitarse a través da páxina web do GDR. O baremo do GDR05 Asociación Miño Ulla foi aprobado por Resolución do Consello de Dirección da AGADER ***(DOC. 7)***.

A puntuación que obteña cada proxecto será a que determine a contía individualizada da axuda que lle poida corresponder de ser seleccionado o proxecto, de acordo coas regras que cada GDR teña establecidas na súa estratexia de desenvolvemento local. O grupo conta cun baremo específico para proxectos produtivos e outro para proxectos non produtivos baseados ámbolos dous nas seguintes regras básicas:

- Tanto as categorías de proxectos non produtivos (prioridade alta, media e baixa) coma os rangos de puntuación e as variables ou aspectos concretos que considerar en cada criterio de selección aplicable, tanto en relación cos proxectos produtivos como en relación cos proxectos non produtivos, deberán determinarse de xeito totalmente obxectivo, para que todos os potenciais beneficiarios teñan pleno coñecemento do que se vai ter en conta para avaliar o seu proxecto.
- Cada baremo establecerá a nota de corte, é dicir, a puntuación mínima que haberá de obter un proxecto para ser subvencionado, o cal será a porcentaxe de axuda para esa nota de corte. Así mesmo, establecerá a puntuación á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima. As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima, calcúlanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais e tendo en conta que a porcentaxe de axuda mínima que poderán percibir os proxectos sitúase no 15 % para os proxectos produtivos e no 30 % para os proxectos de natureza non produtiva.
- Deberá establecerse un criterio obxectivo, transparente e non discriminatorio (tanto para a selección dos proxectos produtivos coma dos non produtivos) que resolva os posibles supostos de empate na puntuación correspondente á valoración dos criterios de selección que cada GDR estableza.

Será o equipo técnico do GDR o que vaia asignando unha a unha as distintas puntuacións obtidas polo expediente.

Importante: Dado que algúns dos criterios que se puntúan "a priori" deben ser asumidos polo promotor no momento da execución do proxecto e van a ser obxecto de comprobación "a posteriori" (por exemplo: creación de emprego e tipoloxías do mesmo, utilización de recursos da zona, compromisos medioambientais, etc.) o persoal do grupo que realiza a baremación debe advertir ao promotor que o incumprimento dos criterios puntuados poderán supoñer a rebaremación do expediente e consecuentemente unha diminución na porcentaxe de axuda concedida inicialmente.

Nos proxectos enmarcables dentro da submedida 19.4B (animación), así como os destinados á formación da submedida 19.2. non será necesaria a baremación dos mesmos, tendo en conta que o promotor é o propio GDR e que estes proxectos alcanzarán a porcentaxe máxima de axuda.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

5) Proposta de financiamento

Unha vez obtida a puntuación segundo o baremo, calcularase a porcentaxe e o importe de axuda que lle correspondería ao expediente no caso de ser seleccionado pola xunta directiva do GDR, segundo se especificará nos vindeiros apartados deste Manual de Procedemento.

No caso de que sexa necesario facer axustes tanto na porcentaxe como no importe da axuda (tendo en conta as limitacións que se sinalan a continuación), deixarase constancia das motivacións que levan á modificación da axuda proposta inicialmente.

Limitacións para as tipoloxías de proxectos da submedida 19.2

Investimentos no sector da produción agraria primaria (FE I)

- A intensidade de axuda situarase nun mínimo do 15% e nun máximo do 50% do investimento total subvencionable.
- As axudas concedidas para esta tipoloxía de proxectos estarán amparadas no Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013.

Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios (FE II)

- A intensidade de axuda situarase nun mínimo do 15% e nun máximo do 50% do investimento total subvencionable.
- As axudas concedidas para esta tipoloxía de proxectos estarán amparadas:
  - No Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 nos supostos nos que o produto final estea incluído na súa totalidade no anexo I do Tratado.
  - No Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis nos supostos nos que o produto final non estea incluído na súa totalidade no anexo I do Tratado.

Investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais (FE III)

- A intensidade de axuda situarase nun mínimo do 15% e nun máximo do 40% do investimento total subvencionable.
- O importe de axuda estará limitado a un máximo de 200.000 €.
- As axudas concedidas para esta tipoloxía de proxectos estarán amparadas no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

Investimentos que supoñan diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias (FE IV)

- A intensidade de axuda situarase nun mínimo do 15% e nun máximo do 50% do investimento total subvencionable.
- O importe de axuda estará limitado a un máximo de 200.000 €.
- As axudas concedidas para esta tipoloxía de proxectos estarán amparadas no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

Investimentos que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias (FE V)

- A intensidade de axuda situarase nun mínimo do 15% e nun máximo do 50% do investimento total subvencionable.
- O importe de axuda estará limitado a un máximo de 200.000 €.
- As axudas concedidas para esta tipoloxía de proxectos estarán amparadas no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

Investimentos en proxectos non produtivos (FE VI)

- A intensidade de axuda situarase entre un mínimo do 30% e un máximo do 90% do investimento total subvencionable.
- O importe de axuda estará limitado a un máximo de 200.000 €, non obstante poderán acadarse os 250.000 € no caso de que o proxectos non deban ampararse no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo ás axudas de minimis e sempre que a AGADER o autorice expresamente.
- As axudas concedidas para esta tipoloxía de proxectos estarán amparadas no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no suposto de que supoñan o desenvolvemento dunha actividade económica e poidan afectar, a xuízo da AGADER, á libre competencia.

Limitacións para as tipoloxías de proxectos da submedida 19.4

Gastos correntes ou de funcionamento dos GDR (FE VIII)

- Os gastos de funcionamento dos GDR financiaranse dentro dos límites do cadro financeiro anexo ao convenio de colaboración asinado coa AGADER e de acordo co orzamento máximo dispoñible que anualmente autorice a AGADER para cada GDR.
- A porcentaxe máxima de axuda pública poderá acadar o 100% dos gastos subvencionables.

Gastos de animación e de promoción territorial (FE XIX)

- Os gastos de animación dos GDR financiaranse dentro dos límites do cadro financeiro anexo ao convenio de colaboración asinado coa AGADER e de acordo co orzamento máximo dispoñible que anualmente autorice a AGADERr para cada GDR.
- A porcentaxe máxima de axuda pública poderá acadar o 100% dos gastos subvencionables.
- O gasto público total dedicado aos gastos correntes ou de funcionamento (submedida 19.4A) e aos gastos en animación (submedida 19.4B) non poderá superar, en ningún caso, o 25% do gasto público total en que se incorra no marco da estratexia de desenvolvemento local.
- Con cargo á submedida de animación e promoción da estratexia e do territorio do GDR, en ningún caso se poderán realizar actividades ou actos promocionais de calquera tipo que supoñan unha promoción directa e específica para calquera empresa ou grupo de empresas.

P6. Emisión do Informe de Control de Elixibilidade (ICE) e do Informe Técnico de Viabilidade (ITV)

Fase	**Emisión do Informe de Control de Elixibilidade (ICE) e do Informe Técnico de Viabilidade (ITV)**
Unidade	Equipo xestor do GDR
Prazo	10 días hábiles desde que o expediente estea completado

Descrición

Froito da análise completa do expediente e os diferentes controis administrativos efectuados sobre o posible beneficiario e o proxecto presentado, corresponde ao equipo técnico do GDR emitir o Informe de Control de Elixibilidade (ICE), que poderá ser favorable ou desfavorable, dependendo de se o proxecto se axusta ou non ás bases da convocatoria, á estratexia de desenvolvemento local do GDR e á normativa sectorial de aplicación, así como do Informe técnico de viabilidade (ITV) que tamén poderá ser favorable ou desfavorable, dependendo da viabilidade técnica e financeira do proxecto (para proxectos non produtivos) e da viabilidade técnica, económica e financeira (para proxectos produtivos).

O prazo para a emisión de ambos informes (ICE e ITV) é de 10 días, a contar desde a data na que o expediente estea completo.

1) Informe de Control de Elixibilidade (ICE)

Compételle ao equipo xestor do GDR emitir o ICE, segundo modelo normalizado que facilitará a AGADER, e que reflectirá o resultado da avaliación e baremación do proxecto, ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local aprobada, destas bases reguladoras e da normativa que resulte de aplicación.

- O ICE será asinado polo xerente do GDR e deberá ser remitido á AGADER en formato orixinal, tanto en papel como en soporte dixital, para que manifeste a súa conformidade co mesmo.
- Xunto co ICE deberase achegar copia de toda a documentación relativa ao expediente.
- A documentación presentada polo promotor a través da sede electrónica ou, de ser o caso a documentación presentada de xeito presencial, deberá estar dispoñible na sede do GDR.
- Unicamente no caso de renuncia ou desistencia expresa do promotor non será necesario emitir ICE. O equipo xestor do GDR remitirá á AGADER o documento presentado polo promotor e o resto da documentación que forme parte do expediente para aceptar a renuncia ou a desistencia expresa e declarar concluso o procedemento.

ICE Favorable

No caso de ICE favorable, o equipo xestor do GDR emitirá o informe control de elixibilidade en modelo normalizado ***(DOC. 8)***, este conterá todos os datos relativos ao beneficiario e ao proxecto, así como a baremación, a proposta de financiamento e os controis administrativos efectuados polo grupo. Tamén conterá unha relación de toda a documentación presentada polo promotor, así coma unha relación da documentación que o promotor deberá presentar de cara á xustificación do investimento. O grupo deberá sinalar no apartado correspondente cal é esa documentación diferenciando se se ten que achegar na 1ª solicitude ou na solicitude final de pagamento.

ICE Desfavorable

No caso de que o equipo xestor do GDR emita un ICE desfavorable, tamén en modelo normalizado ***(DOC. 9)***, deberá conter o(s) motivo(s) da non subvencionabilidade do expediente, que entre outros poderán ser:

- O promotor presentou a súa solicitude de axuda fora do prazo máximo establecido no Réxime de Axudas.
- O proxecto está iniciado na data de presentación da solicitude da axuda, tal e como queda reflectido na correspondente Acta de Non Inicio.
- O promotor non cumpre os requisitos indicados no Réxime de Axudas como posible beneficiario para a medida na que se encadra o proxecto.
- O proxecto non é encadrable dentro de ningunha liña das establecidas na estratexia de desenvolvemento local aprobada.
- O proxecto non é encadrable dentro de ningunha medida das que figuran no Réxime de Axudas.
- O proxecto non é viable técnica, económica ou financeiramente, tal e como figura no ITV.
- O proxecto non é finalista, ao abeiro do Réxime de Axudas non son admisibles fases de proxectos.
- O proxecto desenvolvese dentro dunha entidade singular de poboación excluída do territorio de aplicación da Estratexia de desenvolvemento local do GDR.
- O proxecto non acadou a puntuación mínima no baremo.
- A documentación requirida non foi presentada ou foi presentada fóra de prazo.

2) Informe Técnico de Viabilidade (ITV)

Compételle ao equipo xestor do GDR emitir un Informe Técnico de Viabilidade por cada proxecto, que se remitirá xunto co ICE, tendo en conta o modelo normalizado facilitado pola AGADER ao equipo xestor do GDR ***(DOC. 10)***.

O Informe Técnico de Viabilidade pronunciarase sobre a capacidade, solvencia técnica e financeira do promotor para levar a cabo o proxecto. No caso de proxectos produtivos, o informe de viabilidade pronunciarase tamén sobre a solvencia económica do proxecto.

O equipo xestor do GDR requiriralle ao promotor a acreditación do contido recollido nos puntos anteriores, e o promotor poderá acreditar esta capacidade e solvencia mediante calquera medio válido admitido en dereito.

3) Disposición común ao Informe de Control de Elixibilidade (ICE) e ao Informe Técnico de Viabilidade (ITV)

Xunto co ICE e co ITV, o xerente ou técnico do equipo xestor do GDR que realice a aplicación dos criterios de selección e a análise económica do proxecto deberá remitir á AGADER unha declaración de intereses segundo modelo normalizado ***Conflito de Intereses do Equipo Xestor (DOC. 11)***.

No suposto de que o xerente ou técnico que realicen a baremación e/ou análise do ITV do expediente e polo tanto asinen calquera dos dous documentos sinalen a existencia dun conflito de intereses con respecto a un expediente concreto, a análise dos expediente será realizada por outro técnico do equipo xestor do GDR e no caso de que persistira o conflito de intereses ou non houbese outro técnico dispoñible, deberá remitirse o expediente á AGADER para que os técnicos da Subdirección de Relacións cos GDR realicen, de xeito totalmente excepcional, a análise e valoración de calquera destes dous documentos, de xeito que a obxectividade e imparcialidade da análise quede totalmente garantida.

En caso de dúbida sobre a existencia ou non dun conflito de intereses, o GDR elevará a consulta á AGADER para que se pronuncie sobre o particular, segundo dispón o modelo normalizado de conflito de intereses.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

P7. Validación do ICE e do ITV

Fase	**Validación do Informe de Control de Elixibilidade (ICE) e do Informe Técnico de Viabilidade (ITV)**
Unidade	Subdirección de Relacións cos GDR / Área de Apoio aos GDR
Prazo	

Descrición

Compételle ao persoal da Subdirección de Relacións cos GDR realizar a verificación do ICE e do ITV, ao abeiro do PDR, da estratexia de desenvolvemento local do GDR, das bases reguladoras, da normativa reguladora do FEADER, da normativa sectorial que resulte de aplicación ao proxecto, e dos principios de complementariedade e coherencia coas políticas que se aplican na Comunidade Autónoma de Galicia.

No suposto de carencias ou defectos na documentación que integra o expediente, o persoal da Subdirección de Relacións cos GDR, solicitaralle ao equipo xestor do GDR documentación complementaria.

Neste momento do procedemento, e de acordo co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante LSG), e no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, o persoal da Subdirección de Relacións cos GDR poderá efectuar, ademais dos controis administrativos referidos á admisibilidade e fiabilidade dos solicitantes, aos requisitos de admisibilidade, compromisos e obrigas da operación e á revisión dos criterios de selección, as comprobacións sobre a moderación dos custos propostos, e no caso de detectarse diferenzas substanciais respecto do valor de mercado, efectuarase a redución que corresponda no orzamento.

A verificación do ICE e do ITV por parte da AGADER terá o carácter de *informe preceptivo e vinculante* para os efectos do establecido no artigo 80.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Non poderá concederse axuda a ningún proxecto que non conte coa verificación administrativa da elixibilidade favorable.

ICEs favorables

No 100% dos expedientes, e para a súa verificación favorable, realizaranse controis administrativos que se reflexarán nunha lista de verificación (check-list) exhaustiva segundo modelo normalizado ***(DOC. 12)***, que será asinada polo técnico/a da Subdirección que teña asinado o GDR en cuestión e por un xefe/a de área ou superior xerárquico.

No caso de que existiran *Non conformidades* ou no suposto de que os técnicos da AGADER estimen que falta algunha documentación para pronunciarse sobre a conformidade do ICE nalgún dos puntos de control, remitirase ao GDR un oficio en modelo normalizado ***(DOC. 13)*** coas observacións e modificacións que se deberán levar a cabo no expediente para que este poida chegar a ser verificable. Este documento será enviado ao grupo en formato papel con xustificante de recepción. O equipo xestor do GDR deberá realizar as modificacións e correccións necesarias e procederá a modificar o ICE nos aspectos requiridos e remitirllo á AGADER para a súa validación.

No suposto de carencias ou defectos na documentación que integra o expediente, a AGADER poderá solicitar do GDR documentación complementaria. Se a documentación non está en poder do GDR, este requiriralla ao promotor por escrito en formato papel con xustificante de recepción segundo modelo normalizado de requirimento ***(DOC. 14***), que dispón dun prazo de 10 días hábiles para presentala. Este prazo poderá ser ampliado, prudencialmente, ata 5 días, a petición do interesado ou a iniciativa do grupo, cando a presentación de tales documentos presente dificultades especiais nos termos indicados anteriormente.

A verificación favorable do ICE por parte da AGADER realizarase en modelo normalizado ***(DOC. 15)***.

No suposto de que non se poidan solventar as eivas do expediente ou no caso de que as deficiencias non sexan subsanables e o expediente sexa claramente non elixible, a AGADER non verificará o ICE favorable proposto polo GDR e polo tanto emitirá un informe de non verificación de ICE tamén en modelo normalizado ***(DOC. 16)***.

ICEs desfavorables

No caso dos ICEs desfavorables, será(n) obxecto de comprobación e validación o(s) motivo(s) polos que o equipo xestor do GDR propón a denegación da axuda.

Igualmente a AGADER terá que manifestar a súa conformidade ou non conformidade sobre estas motivacións. Cando a AGADER exprese non conformidades sobre as motivacións alegadas polo grupo para a "non elixibilidade" do expediente, o procedemento sería similar ás non conformidades dos ICEs favorables, podendo solicitar ao grupo que xustifique máis detalladamente os motivos da non subvencionabilidade ou de ser o caso argumentar perante o equipo xestor a posible elixibilidade do proxecto e a necesidade de emitir un ICE favorable.

No suposto de que a AGADER manifeste a súa conformidade co ICE desfavorable emitido polo equipo xestor do GDR emitirá a verificación do citado ICE en modelo normalizado ***(DOC. 17)***.

P8. Selección e proposta de resolución de axudas

Fase	**Selección e proposta de resolución de axudas**
Unidade	Xunta Directiva do GDR
Prazo	30 de xuño de cada ano / 31 de agosto de cada ano (se procede segunda convocatoria)

Descrición

Unha vez se atopen verificados pola AGADER os ICEs de todos os expedientes presentados á convocatoria de 31 de marzo de cada ano, o equipo xestor do GDR procederá a ordenalos de maior a menor puntuación, e fará un reparto de fondos entre os mesmos, ata o límite de crédito existente na convocatoria e segundo ás porcentaxes de fondos dispoñibles para cada unha das tipoloxías dos proxectos (produtivos, non produtivos de entidades públicas e non produtivos de entidades privadas) previamente aprobadas pola Xunta Directiva para a citada convocatoria (segundo ven establecido no parágrafo terceiro do artigo 16.1 das Bases Reguladoras).

Posteriormente, e con anterioridade a celebración da Xunta Directiva, o GDR remitirá a cada promotor un oficio (por escrito en formato papel con xustificante de recepción) en modelo normalizado ***(DOC. 18)*** para que proceda a aceptación ou non aceptación da distribución da axuda por anualidades e do prazo máximo de execución proposto polo GDR (tamén segundo ven establecido no artigo 16.1 das Bases Reguladoras).

O oficio en modelo normalizado que se remitirá aos promotores irá acompañado dos modelos normalizados de aceptación ***(DOC. 19)*** e non aceptación ***(DOC. 20)***, para que estes opten por un ou outro, e así o comuniquen ao GDR.

Unha vez que o GDR teña rexistradas as conformidades ou non conformidades de todos os expedientes, o órgano decisorio, a Xunta Directiva no caso do GDR05, realizará e remitirá á AGADER, tendo en conta o procedemento de selección e priorización de proxectos definido na súa estratexia, unha única proposta de selección de proxectos motivada, con data límite do 30 de xuño de cada ano, para as solicitudes de axuda presentadas ata o 31 de marzo de cada ano.

A proposta de selección de proxectos incluirá:

- A lista dos proxectos que se subvencionarán, ordenados de maior a menor puntuación e ata o límite máximo do crédito dispoñible de cada GDR e para cada tipoloxía de proxectos.
  - Distinguirase entre proxectos produtivos e non produtivos.
  - Dentro dos non produtivos, distinguirase entre os promovidos por entidades públicas locais e os promovidos por institucións de carácter privado.
  - A relación ordenada de maior a menor puntuación correspondente aos proxectos non produtivos incluirá en primeiro lugar aos considerados de prioridade alta, logo os de prioridade medida e a seguir os de prioridade baixa, tal e como se definan en cada unha das estratexias dos GDR que foron seleccionadas.
- A distribución da axuda por anualidades e o prazo máximo de execución de cada un dos expedientes propostos. As porcentaxes de distribución da axuda deberán situarse entre os mínimos e máximos seguintes:
  - Con respecto á anualidade na que se concede a axuda, a porcentaxe de distribución da mesma situarase nun mínimo do 25% en nun máximo do 100%.
  - No caso de existir unha segunda anualidade, a porcentaxe situarase nun mínimo do 10% en un máximo do 75% para cada expediente.
- Un documento individual por cada expediente seleccionado no que o promotor asine a conformidade coa distribución de axuda por anualidades proposta polo GDR e no que figure o prazo máximo de execución.
- No caso de que existan, unha lista de agarda (ordenada de maior a menor prioridade) formada por proxectos que conten co ICE verificado pola AGADER e para os cales non exista crédito dispoñible na anualidade.

- A declaración de intereses dos membros da Xunta Directiva que participen na selección dos proxectos, en documento normalizado ***(DOC. 21)***. Esta declaración deberá ser cuberta por todos os membros da Xunta Directiva. No suposto de que algún membro da mesma sinale a existencia dun conflito de intereses con respecto a un expediente concreto, non poderá participar na súa selección. No suposto de dúbida sobre a existencia ou non dun conflito de intereses, remitiráselle á AGADER unha consulta segundo dispón o modelo normalizado de declaración de conflito de intereses que se cita neste apartado.

A decisión da proposta de selección trasladarase á AGADER, que resolverá a concesión da axuda segundo a proposta de resolución do GDR, salvo que se constate algún erro, defecto de legalidade ou defecto do procedemento de selección de proxectos aprobado na estratexia de desenvolvemento local do Grupo.

Unha vez realizada a proposta de resolución pola Xunta Directiva do GDR e no caso de existir crédito orzamentario para a anualidade correspondente, poderá realizarse unha segunda proposta de adxudicación de axudas ata o límite máximo do crédito dispoñible, con data límite do 31 de agosto de cada ano, coas solicitudes presentadas ata o 31 de maio de cada ano e que, en todo caso, conten co ICE verificado por parte da AGADER, procedendo do mesmo xeito que se explicou para a primeira convocatoria.

Aquelas solicitudes que non puidesen ser atendidas no período correspondente á anualidade na que se presenten, por non contar co ICE verificado favorablemente por parte da AGADER ou por falta de crédito, poderán ser tomadas en consideración na anualidade inmediatamente seguinte, no caso de que o solicitante faga manifestación expresa neste sentido (ver ***ANEXO II*** -Solicitude de axuda-), sen que isto supoña preferencia ningunha como criterio de selección.

- Non poderá usarse esta posibilidade cando o GDR modifique na súa estratexia de desenvolvemento local os criterios de selección e valoración de proxectos que rexían no momento da presentación das solicitudes que non puideron atenderse no período anterior.

Un tratamento especial terán os expedientes que esgoten os fondos da anualidade dunha submedida concreta e que teña que quedar parcialmente resolto á espera de que se lle asignen os fondos que efectivamente lle corresponden na anualidade seguinte. Este expediente terá en calquera caso preferencia á hora da asignación de fondos con respecto aos que se atopan en estado de "en espera" por carecer de fondos dispoñibles o GDR na anualidade vixente.

No suposto de expedientes para os cales non se poida completar a totalidade da axuda que lles correspondería por baremo debido a inexistencia de fondos suficientes para completar a axuda, poderán optar polo disposto no parágrafo anterior ou ben por renunciar aos fondos dispoñibles con cargo á anualidade onde concorreron e presentar o seu proxecto para análise e baremación con cargo ao seguinte período de comparación dos expedientes (no caso de que na solicitude de axuda fixeran referencia expresa a esta posibilidade). Neste suposto non será necesario presentar de novo a solicitude de axuda, nin terá o GDR que realizar unha nova Acta de non inicio.

Os proxectos promovidos directamente polos GDR referidos a formación no marco da submedida 19.2 (apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local) e os de animación correspondentes á submedida 19.4 poderán seleccionarse a medida que os vaia verificando favorablemente á AGADER. Para este fin, unha vez verificados, a Xunta Directiva do GDR propoñerá ao Director Xeral da AGADER a concesión de axuda de cada un destes expedientes ata o esgotamento do crédito dispoñible por cada GDR en cada anualidade.

P9. Informe proposta de Resolución e documento contable (Proposta de Adxudicación)

Fase	**Informe proposta de Resolución e documento contable (Proposta de Adxudicación)**
Unidade	Subdirección de Relacións cos GDR
Prazo	

Descrición

A persoa titular da Dirección Xeral da AGADER, por delegación do Consello de Dirección da AGADER, resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas, nos termos contidos na proposta de resolución efectuada pola Xunta Directiva ou órgano decisorio similar do GDR, sempre que no caso das resolucións de concesión de axuda, se constate a existencia de dispoñibilidades financeiras.

- Nos casos nos que se constaten erros ou defectos de legalidade na proposta de resolución, a AGADER devolverá a proposta de resolución ao GDR para os efectos de adecuar a citada proposta á legalidade vixente ou, de ser o caso, corrixir os erros detectados.

No caso de *expedientes para os que se propón a concesión de axuda* o informe expresará:

a) A identificación do proxecto para o que se concede a axuda.

b) O orzamento aceptado, desagregado por partidas de gasto.

c) A porcentaxe e importe de axuda pública, desagregado por fontes financeiras, distribuído por anualidades.

d) Prazo máximo de execución e xustificación dos gastos e investimentos, que non excederá de 18 meses e respectará as datas límite previstas no calendario de xestión do artigo 34.

e) A posibilidade de concesión de prórrogas.

f) As condicións específicas de execución e xustificación.

g) A compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

h) Regulamento comunitario no que se ampare, no seu caso, a concesión da axuda.

i) Prazos e modos de xustificación da subvención, posibilidade de pagamentos anticipados, pagamentos parciais, así como o réxime de garantías.

j) Compromisos asumidos polo beneficiario.

k) Réxime de recursos.

l) Que a subvención está encadrada na medida 19 (Leader) do PDR, que está cofinanciada polo fondo FEADER e que se encadra na prioridade ou área focal 6B (promover o desenvolvemento local nas zonas rurais).

Asociado a este informe, debe ir adxunto o documento contable PA (Proposta de Adxudicación) de cada un dos expedientes.

No caso de *expedientes para o que se propón a denegación da axuda* o informe conterá os motivos polos que se propón tal denegación.

O Informe proposta e o PA serán obxecto de análise e aprobación polas Areas Xurídica e Económica que a maiores analizará a dispoñibilidade de fondos e contabilización.

P10. Resolución de Axuda e Notificación ao interesado

Fase	**Resolución de Axuda e Notificación ao interesado**
Unidade	Director Xeral da AGADER
Prazo	9 meses, a contar desde a data de presentación da solicitude de axuda no rexistro do GDR

Descrición

A persoa titular da Dirección Xeral da AGADER, por delegación do Consello de Dirección da AGADER, resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas, nos termos contidos na proposta de resolución efectuada pola Xunta Directiva do GDR, sempre que no caso das resolucións de concesión de axuda, se constate a existencia de dispoñibilidades financeiras.

Resolución de concesión

A resolución de concesión expresará, en modelo normalizado ***(DOC. 22)***, en liña co expresado no informe proposta:

a) A identificación do proxecto para o que se concede a axuda.

b) O orzamento aceptado, desagregado por partidas de gasto.

c) A porcentaxe e importe de axuda pública, desagregado por fontes financeiras, distribuído por anualidades.

d) Prazo máximo de execución e xustificación dos gastos e investimentos, que non excederá de 18 meses e respectará as datas límite previstas no calendario de xestión das bases reguladoras.

e) A posibilidade de concesión de prórrogas.

f) As condicións específicas de execución e xustificación.

g) A compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

h) Regulamento comunitario no que se ampare, no seu caso, a concesión da axuda.

i) Prazos e modos de xustificación da subvención, posibilidade de pagamentos anticipados, pagamentos parciais, así como o réxime de garantías.

j) Compromisos asumidos polo beneficiario.

k) Réxime de recursos.

l) Que a subvención está encadrada na medida 19 (Leader) do PDR, que está cofinanciada polo fondo FEADER e que se encadra na prioridade ou área focal 6B (promover o desenvolvemento local nas zonas rurais).

Resolución de denegación

Os proxectos que conten con ICE desfavorable emitido polo equipo xestor do GDR e este sexa, á súa vez, verificado pola AGADER; así como os proxectos que conten con ICE favorable emitido polo equipo xestor do GDR pero que a AGADER non verifique favorablemente, non poderán ser seleccionados pola Xunta Directiva ou órgano decisorio similar do GDR. Nestes casos, procederá que a citada Xunta Directiva ou órgano decisorio similar do GDR propoña á AGADER, xunto co listado de expedientes para os que se propón a axuda, un listado dos expedientes para os cales non se propón a concesión de subvención por atoparse na situación descrita neste apartado.

Os proxectos incluídos polo GDR na lista de agarda e que non acaden, na anualidade na que son presentados, a concesión de axuda por non terse producido desistencias, renuncias ou perdas de dereito relacionadas con outros expedientes, poderán optar á concesión de axuda no período de valoración inmediatamente seguinte, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 5 do artigo 16 das bases reguladoras, incluído na fase *P8* deste Manual de Procedemento:

- Aquelas solicitudes que non puidesen ser atendidas no período correspondente á anualidade na que se presenten, por non contar co ICE verificado por parte da AGADER ou por falta de crédito, poderán ser tomadas en consideración na anualidade inmediatamente seguinte, no caso de que o solicitante faga manifestación expresa neste sentido, sen que isto supoña preferencia ningunha como criterio de selección.
    - Non poderá usarse esta posibilidade cando o GDR modifique na súa estratexia de desenvolvemento local os criterios de selección e valoración de proxectos que rexían no momento da presentación das solicitudes que non puideron atenderse no período anterior.

No suposto de que non se cumpran eses requisitos, os proxectos incluídos inicialmente na lista de agarda pasarán á situación descrita no primeiro parágrafo desta subepígrafe.

A resolución de denegación, expresará:

a) A identificación do proxecto para o que se denega a axuda.

b) Causas de denegación e motivación.

c) Réxime de recursos.

Publicidade das subvencións concedidas

Publicaranse no DOG as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras, así como no taboleiro de anuncios da sede da AGADER (Lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web dos GDR e na web da AGADER http://AGADER.xunta.gal.

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado. Así mesmo, remitiráselle unha copia ao GDR.

Notificada a resolución, e sen prexuízo dos recursos que procedan, transcorridos 10 días naturais desde a notificación sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención a través dun modelo normalizado, entenderase que a acepta, e adquirirá desde ese momento a condición de beneficiario.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será 9 meses, a contar desde a data da presentación da solicitude de axuda. O promotor poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo transcorrido o dito prazo sen que se teña notificado a resolución expresa.

Obrigas dos beneficiarios

1. Son obrigas dos beneficiarios as establecidas, con carácter xeral, no artigo 11 da LSG e, en particular, as establecidas nestas bases reguladoras e na resolución de concesión. En particular, os beneficiarios asumirán as seguintes obrigas:

a) Respectar o destino do investimento, polo menos, durante os 5 anos posteriores á data da resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes.

b) Manter os empregos consolidados durante os 5 anos posteriores á data da resolución de pagamento final do proxecto. A efectos de mantemento de emprego considéranse empregos

consolidados os resultantes do análise e valoración do informe de vida laboral, presentado polo promotor, referentes aos doce meses inmediatamente anteriores á data de solicitude de axuda.

c) Manter durante os 5 anos posteriores á data da resolución do pagamento final do proxecto, os empregos que teña a obriga de crear, segundo a valoración acadada en relación con este punto nos criterios de selección. Só computarán como empregos de nova creación os creados con posterioridade á data da solicitude de axuda. Naqueles proxectos que creen 5 ou máis empregos, un terzo destes deberán estar cubertos no momento da solicitude do pagamento final do expediente, admitíndose, respecto dos restantes, que se creen no prazo máximo de 6 meses a contar desde a data do pagamento final.

   Tanto o emprego consolidado como o de nova creación computaranse en termos equivalentes ás UTAS (unidades de traballo anual).

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, polo menos, durante o período de permanencia dos investimentos e está obrigado a facilitar a información que lle requira a AGADER e a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións; en especial, aos controis sobre o terreo e controis a posteriori que poida realizar o órgano xestor de acordo cos artigos 49 e seguintes do Regulamento (UE) 809/2014.

e) Facilitar, en aplicación do disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/201 á Autoridade de Xestión do PDR de Galicia 2014-2020, aos avaliadores designados ou a outros organismos nos que a dita Autoridade delegase a realización das tarefas, toda a información necesaria para realizar o seguimento e a avaliación do programa.

f) Comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados que financien as operacións subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

g) Levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas ao proxecto subvencionado, segundo resulta do artigo 66 do Regulamento (UE) 1305/2013.

h) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nestas bases reguladoras, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

i) Publicitar a concesión da axuda do seguinte xeito, segundo establece o anexo III do Regulamento (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013.

- No caso de operacións que reciban unha axuda pública total superior a 50.000,00 €, colocarase una placa explicativa con información sobre o proxecto, na que se destacará a axuda financeira da Unión Europea, que deberá permanecer durante todo o período de mantemento dos investimentos.

- No caso de que o beneficiario teña sitio web de uso profesional, incluirá unha breve descrición da operación con referencia ao financiamento da Unión Europea, que deberá permanecer durante a execución do proxecto e, cando menos, ata a data do pagamento final da axuda.

O 25 % do espazo, como mínimo, dos paneis e placas estará ocupado pola descrición do proxecto, o emblema da Unión e o lema: «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural». Incorporará ademais o logotipo de Leader e os logotipos de todas as administracións financiadoras. Os GDR e a AGADER a través das súas respectivas páxinas web facilitarán aos beneficiarios os modelos de paneis e placas.

Os gastos derivados da instalación de placas e paneis terán a consideración de custo elixible.

Se o investimento consiste na adquisición de maquinaria ou elementos móbiles, a publicidade levarase a cabo mediante a colocación dun adhesivo perdurable. No caso de estudos, publicacións e outros materiais gráficos, a publicidade levarase a cabo mediante a inclusión dos logotipos e lema descritos na portada.

(***Ver modelos de placas e logos normalizados: DOC. 23 e DOC. 24***).

j) Facilitar a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2. Os bens subvencionados quedarán afectos á operación subvencionada un mínimo de cinco anos desde a resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes. No caso dos proxectos non produtivos que financien gastos que consistan en estudos, planos, proxectos técnicos ou outros de natureza similar garantirase o acceso de calquera interesado ao seu contido durante un período mínimo de 5 anos a contar dende a data da resolución de pagamento final do expediente. Neste senso o GDR ou a AGADER poderán en calquera momento requirirlle ao beneficiario que facilite a súa exhibición coa finalidade da publicación na web do GDR e/ou na da AGADER.

3. No caso de bens inscritibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no correspondente rexistro público.

P11. Modificación da Resolución de Concesión de Axuda

Fase	**Modificación da Resolución de Concesión de Axuda**
Unidade	Director Xeral da AGADER
Prazo	

Descrición

Toda alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. En particular:

- A variación do prazo máximo de execución e xustificación do proxecto.
- A variación do titular.
- A variación do orzamento aceptado pola AGADER.

- A obtención concorrente de subvencións, axudas ou recursos outorgados por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- A alteración das condicións establecidas na resolución de adxudicación da subvención.

Cómpre lembrar que é unha obriga do beneficiario comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención, no momento en que se coñeza e, en todo caso, *con anterioridade á xustificación* da aplicación dos fondos percibidos. Esta comunicación pódea tramitar directamente ante a AGADER ou a través do GDR.

Unha vez ditada a resolución de concesión e, en todo caso, antes de que remate o prazo para a realización do proxecto, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, utilizando para isto o modelo normalizado ***Solicitude de Modificación (ANEXO X)***.

No suposto de que as novas circunstancias afecten criterios tidos en conta no baremo, revisarase a puntuación asignada inicialmente ao proxecto, e poderá, neste caso, dar como resultado a redución da axuda. Tamén poderá dar lugar ao inicio dunha tramitación de perda do dereito á subvención, no suposto que, debido á rebaremación do expediente, este non tivese entrada na proposta de resolución realizada polo GDR, debido a que a súa puntuación final fose inferior a outro ou outros proxectos que quedaron fora por non acadar a puntuación mínima para acceder a axudas nesa proposta de resolución realizada polo GDR.

Para a modificación da resolución de concesión non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tiveron lugar con posterioridade a ela.

A modificación poderase autorizar sempre que:

- Non desvirtúe a finalidade da axuda e non supoña incremento do orzamento,
- Non exista prexuízo a terceiros, e
- Os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación, de concorrer na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

Cómpre ter en conta que a AGADER poderá rectificar de oficio a resolución cando dos elementos que figuran nela se deduza a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

Os supostos que contemplan as bases reguladoras respecto da modificación da solicitude son:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

1) Modificación por cambios de titularidade

Poderá subrogarse no lugar do beneficiario outra persoa que cumpra todos os requisitos para ser beneficiario e acepte os compromisos contraídos polo primeiro.

A tramitación da subrogación require:

a) Verificación da idoneidade do novo promotor.

b) Sinatura do documento de subrogación polo titular do expediente e polo solicitante da subrogación.

c) Revisión da puntuación asignada inicialmente ao proxecto en atención ás circunstancias persoais do novo promotor, que poden supoñer unha redución, nunca incremento, da porcentaxe de axuda pública respecto do expediente orixinal e, incluso, a perda do dereito á subvención.

d) Resolución de concesión de subrogación, asinada pola persoa titular da Dirección Xeral da AGADER.

2) Modificación por ampliación do prazo de execución e xustificación

Cando o beneficiario non poida finalizar os investimentos ou cumprir os compromisos no prazos determinados na resolución de concesión, poderá solicitar á AGADER, a través do GDR e co modelo normalizado ***Solicitude de Modificación (ANEXO X)***, unha prórroga antes do remate do prazo de xustificación, coa indicación dos motivos que a xustifican e o período de prórroga que se solicita. A prórroga non poderá ser superior á metade do prazo concedido inicialmente.

Resolución de incidencias

INCIDENCIAS	SOLUCIÓNS
O promotor solicita a modificación da súa solicitude de axuda con anterioridade a Resolución de Concesión do Director Xeral da AGADER	A modificación da solicitude será tramitada como unha nova versión da mesma seguindo o procedemento habitual
A modificación da Resolución da lugar a un novo baremo para o expediente	Resolución do Director Xeral coa nova porcentaxe de axuda asignada ao proxecto que será menor á inicialmente establecida (nunca superior)
A modificación da Resolución da lugar a un novo baremo para o expediente que supón unha puntuación por debaixo da nota mínima da proposta de selección de proxectos por parte da Xunta Directiva no período que lle correspondeu ao expediente	Tramitación dun expediente de perda do dereito á axuda

P12. Tramitación de anticipos

Fase	**Tramitación de anticipos**
Unidade	Subdirección de Relacións cos GDR
Prazo	

Descrición

Unha vez resolta a concesión da subvención e aceptada polo beneficiario, este pode solicitar á AGADER o abono dun anticipo, de conformidade co disposto no artigo 31.6º da LSG, nos artigos 62, 63 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e nos artigos 42.2 e 45.4 do Regulamento (UE) 1305/2013, do 17 de decembro.

Este anticipo poderá ser solicitado (ben directamente á AGADER ou a través do GDR) segundo o modelo normalizado ***Solicitude de Anticipo (ANEXO VII)***, por un importe que non poderá superar o 50% da subvención concedida, sen que se poida superar a anualidade vixente, e a súa liquidación deberá supeditarse á constitución dun aval bancario por valor do 110% do importe anticipado.

- O aval deberá ser depositado na Caixa Xeral de Depósitos (Delegación provincial da Consellería de Economía e Facenda).

Polo tanto xunto coa solicitude de anticipo deberá achegarse a seguinte documentación:

- Resgardo orixinal do depósito.
- Copia do aval bancario.

No caso das entidades públicas locais, abondará coa garantía escrita da súa autoridade competente, a cal será equivalente ao 110% do importe anticipado, de xeito que se reflicta o compromiso de aboar o importe cuberto pola garantía no caso de que non se estableza o dereito ao importe anticipado.

Para os proxectos e gastos subvencionables para os GDR, poderá concederse, previa solicitude do GDR, un anticipo de ata o 50% da axuda pública que sexa concedida a cada expediente. O importe do anticipo non poderá ser superior ao orzamento que teña dispoñible, no exercicio corrente, o proxecto subvencionado.

Tras a análise e recepción da documentación completa e a realización e comprobación dun ***Listado de verificacións (check-list) das solicitudes de anticipo (DOC. 25)***, a Subdirección de

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

Relacións cos GDR elevará a devandita solicitude ao Director Xeral para que emita Resolución de Pagamento do Anticipo, así como a Notificación da Resolución de Pagamento ao promotor.

De resultar negativa a Resolución do Director Xeral procederase ao arquivo da solicitude de anticipo e informarase ao interesado mediante a correspondente notificación.

O aval quedará liberado cando se comprobe que o importe dos gastos xustificados derivados da inversión supera o importe do anticipo concedido, séndolle comunicado este feito ao promotor. A AGADER dilixenciará o resgardo orixinal do depósito para que o promotor poida proceder a retirar o aval da Caixa Xeral de Depósitos para a súa posterior cancelación.

P13. Solicitudes de Pago. Análise e control da xustificación dos investimentos

Fase	**Tramitación das Solicitudes de Pago. Análise e control da xustificación dos investimentos**
Unidade	Subdirección de Relacións cos GDR
Prazo	15 de outubro de cada ano

Descrición

1) Presentación de Solicitudes de Pagamento

O beneficiario das axudas deberá presentar a xustificación documental dos gastos ou investimentos vinculados á operación subvencionada dentro do prazo máximo previsto no calendario de xestión das bases reguladoras: a máis tardar a 15 de outubro de cada ano, pero sempre tendo en conta o que dispoña a Resolución de Concesión da Axuda emitida polo Director Xeral da AGADER.

Para estes efectos, o beneficiario presentará no rexistro do GDR a ***Solicitude de pagamento (ANEXO XI)*** que estará a dispor dos interesados na sede do GDR.

En calquera caso, o promotor deberá indicar na solicitude si se trata dunha xustificación parcial ou final dos investimentos.

No suposto de que o beneficiario sexa o GDR, a solicitude de pagamento dirixirase directamente á AGADER.

A presentación da solicitude de pagamento, así como no seu caso, a remisión da documentación complementaria, realizarase nos mesmos termos que se establecen no artigo 9 das bases reguladoras respecto á presentación das solicitudes de axuda (a través de sede electrónica para as persoas obrigadas á tramitación electrónica).

Unha vez recibida polo GDR a solicitude de pagamento en modelo normalizado, xunto coa documentación complementaria que proceda segundo o contido da Resolución de Concesión da Axuda e dos apartados seguintes, correspóndelle ao GDR comprobar que está completa. Unha vez realizada esta comprobación por parte do GDR, deberá remitirlla á AGADER para a realización do control administrativo da solicitude de pago.

No caso de que o GDR considere incompleta a documentación presentada polo promotor, poderá requirirlle a este que achegue a documentación complementaria.

Transcorrido o prazo establecido na resolución de concesión da axuda para a xustificación dos investimentos sen se ter presentado esta, requiriráselle pola AGADER ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo poderá comportar a tramitación dun expediente de perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia de reintegro no seu caso e demais responsabilidades que derivan da LSG.

Documentación para a xustificación

Os investimentos xustificaranse, para cada un dos gastos realizados, a través da seguinte documentación:

a) *Facturas orixinais ou documentos probatorios de valor equivalente debidamente desagregadas por conceptos ou unidades de obra.*
   - A expedición das facturas e o seu contido axustarase ao que resulta do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, entre os que cómpre destacar:
     - Data de expedición da factura
     - Número de factura

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

- Datos identificativos do provedor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF/CIF e domicilio)
- Datos identificativos do destinatario do ben e/ou servizo, que deberá coincidir co beneficiario da axuda
- Descrición das operacións que se documentan
- De ser o caso, data na que se teña recibido un pago anticipado, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura
- IVE: tipo impositivo aplicado e cota tributaria resultante debendo, de ser o caso, especificar por separado as partes da base impoñible que estean exentas ou non suxeitas, ou aquelas suxeitas a distintos tipos impositivos
- En ningún caso se admitirán como xustificantes de gasto albaráns, notas de entrega, facturas proforma, tiques cando sexa obrigatoria a expedición de factura, nin as facturas que non conteñan todos os requisitos citados para a súa consideración como tal.

- Unha vez presentadas as facturas orixinais polos promotores na sede do GDR, o equipo xestor do mesmo selará as facturas (selo de imputación segundo o formato facilitado pola AGADER ***(DOC. 26)*** indicando a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando, neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada pola subvención e, posteriormente, devolveraas ao promotor.

b) A documentación acreditativa do pagamento efectivo en favor dos acredores:

1. Como regra xeral, presentarase o xustificante bancario de pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en conta, certificación bancaria, etc.) en que conste o concepto facturado e o número de factura, a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.
2. Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio, etc.) achegarase copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) na que conste

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

claramente que dito efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

3. Os xustificantes de pagamento obtidos a través da banca electrónica deberán estar validados co selo da entidade bancaria correspondente.
4. Para os efectos da súa xustificación, no caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, estes deberán incluírse, xunto coa factura, nunha única solicitude de pagamento. En ningún caso se admitirá a inclusión dos pagos restantes dunha factura en posteriores solicitudes de pagamento.
5. No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pago a factura ou facturas cuxo pago se imputa ao proxecto.
6. No caso de ordes de pago conxuntas tramitadas por administracións locais deberá achegarse certificado do secretario ou interventor que acredite que o pago da factura que se está a imputar, está incluída dentro da orde de pago achegada.
7. No caso de facturas, pagarés ou letras de cambio "endosadas" deberán contar coa correspondente cláusula de endoso no reverso do documento correctamente asinada.
8. No caso de facturas en moeda estranxeira, deben acompañarse os documentos bancarios de cargo nos que conste o cambio utilizado.

Tanto a data das facturas como a dos xustificantes de pagamento deberán estar comprendidas dentro do período de execución e xustificación dos investimentos, é dicir, a partir do día da solicitude de axuda (con excepción dos custes xerais vinculados ao investimento sinalados na letra e) do artigo 4 do réxime de axudas, que poderán ser de data anterior), e ata a data límite de execución e xustificación dos investimentos que determine a Resolución de Concesión da Axuda.

Os gastos xustificados deberán ter correspondencia clara coas partidas e conceptos de gasto do orzamento aceptadas pola AGADER na resolución de concesión da subvención e responder de xeito indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

Cando non se xustifique a totalidade do investimento ou gasto aprobado na resolución de concesión, o investimento certificarase aplicando ao investimento ou gasto subvenciona-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

ble xustificado a porcentaxe de subvención concedida, sempre e cando este investimento xustificado represente cando menos o 60% do investimento aceptado na resolución de concesión da axuda e se cumpra a finalidade ou obxectivo para o que se concedeu a axuda.

Na fase de xustificación do gasto a AGADER poderá contrastar os prezos achegados polo beneficiario por calquera dos medios previstos no artigo 30, número 5, da LSG co fin de comprobar que os gastos subvencionables se axustan ao valor de mercado. En caso de discrepancia minoraranse os importes aprobados na concesión da axuda.

c) *Documentación acreditativa da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os que se executa o proxecto, ou da dispoñibilidade destes durante o período mínimo equivalente ao que se vai exixir a permanencia do investimento, así como o resto da documentación que especificamente se relacione na resolución de concesión.*

- Xunto coa primeira solicitude de pagamento.

d) *Copia do resumo do orzamento por capítulos e da memoria do mesmo (na primeira xustificación) e certificacións de obra asinadas por técnico competente.*

- No caso dunha operación que requira proxecto técnico visado polo colexio oficial correspondente.
- É importante insistir na importancia de que a certificación de obra se asemelle o máis posible a realidade para evitar as diferenzas entre os importes do realmente investido polo promotor xustificado mediante facturas e un importe menor nas certificacións debido a "deformación" profesional de certificar tal cal figura no proxecto orixinal sen reflectir os posibles cambios, e máis aínda tendo en conta que o que prevalece é o que figura na certificación.

e) *Exemplar en soporte informático adecuado para a súa difusión nos casos de proxectos non produtivos que conleven a realización de estudos, proxectos técnicos, planos e documentos similares, así como de folletos, libros, guías, etc, sempre que sexan difundibles.*

f) *Copia dos temas tratados e as conclusións de seminarios ou actividades semellantes, se procede.*

g) *Declaración, en documento normalizado, doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás axudas de minimis.*

h) *Relación dos equipamentos subvencionados no que conste a marca, o modelo e o número de serie ou referencia equivalente para a súa identificación segundo modelo normalizado* ***Relación de equipos subvencionados*** ***(ANEXO XII)****.*

- A factura correspondente deberá identificar, cando menos, a marca e modelo dos equipamentos subvencionados.

i) *Documentación acreditativa da nova clasificación no caso de investimentos destinados ao aumento de categoría dun establecemento turísticos de aloxamento.*

j) *Documentación xustificativa dos empregos creados e mantidos, xunto co modelo normalizado* ***Xustificación do emprego*** ***(ANEXO XIV)*** *e a documentación acreditativa seguinte (xustificación final do pagamento):*

- Informe de vida laboral da/s conta/s de cotización da empresa e/ou dos traballadores autónomos, correspondente aos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de pagamento final.
- Informe de plantilla media de traballadores en situación de alta durante os doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de pagamento, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Copia dos contratos de traballo correspondentes aos empregos creados, debidamente comunicados ao Servizo Público de Emprego.

k) *O promotor deberá presentar os permisos, inscricións e/ou licenzas requiridas pola normativa autonómica ou local para o tipo de actividade de que se trate, para proceder ao pagamento final do expediente.*

l) *No caso de que o solicitante non lle outorgue a autorización á AGADER para obter de oficio os certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que non ten pendente de pagamento débeda ningunha coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá achegar as correspondentes certificacións.*

m) *Documentación adicional indicada na Resolución de Concesión da Axuda.*

2) Funcións dos GDR respecto da Solicitude de Pagamento

a) Recepción da documentación xustificativa da execución dos proxectos subvencionados, debendo comprobar que está completa (factura e documento acreditativo do pago) e resulta lexible.

b) Estampillar as facturas co selo do programa segundo o modelo facilitado pola AGADER ***(DOC. 26)***, realizar dúas copias e cotexalas (o grupo debe que quedar con unha das copias).

- *Normas de Estampillado*.- Todas as facturas deberán estar estampilladas co cuño oficial, en caso contrario non se consideran válidas de cara a xustificación, e polo tanto serán excluídas da mesma. O selo indicará se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente ao programa, neste último caso indicarase ademais a contía exacta que resulte afectada pola axuda. No caso en que unha factura fose estampillada e tras o seu estudio se detecte que esta non foi admitida como subvencionable, o que procede é a emisión dun certificado por parte da AGADER anulando a imputación da citada factura ao programa Leader ou mesmo na propia resolución de pagamento.

c) Facer copia cotexada da documentación achegada e enviala debidamente ordenada á AGADER a maior brevidade posible despois de tela recibido. Así mesmo o grupo debe quedar con outra copia de toda a documentación.

d) Deberá facer xunto co promotor unha revisión dos xustificantes presentados así como da documentación reflectida na Resolución de Concesión da Axuda que o promotor debe achegar adxunta á solicitude de pagamento (licencias, permisos, xustificantes de emprego,...) co obxecto de evitar na medida do posible a carencia de documentación xustificativa ou a inclusión de documentación non válida que puidese levar a retrasar a tramitación do pago ou incluso a aplicación de "reducións".

e) Realizar unha visita "in situ" ao lugar da realización dos investimentos en modelo normalizado una ***Acta de Control de Investimentos (DOC. 27)***.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

3) AGADER: control administrativo da Solicitude de Pagamento

Unha vez recibida a documentación na AGADER, os técnicos da Area de Seguimento e Control de Programas examinarán toda a documentación presentada, tendo en conta as seguintes normas e consideracións:

- O pagamento calcularase sobre a base dos importes que se consideren admisibles durante o control administrativo da solicitude de pagamento.
- Cada gasto correctamente xustificado irase imputando á partida do orzamento aceptado que lle corresponda segundo a natureza do mesmo.
- Deberase verificar que todas as facturas e os documentos acreditativos de pago cumpran cos requisitos fixados nas bases reguladoras. O técnico encargado irá comprobando unha a unha a idoneidade das mesmas e que os conceptos incluídos son elixibles e teñen correspondencia clara coas partidas do orzamento aceptadas pola AGADER na concesión da subvención.
- No caso de facturas pagadas parcialmente ou das que soamente se considere correctamente xustificada unha parte do pago, este será o importe que se terá en conta á hora de imputar o gasto ao investimento, sen prexuízo da acreditación da titularidade do ben.
- Para os efectos da súa xustificación, as facturas que se paguen de xeito fraccionado deberán incluírse no expediente nunha única solicitude de pagamento.
- Poderán ser subvencionables os gastos en arrendamentos financeiros de adquisición de activos subvencionables, incluído o valor da opción de compra, excepto a marxe do arrendador, xuros dos custos de refinanciamento, gastos xerais ou seguros, polo período de vida útil do activo sen superar o custo de mercado ou a parte proporcional se o contrato finaliza antes. Soamente serán subvencionables os pagamentos aboados polo arrendatario ao arrendador dentro do período de subvencionabilidade dos gastos. A opción de compra deberá ser exercida polo promotor dentro do prazo máximo de execución e xustificación do proxecto.
- En proxectos nos que se esixa a presentación dunha certificación de obra haberá que comprobar que os importes xustificados mediante facturas coinciden cos importes de obra executada e certificada pola dirección de obra. No caso de diferenzas entre importes sempre se terá en conta a opción mais restritiva.

- Nas facturas que inclúan a retención correspondente ao IRPF, deberase achegar cando menos o xustificante do pago trimestral do citado imposto no que se incluíra a citada retención. No caso de dúbidas poderase solicitar ao promotor a presentación do modelo 190 (Resume anual de Retencións e ingresos a conta do IRPF) da Axencia Tributaria. Se o promotor non acredita o pago da retención, o que procede é a dedución no importe imputable da á retención efectuada na factura.
- Nas facturas emitidas por empresas estranxeiras nas que non se imputa o IVE, será necesaria a presentación do modelo 349 da Axencia Tributaria correspondente a Declaración do IVE en Operacións Intracomunitarias correspondente ao trimestre no que foi declarada a factura en cuestión.
- Non se subvencionarán os gastos anteriores á solicitude de axuda ou ao levantamento dunha acta de non inicio por parte do GDR (a excepción dos gastos relativos á adquisición de terreos, aos honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores e aos honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade).
- Tampouco se aceptarán aqueles gastos que superen a data máxima do prazo de execución do proxecto establecido na resolución.
- Cando un xustificante de gasto non se acepte na súa totalidade ou sexa imputado parcialmente, o técnico deixará constancia das motivacións que levaron a non aceptación do mesmo de cara a súa posterior comunicación ao promotor na Resolución de Pagamento.
- En ningún caso se aceptará a imputación de gastos, conceptos ou investimentos cuxa inclusión non fora autorizada pola AGADER, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.
- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado. No suposto de discrepancias entre a AGADER e o promotor respecto do valor de mercado dos gastos subvencionables, aplicarase o procedemento previsto na normativa que regula a concesión de subvencións.

A maiores dos controis sobre os documentos xustificativos do gasto, os técnicos realizarán as seguintes comprobacións:

1.-Comprobación sobre a documentación adicional necesaria para a xustificación dos investimentos

Froito da análise previa da solicitude de axuda e da elaboración do ICE, na Resolución de Concesión da Axuda figura o listado de toda aquela documentación adicional que o promotor debe achegar no momento da solicitude de pagamento.

Neste listado diferenciase aquela que debe de ser achegada xunto coa primeira solicitude de pagamento, daquela que debe ser achegada no momento da solicitude de pagamento final.

Os técnicos revisores disporán do citado listado e irán comprobando, segundo o caso de que se trate, se efectivamente o promotor achegou a documentación requirida e si esta é correcta. En caso contrario o que procede é o requirimento da mesma para poder continuar a tramitación do pago da axuda.

2.- Comprobación na 1ª Solicitude de Pagamento

2.1.- Control da dispoñibilidade dos bens nos que se leva a cabo o investimento

O promotor debe acreditar o dereito de uso sobre os bens sobre os que está a actuar mediante algunha da seguinte documentación: título de propiedade, recibo do IBI, contrato de arrendamento ou aluguer, documento de cesión do uso por parte do propietario, etc.

No caso de adquisición de inmobles ou terreos, a maiores da documentación xustificativa da compra (escritura notarial e pagamento) e da documentación esixida para a autorización da adquisición (taxación e declaración do propietario).

No caso de bens inscritibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

3.- Comprobacións na Solicitude de Pagamento Final

3.1.- Axuste das partidas con límites

Cando un expediente conteña partidas nas que se apliquen límites porcentuais respecto do orzamento aceptado, no momento da solicitude de pagamento final, e unha vez que xa foron examinados todos os xustificantes e imputados nas partidas correspondentes, é necesario facer a comprobación de que trala xustificación dos investimentos se están a respectar eses límites.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

3.2.- Control sobre o financiamento do expediente

Xunto coas solicitudes de pagamento parcial e final, un dos documentos de obrigada presentación é o modelo normalizado de ***Declaración doutras axudas (ANEXO XIII)*** correctamente cumprimentado, independentemente de que no momento da solicitude inicial de axuda non constara que o promotor tiña solicitada ou concedida calquera outra axuda.

Deberase comparar cos datos inicialmente declarados, de tal xeito que o promotor deberá informar sobre o estado de tramitación no que se atopan aquelas axudas que declarou como solicitadas.

As solicitudes de axudas que declare como denegadas deberán acompañarse da copia da Resolución Desestimatoria emitida polo organismo convocante.

No caso de que o promotor declare que o proxecto ten outras axudas concedidas (e que non constaban no expediente), deberanse facer as oportunas comprobacións sobre a compatibilidade das mesmas así como, no caso de que sexan compatibles, deberase de comprobar o respecto aos límites de acumulación de axudas que figuran no Réxime de Axudas para cada tipo de proxecto. En calquera caso o promotor deberá achegar copia da Resolución de Concesión da Axuda e, nos casos que se estime necesario, a AGADER solicitará do organismo cofinanciador toda a información que precise acerca do proxecto.

3.3.- Control sobre o cumprimento dos compromisos relativos ao emprego

En calquera expediente no que figure como compromiso a creación ou o mantemento do emprego no momento da certificación final é necesario efectuar a comprobación e control sobre o cumprimento do mesmo.

- Mantemento do emprego
  - Haberá que comprobar a través da documentación achegada (informe de vida laboral da empresa, recibos de autónomos, TCs. etc.) que o nivel de emprego co que conta a entidade promotora no momento da solicitude de pago, continúa a ser, cando menos, igual ao reflectido na resolución de concesión de axuda.
  - O período de cálculo que se considera é o dos 12 meses inmediatamente anteriores á data da presentación da solicitude de pagamento final do expediente.
  - De non cumprirse este requisito, o que corresponde será a denegación do pagamento da axuda solicitada e, se o expediente xa recibiu pagamentos parciais, o inicio dun expediente de reintegro polos importes indebidamente percibidos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

- Creación do emprego
  - No caso de que entre os compromisos do promotor figure a creación dun determinado número de empregos, o primeiro que debe comprobar o técnico é si o beneficiario indica ou non na súa solicitude de pagamento a prórroga de 6 meses (a contar dende a data do pago final) para acreditar a creación dun máximo de dous terzos do emprego comprometido, xa que de ser así, quere dicir que polo menos un terzo dos postos de traballo deberán estar cubertos no momento da solicitude de pagamento final do expediente.
  - De non solicitalo, o promotor deberá xustificar a creación da totalidade dos empregos comprometidos.
  - A concesión do prazo de 6 meses de prórroga, unicamente será admitida para proxectos que creen 5 UTAs ou máis.
  - Os empregos creados xustificaranse mediante a achega das copias dos contratos ou da alta dos novos traballadores na Seguridade Social.
  - No caso dos empregos autónomos débese achegar a alta do traballador no Réxime de Autónomos. Para ser considerados como emprego "creado" a data de alta debe ser posterior á data da solicitude de axuda. En calquera caso, xa sexa creación ou mantemento, os empregos autónomos deberán respectar o establecido na lei que regula o Estatuto do Traballador Autónomo (Lei 20/2007 do 11 de xullo). A vinculación do emprego autónomo coa empresa beneficiaria do proxecto deberá realizarse en base a contratos mercantís que deberán especificar o número de horas de dedicación á citada empresa.
  - Naqueles expedientes nos que se prorrogase o compromiso da creación dunha parte dos empregos, unha vez transcorrido o período dos 6 meses deberase comunicar ao promotor a necesidade de xustificación da creación da totalidade dos empregos.
  - Cando un promotor non poida acreditar a creación da totalidade dos empregos comprometidos o que procede é a rebaremación do expediente puntuando no correspondente criterio do baremo única e exclusivamente os empregos efectivamente creados. Desta rebaremación do proxecto poderá concluírse unha redución da axuda ou a necesidade do inicio da tramitación dun expediente de perda do dereito á axuda concedida ou mesmo un reintegro (no suposto de ter xa cobrado o promotor algún ou algúns pagamentos parciais).

Nos expedientes nos que se combine a creación e o mantemento haberá que facer as comprobacións descritas anteriormente para ambos casos.

Se tras a análise completa da solicitude de pagamento se comproba a falla dalgún documento ou algún tipo de incidencia nos xustificantes presentados que impedise a certificación dos investimento e o pago da axuda, a AGADER procederá a requirir ao promotor, a través do equipo xestor do GDR, para que emende tales deficiencias.

Se no prazo que se sinale (10 días hábiles), non se recibe na AGADER contestación ao requirimento, e as aclaracións solicitadas e non clarexadas permiten seguir o trámite da solicitude de pagamento, o que corresponde é a certificación dos investimentos, excluíndo todos aqueles que non foron correctamente xustificados.

Se polo contrario a documentación solicitada resulta imprescindible para o trámite do pagamento, e a AGADER non obtivo resposta por parte do promotor poderá iniciarse a tramitación dun expediente de perda do dereito e/ou no seu caso de reintegro, en función do disposto no artigo 61 do Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

4) Réxime de Pagamento

O pagamento calcularase sobre a base dos importes que se consideren admisibles durante o control administrativo da solicitude de pagamento.

Poderán concederse pagamentos parciais e anticipos de conformidade co disposto no artigo 31.6º da LSG, nos artigos 62, 63 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e nos artigos 42.2 e 45.4 do Regulamento (UE) 1305/2013, do 17 de decembro.

Os anticipos foron tratados no punto P12 do procedemento deste Manual.

1) Pagamentos parciais

- Poderán realizarse pagamentos á conta que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, sempre e cando o orzamento aceptado do expediente sexa superior a 30.000 €.
- Os pagamentos á conta só acadarán o 100% da axuda correspondente ao investimento xustificado, sen superar en ningún caso o importe previsto na Resolución de Concesión da Axuda para a anualidade, no caso de concederse exención polo Consello da Xunta

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

para a superación da porcentaxe máxima do 80% que recolle o artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

- O número de pagamentos á conta non poderá ser superior a tres por cada expediente.
  - O réxime dos pagamentos a conta en custes correntes e animación levada a cabo polos GDR será o establecido no modelo de convenio de colaboración asinado entre a AGADER e o GDR,. autorizado polo Consello da Xunta do 04/08/2016.
- Para os gastos correntes ou de funcionamento dos GDR, poderán presentarse xustificacións de gastos mensuais, ou se é o caso, no momento de esgotamento do anticipo.

2) Cando non se xustifique a totalidade do investimento ou gasto aprobado na Resolución de Concesión da Axuda, o expediente certificarase aplicando ao investimento ou gasto subvencionable xustificado, a porcentaxe de subvención inicialmente concedida, sempre e cando se cumprira a finalidade ou obxectivo para o que se concedeu a axuda e o xustificado non sexa inferior ao 60% do orzamento inicialmente aceptado pola AGADER.

3) Con carácter previo á emisión dos documentos de proposta de pagamento, o técnico comprobará que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento débeda de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de que exista algún certificado negativo non se realizará pagamento ningún ata que estea ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4) Reducións e exclusións

Conforme o artigo 63 do Regulamento de execución (UE) 809/2014, do 17 de xullo, a AGADER examinará a solicitude de pago presentada polo beneficiario e determinará os importes admisibles. Deste xeito fixará:

a) O importe que correspondería pagar ao beneficiario en función da solicitude de pago e da decisión de concesión.

b) O importe que correspondería pagar ao beneficiario tras o exame de admisibilidade do gasto que figure na solicitude de pago.

Se o importe fixado na letra a) anterior supera o importe fixado na letra b) do mesmo parágrafo en mais dun 10%, aplicarase unha sanción administrativa ao importe fixado con arreglo á letra

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

b). O importe será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá mais alá da retirada total da axuda.

Non obstante, non se aplicarán sancións cando o beneficiario poida demostrar a satisfacción da AGADER que non é responsable da inclusión do importe non admisible, ou cando a AGADER adquira doutro modo a convicción de que o beneficiario non é responsable diso.

5) Débese ter en conta que as solicitudes de pago poden modificarse en calquera momento tras a súa presentación no caso de existiren erros manifestos recoñecidos pola AGADER. Comunmente estes erros detéctanse mediante a comprobación administrativa da información rexistrada no formulario da solicitude. A AGADER deberá quedar convencida de que os erros son de boa fe. Aínda así, a reiteración do mesmo erro reduce a marxe de consideración como non intencionado. En todo caso, a consideración dun erro manifesto deberá quedar plenamente xustificada.

5) Listado de verificación (check-list) en modelo normalizado, realizado polo persoal da Subdirección de Relacións cos GDR.

Cada técnico da Subdirección de Relacións cos GDR analizará as Solicitudes de Pagamento correspondentes aos GDR que teña asignados. No 100% dos expedientes comprobará e asinará un listado exhaustivo de verificacións ***(DOC. 28)*** (as sinaladas nos apartados anteriores). O listado de verificacións será asinado tamén por un superior xerárquico.

6) Reintegro

Procederá o reintegro das contías percibidas indebidamente e a exixencia dos xuros de demora nos supostos previstos no artigo 33.1 da LSG. Estes xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución (Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2012).

No caso de que na análise da solicitude de pagamento se detecte que un incumprimento atinxe ao compromiso de creación de emprego ou a calquera outro compromiso derivado da aplicación dos criterios de selección ao proxecto, estes incumprimentos suporán a tramitación dun expediente de perda do dereito ao cobro da subvención e o reintegro da totalidade da axuda percibida en certificacións parciais, sempre e cando este/s compromiso/s fora/n determinantes

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

para a selección do proxecto. No caso de que o compromiso ou compromisos incumpridos non foran determinantes para a selección do proxecto, revisarase a puntuación asignada inicialmente e axustarase a axuda á puntuación que lle corresponda conforme aos criterios de selección que lle sexan aplicables.

En relación co período de permanencia dos compromisos derivados da Resolución de Concesión da Axuda, tendo en conta o artigo 14.1.n) da LSG, se o incumprimento atinxe ao mantemento do ben, da operación subvencionada ou ao compromiso de mantemento de emprego, a cantidade que se reintegrará será proporcional ao tempo de incumprimento, ata acadar os 5 anos, sempre e cando non se produza o incumprimento nos primeiros dous anos de compromiso posto que neste caso procederá o reintegro total da axuda.

O procedemento de reintegro tramitarase nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009.

Non procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

a) Falecemento do beneficiario.
b) Incapacidade laboral de longa duración do beneficiario.
c) Expropiación dunha parte importante do ben subvencionable, se esta expropiación non era previsible o día en que se presentou a solicitude de axuda.
d) Catástrofe natural grave que afecte considerablemente os bens da empresa subvencionada e impida o seu normal funcionamento.

7) Réxime sancionador

Os beneficiarios das axudas, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto nos títulos IV da LSG e VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, ao disposto no Regulamento de execución (UE) 809/2014 e no Regulamento delegado (UE) 640/2014.

P14. Visita de Control

Fase	**Visita de Control**
Unidade	Equipo xestor ou técnico dos GDR
Prazo	Xunto á Solicitude Final de Pagamento

Descrición

Todas as operacións de investimento incluirán unha visita in situ para comprobar o remate do proxecto obxecto da solicitude de pagamento, en cumprimento do artigo 48 do Regulamento (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013.

Os gastos xustificados deben coincidir cos compromisos adquiridos segundo a resolución de concesión da subvención.

Esta visita consistirá nunha auditoría física que permita comprobar "in situ" a efectiva execución material do proxecto, e figurará no modelo normalizado de ***Acta de Visita de Control de Investimentos (DOC. 27)***. Esta tarefa asegurará:

- A existencia real dos bens obxecto de comprobación
- O seu axuste á memoria do proxecto presentada
- A súa utilidade e funcionamento
- Cantas comprobacións sexan necesarias en función dos investimentos ou gastos subvencionados
    - En caso de obra civil ou execución material, o promotor terá que presentar as correspondentes certificacións de obra avaladas coa sinatura dos técnicos competentes)
- O cumprimento dos compromisos do promotor relativos á adopción das medidas de difusión e publicidade dos investimentos.

Tal e como queda establecido no Plan de Controis, por regra xeral, realizarase unha única visita de control ao lugar dos investimentos, e sempre coincidindo coa solicitude de pagamento final do expediente. En todo caso, e a raíz de solicitudes de pagamentos parciais, é potestativo da AGADER a realización de visitas naqueles expedientes nos que o considere necesario. Non obstante, os centros xestores poderán decidir non levar a cabo tales visitas no caso de investimentos menores, cando se considere pouco probable a non realización do investimento

ou o cumprimento do compromiso ou se a operación está incluída na mostra do control sobre o terreo. Nestes supostos as unidades xestoras realizarán os correspondentes informes coa xustificación desta decisión que deberán remitir ao organismo pagador.

Esta Visita de Control será levada a cabo polo equipo xestor ou técnico dos GDR, excepto nos casos nos que sexa beneficiario do expediente o propio GDR. Nestes supostos, corresponderá á AGADER a realización da citada visita "*in situ*".

Inspeccionados os investimentos, os técnicos procederán a levantar unha acta de inspección final froito desa visita, na que, no caso de existiren, os técnicos deberán deixar constancia do xeito mais claro e detallado posible das incidencias ou discrepancias atopadas respecto da xustificación de gastos presentada polo promotor. Esta acta deberá ser asinada polo promotor (ou representante) ao cal se lle entregará copia da mesma e será remitida á AGADER a maior brevidade posible de tempo, e acompañarase dun breve anexo fotográfico.

O técnico da AGADER comprobará a existencia de incidencias ou observacións na acta, debendo valorar se estas teñen ou non repercusión sobre o importe que finalmente debe ser aboado ao expediente.

Non obstante, os centros xestores poderán decidir non levar a cabo tales visitas no caso de investimentos menores, cando se considere pouco probable a non realización do investimento ou o cumprimento do compromiso ou se a operación está incluída na mostra do control sobre o terreo. Nestes supostos as unidades xestoras realizarán os correspondentes informes coa xustificación desta decisión que deberán remitir ao organismo pagador.

Resolución de incidencias

INCIDENCIAS	SOLUCIÓNS
O promotor non asina a Acta da Visita de Control	O técnico deixa constancia desta incidencia na Acta de Visita de Control
A visita de control mostra que o proxecto non está executado no grado que debería estar segundo as facturas presentadas	O técnico deixa constancia desta incidencia na Acta de Visita de Control e a remite á AGADER xunto coa solicitude de pago e a documentación xustificativa do mesmo
A visita de control correspondente a unha solicitude de pago final mostra que o proxecto non está en funcionamento	O técnico deixa constancia desta incidencia na Acta da Visita de Control e a remite á AGADER xunto coa solicitude de pago e a documentación xustificativa do mesmo. No caso de darse esta circunstancia, non se procederá ao pagamento final do expediente e poderá iniciarse un procedemento de perda do dereito ao cobro e/ou de reintegro no seu caso

P15. Informe de Proposta de Pagamento e documento contable PP

Fase	**Informe de Proposta de Pagamento e documento contable PP**
Unidade	Subdirección de relacións cos GDR
Prazo	

Descrición

O seguinte paso consiste en avaliar se é correcto o resultado dos procesos de auditoría documental e física (no caso de que sexa necesaria unha Visita de Control). Se froito desta avaliación se constata o cumprimento dos requisitos necesarios para o pagamento total ou parcial da axuda emitirase o correspondente ***Informe Proposta de Pagamento*** segundo o documento normalizado ***(DOC. 29)***.

Neste Informe xustificarase o pagamento a realizar segundo o nivel de cumprimento que se poida concluír da documentación achegada e levará anexo o documento de Proposta de Pagamento (PP), e será trasladado á Dirección Xeral para que se proceda ao correspondente pago.

A proposta de pagamento deberá elaborarse tendo en conta os seguintes puntos:

- ☐ Se o expediente ten concedido un anticipo, a solicitude de pagamento liquidarase contra o mesmo, polo que non será necesaria a elaboración do documento PP. Se o importe do pagamento é superior ó importe do anticipo, a diferencia resultante entre ambos será a que figure no PP e imputarase contra o saldo dispoñible do expediente.
- ☐ No momento do pagamento final comprobarase se o expediente esgotou todo o importe da axuda que lle foi concedida. No caso en que existise saldo dispoñible o que corresponde é a emisión dun PA negativo que acompañe aos demais documentos. Ese saldo incorporarase ao importe dispoñible na medida correspondente na anualidade vixente.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

P16. Autorización Área Xurídica

Fase	**Autorización Área Xurídica**
Unidade	Secretaría Xeral (Área Xurídica)
Prazo	

Descrición

A Área Xurídica procede a dar a súa conformidade ó Informe Proposta e ó documento de pago PP.

P17. Autorización e Contabilización Área Económica-Financeira

Fase	**Autorización e Contabilización Área Económico-Financeira**
Unidade	Secretaría Xeral (Área Económica-Financeira)
Prazo	

Descrición

A Área Xurídica procede a dar a súa conformidade ó Informe Proposta e ó documento de pago PP.

Posteriormente corresponde á Área Económica-Financeira a contabilización desa Proposta de Pagamento PP, procedendo a xerar os correspondentes documentos de recoñecemento da obriga O e K OK, en unha vez asinada pola Dirección Xeral a Resolución de Pagamento, elaboraríase o documento de pago (P).

No caso de que a proposta de pagamento tamén se acompañe de PA negativos, o que corresponde é a emisión do correspondente D barrado, quedando deste xeito incorporado a saldo D da medida na que se encadra o expediente.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

P18. Resolución de Pagamento

Fase	**Resolución de Pagamento**
Unidade	Director Xeral
Prazo	Data final de pagamento aos titulares de proxectos da totalidade da axuda certificada: 30 de novembro de 2020

Descrición

O Director Xeral dita resolución coa que autoriza o pagamento da axuda correspondente ao expediente (segundo modelo normalizado - ***DOC. 29***), na conta bancaria a tal efecto designada polo beneficiario.

Esta resolución acompañará á Solicitude de Pago que a AGADER remite ao organismo pagador (FOGGA) para que este comece a tramitación do pago tal e como se describe nas Instrucións deste organismo.

P19. Controis sobre o terreo

Fase	**Controis sobre o terreo**
Unidade	Subdirección de relacións cos GDR
Prazo	Ata 31 de decembro de cada ano, para as solicitudes de pagamento presentadas durante cada ano natural

Descrición

Responsables do control

A responsabilidade dos controis sobre o terreo recae na Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural.

Planificación do control

Os controis sobre o terreo distribuiranse ao longo do ano en función do momento máis oportuno para a realización da visita co fin de comprobar todos os compromisos (especialmente en operacións pendentes de obtención de certificados, licenzas, ..., así como en operacións intanxibles para ter evidencia do seu cumprimento: cursos, feiras, ...). Os centros xestores deberán establecer un calendario de controis.

Os centros xestores rexistrarán os motivos polos que se selecciona a cada beneficiario para o control sobre o terreo e os inspectores serán informados do método de selección do expediente antes do control. Tanto o método de selección como a data de notificación deberán constar no informe de control.

Os centros xestores tamén deberán subministrar aos inspectores toda a información que sexa necesaria, incluíndo o resultado dos controis administrativos, así como unhas instrucións detalladas de modo que se garanta que todos os controis se realizan respectando un procedemento común preestablecido. O controlador deberá ir provisto, no seu caso, de:

- Toda a documentación ou información necesaria para efectuar as comprobacións oportunas segundo o tipo de control, copia das solicitudes, listas de comprobación (check-list), listado actualizado das características e do censo de explotación, información alfanumérica e gráfica SIXPAC, ...
- Equipamento necesario que lle permita realizar o control e aportar probas dos posibles incumprimentos: prismáticos, GPS, cinta métrica, cámara fotográfica dixital que incorpore data, ...
- Cando proceda, material necesario para a toma de mostras.

O controlador ao inicio da inspección informará ao beneficiario ou, no seu caso, ao representante acreditado do procedemento a seguir no control, dándolle así a oportunidade de verificar que se respectan as regras establecidas. Ao remate do control dará lectura a acta cumprimentada antes de asinala. O beneficiario ou representante terá a posibilidade de asinar a acta e engadir as súas alegacións. O controlador facilitará unha copia da acta ao beneficiario ou representante.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

Cando o beneficiario, ou no seu caso o representante, impidan a execución do control rexeitarase a solicitude de axuda correspondente. A persoa responsable do control deberá reflectir a incidencia no informe.

Cando non estea presente o beneficiario ou o seu representante e non sexa posible entregar unha copia, sempre que existan incumprimentos deberá remitírselle copia da acta do control sobre o terreo realizado para que poda asinala e engadir as súas observacións.

Porcentaxes de control e selección da mostra

Cada ano os centros xestores realizarán controis sobre o terreo sobre unha mostra que represente como mínimo o 5 % do gasto financiado polo FEADER que aboa o organismo pagador cada ano natural.

Cada medida deberá contar con disposicións específicas respecto da responsabilidade de execución dos controis e dos factores de risco a considerar na selección da mostra.

De acordo coa normativa comunitaria os controis sobre o terreo practicaranse sobre operacións autorizadas e, na medida do posible, antes do pago derradeiro dun proxecto. Cabe sinalar que só computarán os controis efectuados ata o final do ano natural que cumpran todos os requisitos establecidos neste apartado.

Cando nunha operación seleccionada para o control sobre o terreo se recibiran anticipos ou pagos parciais, os ditos pagos deberán imputaranse como gastos cubertos polo control sobre o terreo.

Poderán entrar a formar parte do control sobre o terreo aqueles expedientes con solicitudes de pago rexistradas.

Para a selección da mostra terase en conta o seguinte:

- A necesidade de seleccionar aleatoriamente entre o 30% e o 40% dos gastos.
- A necesidade de controlar operacións de natureza e amplitude suficientemente variadas, e manter un equilibrio entre os diferentes tipos de operacións co obxecto de que mostra sexa fiable e representativa.
- A necesidade de empregar criterios de risco: a AGADER definirá os criterios de risco para a selección da mostra de control. Entre estes, poderán contemplarse por exemplo:

- Importe da axuda.
- Ámbito territorial da operación.
- Antigüidade dende a concesión da axuda.
- Operacións con anticipo.
- Operacións con esixencia de capacitación e formación.
- Os resultados dos controis administrativos, controis de anos anteriores ou outros controis.
- Número de medidas solicitadas.
- Explotacións transferidas.
- Orientación técnico - económica da explotación.
- Casos de forza maior ou circunstancias excepcionais.
- Existencia de incumprimentos previos e fiabilidade do solicitante.
- Situacións de risco establecidas no artigo 12.3 do Real Decreto 1075/2014.
- Calquera factor de risco detectado a raíz de controis nacionais ou da Unión Europea.

As unidades xestoras deberán avaliar e, de ser necesario, actualizar anualmente os factores de risco do seguinte xeito:

- Determinando a pertinencia de cada factor de risco.
- Comparando os resultados dos controis da mostra por criterios de risco e da mostra seleccionada aleatoriamente.
- Tendo en conta a natureza dos incumprimentos detectados.

Poderán realizarse controis dirixidos cando, por razóns fundadas, os centros xestores consideren oportuno, tendo en conta que estes controis non computan para a porcentaxe mínima de control esixida.

A selección das mostras debe quedar rexistrada de forma que se garanta a trazabilidade da mostra e sexa revisable cada ano.

Variación das porcentaxes de control:

Cando os controis sobre o terreo poñan de manifesto a existencia de calquera caso de incumprimento significativo no contexto dunha medida de axuda ou tipo de operación, a AGADER aumentará a porcentaxe de control da medida ou tipo de operación de que se trate a un nivel axeitado durante o ano natural seguinte.

Doutra banda, en aplicación do artigo 59.5 do Regulamento (UE) 1306/2013, cando os sistemas de xestión e control funcionen correctamente e a taxa de erro se manteña nun nivel aceptable, os centros xestores, previa autorización do FOGGA, poderán decidir reducir o nivel de controis sobre o terreo realizados cada ano natural ao 3% do importe co financiado polo FEADER, de acordo coas condicións establecidas no artigo 41 do Regulamento de execución (UE) 908/2014.

No caso de que se incumpra algunha das condicións para a diminución da porcentaxe de control a decisión revocarase de xeito inmediato e deberá realizarse o nivel mínimo de inspeccións establecidas pola normativa a partir do ano natural seguinte.

Contido dos controis

Os controis sobre o terreo verificarán que a operación se executou de conformidade coas normas aplicables e abarcarán todos os criterios/requisitos de admisibilidade, compromisos e outras obrigas referentes as condicións para a concesión da axuda que poidan ser comprobados no momento da visita. Do mesmo xeito, deberán garantir que a operación ten dereito de recibir a axuda FEADER.

Excepto en circunstancias excepcionais, debidamente rexistradas e xustificadas polas autoridades competentes, os controis sobre o terreo incluirán unha visita ao lugar no que se execute a operación ou, si se tratara dunha operación inmaterial, ao promotor da mesma.

En particular, para a realización dos controis sobre o terreo terase en consideración o seguinte:

- Comprobarase que o resultado da operación se axusta a descrición efectuada na solicitude de axuda, as posibles modificacións autorizadas e ao comprobado administrativamente na solicitude de pago.
- Deberase verificar a exactitude e autenticidade dos datos declarados polo beneficiario en relación cos documentos básicos. Nesa verificación comprobarase que as solicitudes de pago presentadas polo beneficiario van acompañadas de documentación contable ou de outro tipo e, no seu caso, controlarase a exactitude dos datos que constan na solicitude de pago sobre a base de datos ou documentación comercial en posesión de terceiros.
- Con respecto a un número mínimo de facturas e/ou documentos de valor probatorio equivalente seleccionados nunha mostraxe fiable e representativa que supoña polo menos o 50% dos gastos solicitados, comprobarase que estes están reflectidos na contabilidade

do beneficiario controlando, en particular, posibles anulacións, deducións e descontos ocultos de facturas ou outras vantaxes financeiras.

- A verificación inequívoca de diferentes elementos de investimento, incluído o número de serie/bastidor de maquinarias e equipos, así como a inscrición en rexistros públicos: ROMA, RGS industrias agroalimentarias, ..., cando sexa preceptivo.
- A constatación de que o beneficiario da axuda dispón de todas as autorizacións medioambientais, permisos e licenzas necesarios; en particular licenza de actividade.
- As obrigas dos beneficiarios en canto a información e publicidade da axuda, de acordo co indicado no anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014.
- As comprobacións específicas que se consideren oportunas en caso de operacións de investimento público.

A realización dos controis sobre o terreo plasmarase nunha acta de control segundo modelo normalizado ***(DOC. 30)***.

P20. Controis a posteriori

Fase	**Controis a posteriori**
Unidade	Equipo xestor do GDR
Prazo	Ata 31 de decembro de cada ano. Sempre que exista período de permanencia de compromisos derivados das Resolucións de Concesión da Axuda

Descrición

Responsables dos controis

As unidades xestoras efectuarán controis a posteriori das operacións de investimento para comprobar que se cumpran os compromisos contemplados no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/ 2013 ou os establecidos no PDR.

Planificación dos controis

Os controis a posteriori cubrirán cada ano natural como mínimo unha porcentaxe do 1% dos gastos do FEADER relativos a operacións de investimento con pago final nos cinco anos anteriores. As inspeccións dos expedientes seleccionados realizaranse nun prazo de doce meses unha vez rematado o ano civil correspondente ao pago final.

Entre o 20 e o 25% dos gastos deberán seleccionarse aleatoriamente.

Contidos dos controis

Os controis terán por obxecto comprobar que as operacións de investimento en infraestruturas ou investimentos produtivos non sufriron modificacións nos cinco anos posteriores ao pago, tales como:

- O cese ou re localización dunha actividade produtiva fora da zona do PDR.
- Un cambio de propiedade dun elemento de infraestrutura que proporcione a unha empresa ou organismo público unha vantaxe indebida.
- Algún cambio substancial que afecte á natureza, aos obxectivos e as condicións de execución da operación, de xeito que se menoscaben os seus obxectivos orixinais.

Poderán realizarse controis dirixidos cando por razóns fundadas se considere oportuno e tendo en conta que estes controis non computan para a porcentaxe mínima esixida.

A realización dos controis a posteriori plasmarase nunha acta de control segundo modelo normalizado ***(DOC. 31)***.

Relación de documentos de tramitación (anexos)

DOC. 1: Convenio de colaboración entre AGADER e GDR05 Asociación Miño Ulla 120

DOC. 2: Modelos normalizados incluídos nas Bases Reguladoras 148

- ANEXO II: Solicitude de Axuda 148

- ANEXO III: Resumo do Proxecto - Plan de Empresa (proxectos produtivos) 153

- ANEXO IV: Resumo do Proxecto - Plan de Xestión (proxectos non produtivos) 155

- ANEXO V: Orzamento 158

- ANEXO VI-A: Relación de ofertas solicitadas e elixidas 159

- ANEXO VI-B: Declaración sobre as ofertas solicitadas e elixidas 160

- ANEXO VII: Solicitude de Anticipo 161

- ANEXO VIII: Desistencia 162

- ANEXO IX: Renuncia 163

- ANEXO X: Solicitude de Modificación 164

- ANEXO XI: Solicitude de Pagamento 165

- ANEXO XII: Relación de equipos subvencionados 167

- ANEXO XIII: Declaración doutras axudas 168

- ANEXO XIV: Modelo de xustificación de emprego 169

DOC. 3: Modelo de Acta de Non Inicio (ANI) 170

DOC. 4: Modelo de Requirimento documentación para completar solicitude de axuda .. 171

DOC. 5: Listado de verificación para operacións de investimento público 172

DOC. 6: Listado de verificación da moderación dos custes propostos 174

DOC. 7: Baremo do GDR05 Asociación Miño Ulla 177

DOC. 8: Modelo de Informe de Control de Elixibilidade (ICE) Favorable 203

DOC. 9: Modelo de Informe de Control de Elixibilidade (ICE) Desfavorable 210

DOC. 10: Modelo de Informe Técnico de Viabilidade (ITV) 213

DOC. 11: Modelo de conflito de intereses do equipo xestor do GDR 216

DOC. 12: Modelo de listado de verificacións dos ICEs 218

DOC. 13: Modelo Requirimento de documentación para verificar os ICEs (AGADER) . 222

DOC. 14: Modelo Requirimento de documentación para verificar os ICEs (GDR) ……. 223

DOC. 15: Modelo de verificación de ICE emitido favorable polo GDR ……. 224

DOC. 16: Modelo de non verificación de ICE emitido favorable polo GDR ……. 225

DOC. 17: Modelo de verificación de ICE emitido desfavorable polo GDR ……. 226

DOC. 18: Modelo de oficio de conformidade / non conformidade do GDR ……. 227

DOC. 19: Modelo de aceptación da distribución da axuda ……. 228

DOC. 20: Modelo de non aceptación da distribución da axuda ……. 229

DOC. 21: Modelo de conflito de intereses da Xunta Directiva do GDR ……. 230

DOC. 22: Modelo de Resolución de Concesión de axuda ……. 233

DOC. 23: Modelo de placa ou cartel de obra ……. 238

DOC. 24: Modelo logos para a medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 ……. 239

DOC. 25: Modelo de listado de verificación das solicitudes de anticipo ……. 240

DOC. 26: Modelo de selo de imputación de facturas ……. 241

DOC. 27: Modelo de Acta de Visita de Control ……. 242

DOC. 28: Modelo de listado de verificación das solicitudes de pago ……. 244

DOC. 29: Modelo de informe proposta e resolución de pagamento da axuda ……. 248

DOC. 30: Modelo de Acta de Visita de Control sobre o terreo ……. 252

DOC. 31: Modelo de Acta de Visita de Control a posteriori ……. 257

Informática

O GDR estableceu o arquivo informático de todos os expedientes presentados, xa sexa fisicamente en papel (estes son escaneados), ou a través do REXEL. Polo que se pode obter en todo momento copia de toda a documentación que consta na tramitación do mesmo (solicitude, requirimentos, ICE, oficios remisión á AGADER, etc.).

Ademais, na carpeta informática de que dispón cada un dos expedientes, existe un arquivo que conta cun cadro que contén toda a cronoloxía do propio expediente, para coñecer en todo momento a situación na que se atopa a tramitación do mesmo.

A AGADER dispón, a súa vez, dunha base de datos onde figuran todos os expedientes de axuda LEADER que teñen entrada no rexistro xeral da AGADER. Na citada base de datos pódese comprobar o estado exacto de tramitación do expediente: data da solicitude de axuda, data de verificación do ICE, descargar o ICE en formato electrónico, descargar a RESOLUCIÓN en formato electrónico, comprobar se ten pagos tramitados e modificacións da RESOLUCIÓN. Pode comprobarse o técnico que realizou a verificación do ICE e o pago do expediente, no caso de que o teña. Por outra parte, a base de datos posibilita a consulta da dispoñibilidade de fondos no cadro financeiro de cada un dos GDR, así como do estado xeral de fondos de toda a medida LEADER de Galicia 2014-2020, podendo comprobarse o importe executado por cada anualidade, o comprometido e o dispoñible en cada momento do programa.

Segundo información da AGADER, estase ultimando a posta en marcha por esta dunha aplicación específica para a tramitación dos expedientes LEADER que posibilitará, entre outras particularidades unha maior axilidade no envío de documentación dos GDR á AGADER, así coma un seguimento mais adecuado dos expedientes e dos cadros financeiros globais da medida LEADER e de cada un dos GDR.

Réxime do manual

Aprobación

O Manual de procedemento do GDR05 Asociación Miño Ulla apróbase pola Xunta Directiva da mesma, na súa sesión ordinaria celebrada .....

Este Manual unha vez aprobado polo GDR, será remitido á AGADER (tal e como se establece no Convenio de Colaboración asinado, concretamente na cláusula sexta "Funcións do GDR") para que a Axencia proceda a aprobalo.

Calquera revisión que modifique os criterios básicos de xestión requirirá da mesma tramitación.

Divulgación

O Manual de Procedemento do GDR05 estará a dispor da poboación colgado na web do Grupo, para xeral coñecemento.

ANEXOS

DOC. 1: Convenio asinado entre a AGADER e o GDR05 Asociación Miño Ulla

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 · Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F

agader

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E O GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "*ASOCIACIÓN MIÑO-ULLA*", PARA A APLICACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL NA MEDIDA LEADER DE GALICIA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020

Santiago de Compostela, 13 de Decembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Agader), representada por dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira do Medio Rural, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomea a titular da Consellería de Medio Rural e, por razón do seu cargo, presidenta da Agader, en virtude do artigo 8 do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Agader, e do Decreto 129/2015, de 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, con facultades para formalizar este convenio segundo a delegación do Acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013 (*DOG* nº 148, do 5 de agosto).

E doutra parte, o Grupo de Desenvolvemento Rural *"Asociación Miño-Ulla"* (en adiante, o GDR), con sede en Edificio Multiusos do Concello. Travesía Praza de Galicia. Chantada, e con número de identificación fiscal G-27384999, representado por don Ramiro Moure Ansoar, nomeado por acordo da xunta directiva do *28 de xuño de 2016* e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo *18* dos seus estatutos.

galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

EXPOÑEN

Primeiro.- A Decisión da Comisión Europea C (2015) 8144, do 18 de novembro, aprobou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (en adiante, o PDR de Galicia), ao abeiro dos Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos fondos EIE, e do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Segundo.- O PDR de Galicia, prevé a aplicación da medida Leader de Galicia 2014-2020 a través de estratexias integradas de desenvolvemento, compostas por submedidas e mediante a metodoloxía Leader, ao abeiro das actuacións promovidas polos grupos de desenvolvemento rural, nos termos sinalados no artigo 35 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Terceiro.- De conformidade coas bases reguladoras da selección de estratexias de desenvolvemento local, da selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e da concesión da axuda preparatoria, aprobadas polo acordo do Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016 (*DOG* núm. 42, do 2 de marzo de 2016), o GDR presentou unha estratexia de desenvolvemento local participativo, formulada co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento sustentable a longo prazo da súa zona de actuación. A estratexia e o GDR sinalados foron seleccionados mediante acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 .

Cuarto.- De conformidade co previsto nas epígrafes III, letra g), e XIV das bases reguladoras aprobadas no citado acordo do Consello de Dirección da Agader e no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o GDR, na súa consideración de entidade colaboradora, e a Agader deben asinar un convenio de colaboración no que se determinen as condicións e obrigas que asume a entidade para a xestión da estratexia de desenvolvemento local, que están previstas, con carácter xeral, nas bases reguladoras xa citadas.

galicia

Quinto.- De conformidade co Decreto 155/2006, de 7 de setembro, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia, o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) constituirase como organismo pagador en Galicia para os gastos financiados polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exercerá as funcións de organismo de certificación das contas do organismo pagador autorizado. A través da Orde do 4 de outubro de 2007, autorízase ao Fondo Galego de Garantía Agraria como organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia.

Por outra parte, o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, designa á Secretaria Xeral Técnica como autoridade de xestión do Programa de desenvolvemento rural (PDR).

Sexto.- A subscrición do presente convenio de colaboración deberá publicitarse conforme ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Sétimo.- Mediante o presente convenio se determina o réxime de obrigas asumidas polos GDR, deixándose expresamente designada á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como a entidade de apoio e asistencia entre cada un dos Grupos de Desenvolvemento Rural e o Organismo Pagador, sen prexuízo das instrucións que no exercicio das súas competencias dite a Autoridade de Xestión.

De conformidade co exposto e no exercicio das súas competencias, as partes reunidas acordan formalizar este convenio, cuxo contido recóllese nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar as partes na xestión da estratexia de desenvolvemento local seleccionada polo acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 e, en particular, as funcións e obrigas que asume o GDR como entidade colaboradora da Agader de acordo co artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño,

galicia

de subvencións de Galicia, e no marco das funcións xerais previstas no apartado 2 da epígrafe III (grupos de desenvolvemento rural) das bases reguladoras aprobadas o 10 de febreiro de 2016 polo Consello de Dirección da Agader, en relación coa xestión das subvencións que vaian a percibir terceiros beneficiarios da submedida 19.2: "apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo".

Por outra parte, este convenio regula tamén as obrigas que asume o GDR na súa condición de beneficiario da subvención, nos termos previstos no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto dos fondos públicos vinculados á submedida 19.4: "custos correntes e animación e promoción territorial".

Segunda.- Duración do convenio.

A vixencia deste convenio iníciase o día da súa sinatura e producirá efecto ata cinco anos despois do último pagamento realizado no marco da estratexia de desenvolvemento local, de xeito que o GDR non poderá disolverse ata que transcorra o devandito período, salvo que o GDR garanta previamente, a xuízo da Agader e a través de calquera medio admisible en dereito, as responsabilidades contraídas.

Terceira.- Ámbito territorial.

O ámbito territorial de aplicación deste convenio é o territorio en que se desenvolverá a estratexia de desenvolvemento local seleccionada. Este territorio figura como anexo I.

Cuarta.- Dotación financeira para a xestión da submedida 19.2: "apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo".

A dotación financeira para a aplicación da estratexia de desenvolvemento local é o importe reflectido no acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016, polo que se selecciona o GDR e a estratexia sinalada.

Para a execución da estratexia de desenvolvemento local tomarase como referencia a dotación financeira sinalada nesta cláusula máis o cofinanciamento complementario que acheguen os promotores dos proxectos. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos custes correntes do GDR, regulados na cláusula oitava, e dos gastos vinculados ás actuacións de animación e promoción do territorio, regulados na cláusula novena. Dita dotación financeira poderá variar como consecuencia da non liberación da porcentaxe que sobre os fondos públicos totais

galicia

asignados á medida Leader de Galicia 2014-2020 se corresponden coa "reserva de rendemento" á que fai referencia a epígrafe IX das bases reguladoras da selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, das modificacións do PDR de Galicia, de reprogramacións da estratexia do GDR, da redistribución de fondos entre estratexias dos GDR, do incumprimento da regra n+3 ou doutros supostos similares.

A Agader establecerá, antes da finalización do primeiro mes de cada anualidade, cal será o orzamento máximo dispoñible para o exercicio corrente e para a anualidade seguinte contra o que os GDR poderán seleccionar os proxectos.

Os créditos de cada ano poderán ser incrementados, se é o caso, coas incorporacións dos remanentes de exercicios anteriores que legalmente correspondan.

Quinta.- Principios de actuación.

Para o cumprimento dos obxectivos da estratexia de desenvolvemento local, tendo en conta o carácter público dos fondos que o financian, a actuación do GDR deberá garantir os principios de colaboración, imparcialidade e ausencia de conflito de intereses, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. As normas de actuación do GDR serán, entre outras, as seguintes :

a) Colaboración cos cidadáns en xeral, e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertenzan ou non ao GDR, así como con outros GDR.

b) Imparcialidade, mediante o seguimento do procedemento que o GDR recolla na súa estratexia para evitar os conflitos de intereses, segundo o contido mínimo que se indica no apartado 1 da epígrafe III das bases reguladoras aprobadas polo Acordo do Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo de 2016), e que afectará, en todo caso aos membros dos órganos de avaliación e decisión dos GDR.

c) Publicidade, tanto das convocatorias e regras para a selección de proxectos como dos proxectos subvencionados, así como para as contratacións que deba facer o GDR, segundo as regras de información e publicidade establecidas no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

d) Transparencia, materializada, entre outros aspectos, en expedientes completos, na

galicia

ausencia de acordos ocultos, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que os afecten e na sinatura por persoa delegada en representación do cargo do órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.

e) Libre concorrencia, sen máis limitacións que as que se deriven da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación, por parte do GDR, dos recursos humanos ou materiais.

f) Obxectividade, mediante a aplicación aos proxectos das normas do GDR para a xestión da estratexia, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidas e feitas públicas, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.

g) Igualdade, de modo que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais nin se traten igual situacións diversas.

h) Non discriminación, de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas do GDR para a xestión da estratexia, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos.

i) Eficacia, en canto que as actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos da estratexia de desenvolvemento local, cuantificando as decisións e analizando as súas posibles consecuencias.

k) Eficiencia, de xeito que cun menor custo se contribúa a un maior beneficio socioeconómico a fin de acadar a mellor proporción entre o rendemento, a utilidade dos investimentos e os gastos de funcionamento.

Para estes efectos, tanto o GDR como as entidades que sexan socios del, facilitarán a colocación nos seus taboleiros de anuncios e a inserción nas súas publicacións de cantos documentos, convocatorias, concursos ou anuncios garantan o cumprimento destes principios.

Sexta.- Funcións do GDR.

1. O GDR, en canto entidade colaboradora da Agader na xestión da estratexia de desenvolvemento local seleccionada, asume as seguintes funcións e obrigas específicas:

a) Promover a dinamización territorial e a mobilización social.

galicia

b) Promover a valorización do medio rural, en xeral, e do seu territorio, en particular.

c) Facilitar a participación da poboación nas accións de desenvolvemento do territorio.

d) Atender ao público nunha ou varias oficinas abertas no ámbito territorial do GDR, en que conste o calendario e horario de atención ao público, en particular o de atención da xerencia aos promotores. A oficina ou oficinas estarán identificadas en lugar visible mediante un cartel ou placa axeitados que recolla os requisitos establecidos no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, de modo que non sexa confundible con ningunha dependencia administrativa ou empresarial, e deberá situarse no territorio elixible para efectos do Leader.

e) Asesorar aos posibles beneficiarios das axudas da estratexia de desenvolvemento local sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquela, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas á marxe das previstas nela.

f) Informar aos posibles beneficiarios sobre as obrigas que asumirán no caso de percibir algunha axuda con cargo á estratexia, entre as que se atopa a obrigatoriedade de levar unha contabilidade separada para o financiamento que se perciba con cargo ao fondo FEADER, das infraccións e das correspondentes sancións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que puidesen derivar responsabilidade para os solicitantes das axudas, así como sobre a forma de xustificación do cumprimento das condicións para a concesión das subvencións e dos requisitos para a verificación desta.

g) Tramitar dilixentemente os expedientes, dende que o promotor presente a solicitude diante do GDR ata que este lle traslade á Agader a decisión sobre a selección, a proposta ou a documentación de que se trate.

h) Realizar o tratamento dos datos de carácter persoal que teña rexistrados en calquera tipo de soporte físico, por mor da súa actividade de entidade colaboradora na xestión da estratexia Leader de Galicia 2014-2020, conforme á cláusula 14ª deste convenio.

i) Comprobar o cumprimento e a efectividade das condicións ou dos requisitos determinantes para a concesión de subvencións aos promotores de proxectos.

j) Seleccionar proxectos con cargo ao orzamento máximo dispoñible, segundo o sinalado na cláusula cuarta, para darlle cumprimento á estratexia de desenvolvemento local.

galicia

k) Levantar a acta de non inicio dos proxectos, realizar actuacións de seguimento e control dos proxectos subvencionados e comunicarlle á Agader calquera incidencia ou irregularidade.

l) Levar un libro de rexistro de entrada e saída da documentación que afecte aos asuntos vinculados á execución da estratexia, dándolle traslado á Agader dos asentos diariamente para o seu control.

m) Velar pola correcta asignación dos fondos previstos para cada anualidade e a súa distribución entre proxectos produtivos e non produtivos.

n) Ter en conta o disposto no *Manual de Procedemento da medida Leader de Galicia 2014-2020* que aprobe a Agader, así como utilizar a aplicación informática correspondente que deseñe e facilite a Agader, cubrindo nela todos os campos previstos para cada tipo de actuación.

o) Elaborar, en base ao Manual de Procedemento aprobado pola Agader que se cita no punto anterior, o seu propio Manual de Procedemento o cal recolla integramente o procedemento exacto de tramitación das axudas Leader ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local. O Manual de procedemento propio do GDR deberá ser remitido á Agader para a súa aprobación.

p) Comunicarlle á Agader, para que as autorice, as reprogramacións da estratexia de desenvolvemento local, así como as modificacións de calquera norma interna do GDR relacionada coa xestión da estratexia.

q) Comunicarlle á Agader, no prazo do mes seguinte a terse producido, as variacións na escritura de constitución, estatutos, regulamento de réxime interior, composición dos órganos de decisión do GDR, enderezo, correo electrónico, xerente e outros datos similares referidos ao GDR.

r) Elaborar un informe anual de avaliación e seguimento da posta en práctica da estratexia de desenvolvemento local, e remitilo á Agader antes do 30 de maio do ano seguinte. Este informe deberá recoller o seguinte contido mínimo:

-Actas das xuntanzas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva ou órgano decisorio similar, debidamente dilixenciadas polo secretario do GDR.

galicia

-Relación actualizada de membros do GDR.

-Memoria que inclúa o seguimento dos indicadores establecidos e a avaliación da efectividade, eficiencia, relevancia, utilidade e sostenibilidade das medidas realizadas.

-Calquera circunstancia relevante para a correcta execución da estratexia como o grado de execución dos proxectos subvencionados, o rexeitamento de candidatos a ser socios, as contas anuais da asociación, incidencias observadas, etc.

Antes de remitilo á Agader, o devandito informe debe ser sometido a aprobación pola asemblea xeral do GDR.

s) Cumprir as obrigas previstas na normativa de transparencia da actividade pública en canto á publicidade activa e á subministración de información.

t) Proporcionarlle a Agader, á autoridade de xestión do PDR e/ou aos avaliadores designados por esta, toda a información relacionada coa súa xestión na medida Leader que sexa necesaria para realizar o seguimento e a avaliación da mesma.

2. O GDR, na súa condición de beneficiario da subvención, nos termos previstos no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia asume as seguintes funcións e obrigas específicas:

u) Executar as actividades da submedida 19.4 do PDR (gastos correspondentes aos custes correntes do GDR e animación e promoción do territorio) e xustificar os gastos correspondentes.

v) Promover ou participar, no seu caso, en proxectos de cooperación transnacional e interterritorial fóra e dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as bases reguladoras e as convocatorias da Comunidade Autónoma de Galicia e, no seu caso, do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

w) Integrarse nas redes de grupos de desenvolvemento rural, tanto a nivel da Comunidade Autónoma como a nivel de todo o Estado.

x) Someterse ao Plan Galego de Controis Feader que sexa de aplicación á estratexia Leader de Galicia 2014-2020, ás actuacións de comprobación da Agader e de control financeiro, así como a calquera actuación de control e/ou inspección que proceda desenvolver por

galicia

calquera organismo nacional ou comunitario.

y) Aplicar as regras de información e publicidade sobre a axuda do Feader a que se refire o anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) así como o Plan de comunicación do PDR.

3. As normas do GDR para a xestión da estratexia son unha parte esencial da estratexia de desenvolvemento local, na medida en que determinan as regras específicas aplicables no desenvolvemento do territorio, e garanten a aplicación dos principios de obxectividade e de transparencia. Por esta razón, a modificación polo GDR das citadas normas, en especial dos criterios de selección e de priorización de proxectos (baremos e regras de asignación de axudas), deberá ser comunicada á Agader para que a autorice.

4. Na composición do GDR rexerá o principio de portas abertas, entendido como a posibilidade da libre incorporación, tanto no momento da constitución do GDR como ao longo do período de execución da estratexia, das entidades con implantación local que, reunindo os requisitos esixidos para adquirir a condición de asociadas, soliciten a súa incorporación ao GDR, sempre que acrediten, polo menos, un ano de actividade no ámbito territorial deste. Coa finalidade de garantir a aplicación do antedito principio, cando se rexeite a solicitude dunha entidade para incorporarse ao GDR, este deberá informala da posibilidade de que recorra diante da asemblea xeral e de que lle comunique á Agader as circunstancias do rexeitamento.

5. O incumprimento das funcións e obrigas asumidas polo GDR, tanto na súa condición de entidade colaboradora como na súa condición de beneficiario da subvención, poderá dar lugar á suspensión temporal dos pagamentos pendentes ata que se corrixan as irregularidades cometidas. Así mesmo, o citado incumprimento poderá supoñer o non incremento dos fondos destinados aos gastos en custes correntes ou de funcionamento, e en casos de grave irregularidade, a resolución do convenio e a conseguinte perda polo GDR da condición de entidade colaboradora na xestión do programa.

galicia

Sétima.- Selección de proxectos.

1. O GDR seleccionará, en réxime de concorrencia competitiva, proxectos que sexan encadrables na estratexia de desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016, segundo os obxectivos da estratexia de desenvolvemento local, e de acordo coas bases reguladoras de selección de estratexias de desenvolvemento local, aprobadas o 10 de febreiro de 2016 polo Consello de Dirección da Agader, e co Réxime de axudas para a medida Leader de Galicia 2014-2020, no marco orzamentario da cláusula cuarta deste convenio.

Aplicarase o procedemento de selección dos proxectos, non discriminatorio, transparente e con criterios obxectivos predefinidos, que figura na estratexia de desenvolvemento local seleccionada.

O GDR asegurará sempre a libre concorrencia dos interesados, mediante convocatoria pública, ata o límite da dispoñibilidade orzamentaria anual

2. Para optimizar a execución da estratexia, en previsión de que os promotores dalgúns proxectos subvencionados non xustifiquen axeitadamente a súa execución, renuncien á axuda ou deban devolvela, ou de que se produza, por calquera razón, un incremento na dotación financeira asignada á estratexia, no último ano de execución da mesma, o GDR poderá seleccionar proxectos excedendo o marco financeiro que teña asignado para a execución da estratexia.

As contías liberadas por falta de xustificación da execución de proxectos, renuncias ou devolucións deberán ser asignadas a outros proxectos que sexan encadrables na estratexia de desenvolvemento local seleccionada.

Oitava.- Gastos en custes correntes do GDR.

1.- Para a correcta aplicación da estratexia de desenvolvemento local e para o cumprimento das súas funcións, o GDR deberá dotarse dos medios persoais e materiais axeitados, para o cal poderá realizar gastos de funcionamento conforme ao previsto no Réxime de axudas e mais na epígrafe VII (As estratexias de desenvolvemento local), apartado 2 (Desagregación da medida

galicia

Leader por submedidas), letra C (Custos correntes da estratexia), das bases reguladoras da selección de estratexias de desenvolvemento local.

2.- A contratación do equipo xestor do GDR axustarase ás seguintes regras:

a) A relación entre o GDR e o persoal terá carácter laboral, non mercantil.

b) A selección do persoal do GDR deberá cumprir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria e cumprir os seguintes requisitos:

- A convocatoria de selección deberá ser publicada na edición escrita do xornal de maior tirada na zona de actuación do GDR ou na súa provincia, non sendo suficiente a publicidade da convocatoria realizada unicamente nas páxinas da sección local do xornal. Ademais, a convocatoria deberá ser publicada nos taboleiros de anuncios de todos os concellos integrantes do territorio do GDR e na páxina web da Agader, para o cal se lle enviará unha comunicación do anuncio.
- Apertura dun prazo de polo menos 20 días naturais para a presentación de solicitudes, que empezará a contar dende a publicación nos medios indicados no punto anterior.
- Realización dun procedemento selectivo, que constará das seguintes partes: A) Proba escrita, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR, normativa de subvencións e territorio de actuación do GDR; B) Entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo; e C) Méritos, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.
- Non se poderán esixir formación e/ou titulacións específicas para os postos que se convoquen. Non obstante, será factible a inclusión, no apartado de méritos, de formación específica vinculada ao desenvolvemento rural, a coñecementos económico-financeiros e/ou a coñecementos ofimáticos ou administrativos.

c) Na comisión de selección poderá estar presente un representante da Agader con voz e sen voto.

d) As características dos postos de traballo que poida contratar o GDR serán as seguintes:

1. Xerente ou máximo responsable técnico da estratexia. Titulación mínima: título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grao. Salario bruto máximo imputable á xestión da medida Leader para un contrato de traballo a tempo

galicia

completo : 32.000 €.

2. Técnico. Titulación mínima: título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grao. Salario bruto máximo imputable á xestión da medida Leader para un contrato de traballo a tempo completo: 26.000 €.

3. Administrativo. Titulación mínima: bacharel ou equivalente para efectos académicos. Salario bruto máximo imputable á xestión da medida Leader para un contrato de traballo a tempo completo: : 18.000 €.

4. As persoas seleccionadas farán unha declaración na cal conste que non están incursas nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade.

5. O xerente ou máximo responsable técnico da estratexia terá dedicación exclusiva ao GDR e non desempeñará cargos electos nos órganos do mesmo.

6. O persoal técnico (non xerente) e administrativo poderá seleccionarse de maneira conxunta entre varios GDR e por conseguinte prestar os seus servizos a tempo parcial para cada un deles, en función dos contratos que regulen a súa relación laboral. En ningún caso a suma do salario bruto que perciba este persoal seleccionado de maneira conxunta poderá superar os límites salariais máximos establecidos nos apartados anteriores.

7. Os salarios brutos máximos imputables á estratexia poderán ser actualizados anualmente en función da variación do índice oficial de prezos ao consumo (IPC).

e) A subscrición deste convenio non supón ningún tipo de relación xurídica entre o persoal do GDR e a Agader.

3. A contratación de asistencias técnicas polo GDR axustarase ás seguintes regras:

a) As asistencias técnicas só poderán utilizarse para a xestión de aspectos puntuais, como os referidos a servizos técnicos, xurídicos, laborais, fiscais e contables.

b) A selección da entidade adxudicataria realizarase segundo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade que rexen a contratación das administracións públicas. Os

galicia

principios de publicidade e concorrencia materializaranse na achega de polo menos tres ofertas de diferentes empresas interesadas na realización do servizo. Os gastos de asistencia á xestión do equipo técnico do GDR non excederán do 5% do importe anual asignado para o total da submedida 19.4 (custes correntes e animación).

4. Para atender os gastos correntes, o GDR percibirá unha dotación económica no marco da submedida 19.4.A do PDR.

A intensidade da axuda con cargo á estratexia para os gastos de funcionamento poderá ser do 100%.

O GDR poderá obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para eses fins. Non obstante o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

O GDR deberá executar e xustificar os gastos correntes de funcionamento seguindo as regras xerais previstas no Réxime de Axudas. Ademais, deberá acreditarse a moderación de custes, calquera que sexa a contía do gasto subvencionable, mediante o sistema adecuado de valoración que estableza a Agader no Réxime de Axudas ou en instrucións ditadas ao efecto. O dito sistema de valoración de custes poderá consistir no establecemento de custes máximos de referencia, na comparación de polo menos tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á asunción do gasto ou no establecemento de prezos máximos por un comité de avaliación que designe a Agader.

5. A Agader pagará os gastos correspondentes aos custes correntes da estratexia de desenvolvemento local, do seguinte xeito:

No caso de solicitude do GDR, poderá concederse un anticipo de ata o 50% do orzamento dispoñible en cada anualidade, unha vez xustificados os gastos en custes correntes da anualidade anterior.

O importe restante da anualidade liberarase unha vez que se xustifique o anticipo e a medida que o GDR presente as solicitudes de pago xunto coa documentación xustificativa das mesmas.

galicia

Os gastos poderán ser xustificados mensualmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo.

Unicamente serán elixibles os gastos causados na anualidade na que o GDR solicite o seu pagamento, agás os gastos nos que incorra o GDR nos dous meses finais de cada anualidade, que poderán ser imputados polo GDR con cargo ao orzamento dispoñible da anualidade inmediatamente posterior. Esta excepción non será aplicable na anualidade final do programa.

6. Cando o GDR non precise os equipamentos adquiridos con cargo á estratexia, destinaranse a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento rural.

Novena.- Actuacións de animación e de promoción da estratexia e do territorio do GDR.

1.- Para a correcta aplicación da estratexia de desenvolvemento local, o GDR deberá realizar actuacións de animación e de promoción da estratexia e do territorio do GDR, conforme ao previsto no Réxime de axudas e mais na epígrafe VII (As estratexias de desenvolvemento local),apartado 2 (Desagregación da medida Leader por submedidas), letra D (Animación e promoción territorial), das bases reguladoras da selección de estratexias de desenvolvemento local.

2. O GDR realizará a previsión anual de gastos destinados á animación e á promoción do territorio e presentaralla á Agader, antes do 30 de novembro de cada ano, en relación co exercicio seguinte, para que a autorice.

Os proxectos de animación e promoción territorial poderán seleccionarse pola xunta directiva do GDR a medida que a Agader vaia verificando os informes control de elixibilidade (ICE) correspondentes. Para este fin, unha vez verificados, a xunta directiva do GDR propoñerá ao director xeral da Agader a concesión de axuda de cada un destes expedientes e ata o esgotamento do crédito dispoñible en cada anualidade.

As actuacións referidas á animación executaranse e xustificaranse segundo as regras xerais previstas no Réxime de axudas. Poderá concederse, previa solicitude do GDR, un anticipo de ata o 50% da axuda pública que sexa concedida a cada expediente. O importe do anticipo non poderá ser superior ao orzamento que teña dispoñible, no exercicio corrente, o proxecto subvencionado.

galicia

Décima.- Dotación financeira para a submedida 19.4: "custes correntes e animación e promoción territorial".

1. Como beneficiario da subvención, a dotación financeira prevista e a súa distribución por anualidades dos gastos en custes correntes e animación e promoción territorial contemplada neste convenio é a seguinte:

Anualidade	Gastos en custes correntes e animación
2016	**0**
2017	**198.733,98 €**
2018	**198.733,98 €**
2019	**198.733,98 €**
2020	**198.733,98 €**

2. O gasto público total dedicado aos gastos correntes (19.4.A) e á animación (19.4.B) non poderá superar en ningún caso o 25% do gasto público total en que se incorra no marco da estratexia de desenvolvemento local.

3. Correspóndelle á Agader a autorización anual do orzamento máximo que disporá o GDR para os seus gastos en custes correntes e de animación e promoción territorial.

Décimo primeira.- Difusión da estratexia .

1. Entre as actuacións de animación e de promoción do territorio do GDR, debe realizarse a difusión da estratexia no territorio de actuación. Con esta finalidade o GDR deberá:

a) Manter xuntanzas con colectivos, organizacións, grupos de veciños, profesionais vinculados ao desenvolvemento do territorio (ADL, asistentes sociais, axentes de emprego...) na maior extensión posible, co fin de que a estratexia sexa coñecida pola poboación do territorio e para crear dinámicas de interacción.

b) Crear unha páxina web propia do GDR, tendo en conta as instucións que ao efecto ditará Agader en consoancia co anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da

galicia

Comisión, do 17 de xullo de 2014, mantela actualizada e facilitar a información relevante do GDR á Agader para que esta poida incorporala á súa páxina web.

c) Ter á disposición do público no taboleiro de anuncios da oficina ou oficinas, así como nas páxinas web do GDR e da Agader, información actualizada da estratexia, das axudas dispoñibles no marco desta, normas do GDR para a xestión da estratexia, convocatorias e demais información relevante.

d) Difundir a estratexia no territorio de actuación, as convocatorias e axudas dispoñibles no seu marco e a apertura de prazos de solicitude, de xeito que os coñeza a maior parte da poboación.

e) Difundir de forma periódica, polo menos anualmente, as subvencións concedidas e denegadas con cargo á estratexia.

f) Facilitar aos promotores os modelos dos carteis, placas ou logotipos para publicitar axeitadamente os proxectos subvencionados.

g) Dar a coñecer a sede do GDR mediante placas ou carteis e utilizar os logotipos das administracións financiadoras (Unión Europea-Feader, Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, e a Agader), segundo a normativa aplicable en cada caso, no material impreso que use o GDR e nas actuacións promovidas por este cando requiran cartel. A placa identificativa das oficinas deberá mencionar, cando menos, o nome do GDR, a medida Leader, os logotipos das administracións financiadoras e o lema "*Feader: Europa inviste no rural*".

h) Publicitar o principio de portas abertas dos GDR (libre acceso ao GDR das entidades interesadas).

i) Comprobar o cumprimento por parte dos beneficiarios dos requisitos de publicidade que sexan aplicables para a medida Leader e que están recollidos no anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

As citadas actuacións deben cumprir as regras sobre o uso da bandeira europea e o logotipo de Leader regulamentarios, así como do lema "*Feader: Europa inviste no rural*" segundo o previsto no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº

galicia

1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

2. Para a ordenada realización das tarefas antes sinaladas, o GDR debe concretar e executar o Plan de difusión presentado no marco da estratexia de desenvolvemento local, en coordinación co disposto no plan de comunicación e difusión do PDR.

Décimo segunda.- Réxime dos pagamentos a conta.

O GDR poderá percibir pagamentos a conta e pagamentos anticipados por importe conxunto de ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, respecto dos gastos en custes correntes e dos gastos en animación e promoción territorial. Así mesmo, exímese ao GDR da constitución de garantías nos pagamentos a conta que poida percibir en relación cos citados gastos en custes correntes e en animación e promoción territorial, cando o importe conxunto de pagamentos a conta e de pagamentos anticipados sexa superior aos 18.000 euros.

Décimo terceira. Actuacións do GDR de control e seguimento de proxectos.

O GDR fará as seguintes actuacións relativas ao control administrativo e seguimento dos proxectos:

a) Levantar a acta de non inicio, antes de seleccionar os proxectos, e realizar o seguimento do cumprimento de obrigas en relación aos proxectos subvencionados durante os cinco anos seguintes ao pagamento da axuda, sen que coincida a persoa que levantou a acta de non inicio coa que faga o control posterior ao pagamento. As anteditas funcións realizaranse segundo as exixencias do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e condicionalidade, así como do Plan Galego de Controis Feader.

b) Recibir os estudos e traballos que deban presentar os promotores, así como a documentación xustificativa da execución dos proxectos subvencionados, comprobando que está completa, estampillando as facturas co selo do programa e compulsando as copias destas, e enviala á Agader inmediatamente despois de tela recibido. O GDR realizará estas

galicia

actuacións tendo en conta que a dita xustificación servirá de base para a acreditación polas autoridades nacionais das accións do PDR diante da Comisión Europea.

c) Comunicarlle á Agader, no momento en que as coñeza, as irregularidades que detecte na aplicación da estratexia de desenvolvemento local.

O GDR exercerá as funcións de control administrativo por delegación da Agader.

Décimo cuarta.- Comprobación de actuacións e control financeiro.

O GDR someterase ás actuacións de comprobación que, respecto da colaboración na execución da estratexia de desenvolvemento local e da xestión dos fondos asignados, poida efectuar a Agader, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos, nacionais como comunitarios, para o que achegará canta información lle sexa requirida en relación ao exercicio das funcións que lle corresponden.

O GDR quedará suxeito ás disposicións comunitarias de control establecidas no Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e condicionalidade, así como do Plan Galego de Controis Feader.

Durante os cinco anos seguintes ao último pagamento de gastos vinculados a execución da estratexia de desenvolvemento local, o GDR deberá conservar e, de ser o caso, poñer á disposición dos órganos sinalados anteriormente, a documentación administrativa, os libros de contabilidade e todos os documentos xustificativos referidos aos gastos realizados e á efectividade do pagamento.

O beneficiario terá a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Agader, pola Autoridade de Xestión do PDR, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas e polos organismos comunitarios que correspondan, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

galicia

Décimo quinta .- Obrigas do GDR como encargado do tratamento de datos de carácter persoal.

1. De conformidade co artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e co capítulo III do título II do Regulamento de desenvolvemento da citada lei orgánica (RLOPD), aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o GDR comprométese ao seguinte, en canto encargado do tratamento dos datos de carácter persoal de que dispoña en relación á súa actividade como entidade colaboradora da Agader na xestión da medida Leader de Galicia 2014-2010:

a) Non aplicar nin utilizar tales datos con fins distintos á xestión da estratexia Leader e atender as instrucións da Agader ao respecto.

b) Non comunicar os datos persoais a terceiros, nin sequera para a súa conservación, con excepción das subcontratacións que a Agader lle autorice previamente por escrito.

c) Adoptar as medidas de seguridade técnicas e organizativas, conforme establece o RLOPD, correspondentes aos niveis de seguridade básico e mais medio, por ser este último o nivel previsto para o ficheiro baixo a responsabilidade da Agader *Relacións administrativas coa cidadanía e entidades* que consta no anexo II.3 da Orde do 12 de setembro de 2012 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal da Consellería do Medio Rural (*DOG* nº 184, do 26 de setembro).

d) Comprometerse a restrinxir o acceso aos datos exclusivamente ao persoal que o precise para realizar as súas funcións.

e) Respetar e darlle traslado ao persoal que interveña no tratamento da súa obrigación de segredo profesional nos termos previstos no artigo 10 da LOPD respecto dos datos persoais e o seu deber de gardalos, obrigacións que subsistirán aínda despois de finalizar as relacións do GDR coa Agader.

f) Destruír os datos persoais e os soportes ou documentos que os conteñan, á terminación deste convenio por calquera causa, sen conservar ningunha copia, salvo que se conserven debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa Agader ou cando unha previsión legal esixise a súa conservación.

g) Comprometerse a entregarlle unha declaración escrita á Agader na que conste que o GDR realizou a destrución mencionada no apartado anterior.

galicia

2. Co fin de asegurar a confidencialidade do tratamento de datos obxecto desta cláusula, o GDR garántelle á Agader que todos os seus empregados, así como os traballadores externos, teñen subscrito un compromiso de confidencialidade.

3. O GDR incluirá no documento de seguridade a identificación dos ficheiros afectados por el mesmo en concepto de encargado do tratamento, con referencia expresa ás medidas de seguridade e confidencialidade sinaladas no apartado 1, identificando á Agader como responsable do ficheiro e detallando o período de vixencia deste convenio.

4. Cando os afectados exerciten os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante o GDR, este daralle traslado das solicitudes á Agader co fin de que esta as resolva.

5. No caso de que o GDR destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as regras desta cláusula, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que tivera incorrido, eximindo expresamente á Agader acerca de calquera responsabilidade respecto ao incumprimento, nas actividades obxecto do presente convenio, de todos os deberes e obrigacións impostos pola LOPD e a súa normativa de desenvolvemento.

6. No non previsto nesta cláusula, aplicarase a normativa vixente sobre protección de datos persoais.

Décimo sexta.- Contabilidade do GDR.

O GDR deberá levar un sistema de contabilidade independente, en que consten todas as intervencións que desenvolva respecto dos gastos, compromisos e pagamentos relacionados coa submedida 19.4 do PDR (custes correntes do GDR e animación).

Para os cobramentos e pagamentos referidos á antedita submedida, o GDR utilizará unha única conta bancaria.

Décimo sétima.- Modificación da estratexia de desenvolvemento local.

A modificación da estratexia de desenvolvemento local participativo deberá ser autorizada pola Agader, previa solicitude motivada do GDR.

galicia

Décimo oitava .- Modificación do convenio.

1. Este convenio poderá modificarse, ben por iniciativa propia da Agader ou ben por petición motivada do GDR, mediante a subscrición da correspondente addenda ao presente convenio, logo dos informes e autorizacións preceptivas.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, cando a dotación financeira asignada para a execución da estratexia de desenvolvemento local varíe como consecuencia de modificacións no orzamento programado do PDR de Galicia 2014-2020, da reprogramación solicitada polo GDR e aceptada pola Agader, da non liberación da porcentaxe que sobre os fondos públicos totais asignados á medida Leader de Galicia 2014-2020 se corresponden coa "reserva de rendemento" á que se fai referencia na epígrafe IX das bases reguladoras da selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, do ritmo de execución da citada estratexia, da redistribución de fondos entre estratexias dos GDR, do incumprimento da regra n+3 e doutras obrigas, así como noutros casos similares, a dotación financeira á que se refire este convenio entenderase modificada sen necesidade de tramitación específica.

2. Se a 30 de decembro das anualidades 2018 e seguintes o GDR non ten executados polo menos o 50% dos fondos asignados a esas anualidades, perderá ata un máximo do 25% dos fondos correspondentes á anualidade seguinte. De non existir ese volume de fondos dispoñibles na anualidade seguinte, os fondos serán retirados da anualidade inmediatamente posterior, no caso de que exista para os efectos do programa.

A porcentaxe exacta de fondos que os GDR que non acaden a execución mínima prevista no parágrafo anterior perderán, sitúase en 0,50 puntos porcentuais por cada punto inferior ao citado 50% de execución mínima de cada anualidade.

Décimo novena .- Resolución do convenio.

1. Este convenio poderá rescindirse de mutuo acordo entre as partes.

2. En caso de grave irregularidade do GDR no exercicio das súas funcións, a Agader acordará a resolución do convenio e a perda do GDR da súa condición de entidade colaboradora, que se

galicia

tramitará respectando os principios aplicables no procedemento sancionador. Para estes efectos considéranse irregularidades graves a ausencia ou atraso inxustificado na tramitación de expedientes, a tramitación e/ou selección de proxectos de xeito neglixente ou arbitrario, a non aplicación do principio de portas abertas no acceso ao GDR, a ausencia de difusión da estratexia a través de reunións coa poboación, a non adopción de medidas correctoras ou preventivas sinaladas pola Agader como consecuencia das funcións desta de seguimento do programa, a perda polo GDR das condicións necesarias para ser seleccionado como entidade colaboradora e o incumprimento grave das condicións e obrigas establecidas no presente convenio.

3. A resolución do convenio suporá que o GDR perde a súa condición de entidade colaboradora e que non poderá percibir a axudas vinculadas á medida Leader, sen prexuízo dos supostos nos que proceda o reintegro dos fondos e a imposición de sancións segundo o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

Con carácter previo, poderán adoptarse as medidas cautelares que se estimen oportunas co obxecto de non causar prexuízos de difícil ou imposible reparación.

4. Os proxectos promovidos polo GDR que se estean executando nese momento deben rematarse e xustificarse segundo as regras xerais.

5. En caso de disolución do GDR ou cando este non precise os equipamentos adquiridos con cargo aos fondos da medida Leader, destinaranse estes equipamentos a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento local no territorio do GDR, ou que persegan fins similares.

6. Os restantes incumprimentos das funcións e obrigas do GDR poderán dar lugar á suspensión temporal dos pagamentos pendentes ata que se corrixan as irregularidades cometidas.

galicia

Vixésima.- Transparencia da actividade pública.

